



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 23

Sesión plenaria
9 de febreiro de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGzslm6hgoR4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos legislativos

1.1 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia (doc. núm. 2625, 11/PL-00004)

Publicación do ditame da comisión, BOPG nº 87, do 02.02.2021

Publicación de emendas e votos particulares BOPG nº 87, do 02.02.2021

1.2 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia (doc. núm. 2795, 11/PL-000006)

Publicación do ditame da comisión, BOPG nº 87, do 02.02.2021

Publicación de emendas e votos particulares BOPG nº 87, do 02.02.2021

Punto 2. Comparecencia

9547 (11/CPP-000038)

Do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento e actuacións fronte á covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 88, do 03.02.2021

Punto 3 . Mocións

3.1 9322 (11/MOC-000022)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre o impulso polo Goberno galego dun novo modelo de coidados de longa duración que aborde a atención á dependencia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 7388, publicada no BOPG nº 73, do 11.01.2021, e debatida na sesión plenaria do 26.01.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 88, do 03.02.2021

3.2 9364 (11/MOC-000023)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa campaña de vacinación para a covid-19. (Moción consecuencia da Interpelación nº 7367, publicada no BOPG nº 73, do 11.01.2021, e debatida na sesión plenaria do 26.01.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 88, do 03.02.2021



3.3 9367 (11/MOC-000024)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel**

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co impacto da covid-19 no sector da hostalaría. (Moción consecuencia da Interpelación nº 4718, publicada no BOPG nº 44, do 11.11.2020, e debatida na sesión plenaria do 26.01.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 88, do 03.02.2021

Punto 4. Propositions non de lei**4.1 2612 (11/PNP-000260)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e sete deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e aos grupos parlamentarios con representación nas Cortes Xerais en relación coa supresión ou modificación do artigo 18 do Proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética, así como para acadar un consenso para que esta modificación ou calquera outra que se faga no futuro na Lei de costas se leve a cabo logo dun estudo e dun diálogo co complexo mar-industria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 07.10.2020

4.2 4035 (11/PNP-000449)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a presentación polo Goberno galego, antes do remate do segundo período de sesións de 2020, dun plan de actuación e reactivación cultural para o ano 2021

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

4.3 7754 (11/PNP-000819)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis**

Sobre a situación da pesca galega logo do acordo entre a UE e o Reino Unido en relación co *Brexit*

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021

4.4 8793 (11/PNP-000883)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en colaboración co Goberno do Estado tendentes a lograr que a empresa Gamesa-Siemens manteña a actividade da planta das Somozas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 83, do 27.01.2021



4.5 8808 (11/PNP-000885)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e dous deputados/as máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que utilice os mecanismos necesarios tendentes a desenvolver un plan de industrialización de Ferrolterra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 83, do 27.01.2021

4.6 8937 (11/PNP-000897)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa vacinación fronte á covid-19 das traballadoras e persoas usuarias do servizo de axuda no fogar, así como nos centros de día e de discapacidade.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 83, do 27.01.2021

Punto 5. Interpelacións**5.1 6176 (11/INT-000415)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e tres deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento local

Publicación da iniciativa, BOPG nº 63, do 16.12.2020

5.2 7888 (11/INT-000493)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre as recomendacións de medidas máis restritivas da mobilidade e de reunión nas datas das festas de Nadal e os criterios que fundamentaron as decisións finais que tomou o Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021

5.3 8569 (11/INT-000518)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa nova onda de contaxios de covid-19 e a estratexia de vacinación.

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 83, do 27.01.2021

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 9572 (11/POPX-000017)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para frear os efectos da terceira onda de covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 88, do 03.02.2021



6.2 9573 (11/POPX-000018)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa defensa dos intereses de Galicia na distribución dos Fondos *Next Generation*

Publicación da iniciativa, BOPG nº 88, do 03.02.2021

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 6945 (11/POP-000825)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre a necesaria recuperación do diálogo social coa Unidade de Policía Adscrita

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 11.01.2021

7.2 7220 (11/POP-000885)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonzo, Ramón**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da situación das Pontes en relación co peche da central térmica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 11.01.2021

7.3 8452 (11/POP-001148)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do incremento da partida orzamentaria destinada ao sector do comercio para o ano 2021 para garantir a súa liquidez

Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 28.01.2021

7.4 8078 (11/POP-001220)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego sobre as subidas, dende o 1 de xaneiro deste ano, nas peaxes da AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021

7.5 8104 (11/POP-001118)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre os intereses que poden mover o Goberno da Xunta a obviar o mantemento do tecido socioeconómico do concello de Folgoso do Courel ao convocar un concurso de transporte escolar que unifica as rutas en lotes que non responden ás necesidades do concello

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 79, do 20.01.2021



7.6 7475 (11/POP-001183)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis**

Sobre o plan de ensino virtual para blindar o ensino no caso de confinamento parcial ou total dunha aula ou dun centro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 13.01.2021

7.7 9344 (11/PUP-000147)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís**

Sobre a vacinación supostamente irregular contra a covid-19 da alcaldesa de Boimorto na residencia de maiores dese municipio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 88, do 3.02.2021

7.8 9362 (11/PUP-000148)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e 8 deputados/as máis**

Sobre os vindeiros pasos previstos respecto das actuacións anunciadas no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 88, do 3.02.2021

7.9 9570 (11/PUP-000153)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación coas informacións referidas a supostas irregularidades no proceso de vacinación contra a covid-19

5Publicación da iniciativa, BOPG nº 88, do 3.02.2021



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e nove minutos da mañá.

O señor presidente comunica as ausencias de dona Monserrat Prado Cores (BNG) e de dona Ana Belén Pontón Mondelo (BNG), así como as súas respectivas delegacións de voto. (Páx. 11.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 11.)

Presentación do ditame: Sra. presidenta da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos (Pomar Tojo). (Páx. 11.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sra. Castro Rey (S) (Páx. 12.), Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 16.) e Sra. Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 21.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sra. Castro Rey (S) (Páx. 26.), Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 28.) e Sra. Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 30.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 32.)

Presentación do ditame: Sra. presidenta da Comisión 4ª, Educación e Cultura (Egerique Mosquera). (Páx. 32.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sra. Díaz Varela (S) (Páx. 33.), Sra. Queixas Zas (BNG) (Páx. 38.) e Sr. Ferro Iglesias (P). (Páx. 42.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sra. Díaz Varela (S) (Páx. 45.), Sra. Queixas Zas (BNG) (Páx. 47.) e Sr. Ferro Iglesias (P). (Páx. 49.)

Votación dos textos lexislativos

Votación conxunta das emendas mantidas polo G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Ser-



vizos, sobre o Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 50.)

Votación conxunta das emendas mantidas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 51.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia: *aprobado por 40 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 51.)

Votación conxunta das emendas mantidas polo G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 51.)

Votación conxunta das emendas mantidas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 52.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia: *aprobado por 40 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 52.)

Declaración institucional con motivo da celebración do Día Mundial contra o Cancro

O señor presidente le unha declaración institucional, por proposta dos grupos parlamentarios, sobre a celebración do Día Mundial contra o Cancro, que se aproba por asentimento. (Páx. 52.)

Comparecencia do Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento e actuacións fronte á covid-19. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 53.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Francisco Rivera (S)* (Páx. 60.), *Sr. Fernández Alfonso (BNG)* (Páx. 63.) e *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 66.)

Réplica do Goberno: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 69.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 74.) Nesta rolda interveñen o señor Francisco Rivera (S) (Páx. 74.), o señor Fernández Alfonso (BNG) (Páx. 76.),



o señor Tellado Filgueira (P) (Páx. 77.) e o señor vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 79.)

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta minutos da tarde e retómase ás catro.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre o impulso polo Goberno galego dun novo modelo de coidados de longa duración que aborde a atención á dependencia. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 82.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 82.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Ortega Otero (S). (Páx. 85.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 89.)

A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 93.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa campaña de vacinación para a covid-19. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 95.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 95.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P). (Páx. 99.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Carreira Pazos (BNG). (Páx. 102.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 104.)

Moción do G. P. Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Pérez López, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co impacto da covid-19 no sector da hostalaría. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 106.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Pérez López (BNG). (Páx. 108.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra Murillo Solís (P). (Páx. 111.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Francisco Rivera (S). (Páx. 115.)

O señor Pérez López (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 118.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre o impulso polo Goberno galego dun novo



modelo de coidados de longa duración que aborde a atención á dependencia: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 120.)

A señora Murillo Solís (P) solicita a votación por puntos da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quinteal (S). (Páx. 120.) O señor Torrado Quintela (S) non acepta a votación por puntos. (Pax. 120.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa campaña de vacinación para a covid-19: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 120.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Pérez López, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co impacto da covid-19 no sector da hostalaría: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 121.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e aos grupos parlamentarios con representación nas Cortes Xerais en relación coa supresión ou modificación do artigo 18 do Proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética, así como para acadar un consenso para que esta modificación ou calquera outra que se faga no futuro na Lei de costas se leve a cabo logo dun estudo e dun diálogo co complexo mar-industria. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 122.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 125.) e *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 128.)

Nova intervención da señora Egerique Mosquera (P). (Páx. 131.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre a presentación polo Goberno galego, antes do remate do segundo período de sesións de 2020, dun plan de actuación e reactivación cultural para o ano 2021. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 133.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Díaz Varela (S).* (Páx. 134.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 137.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rodeiro Tato. (P).* (Páx. 140.)

A señora Díaz Varela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 143.)

Suspéndese a sesión ás sete e trinta minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e nove minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificaron inasistencia e delegaron voto dona María Montserrat Prado Cores, que delega na deputada dona Ana Belén Pontón Mondelo, e don Rubén Lorenzo Gómez, que delega en don Pedro Puy Fraga.

A Mesa autorizou estas delegacións.

E, sen máis, entramos na orde do día. O punto primeiro son os textos legislativos.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia

O señor PRESIDENTE: Mantéñense emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do ditame ten a palabra a presidenta da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, dona Carmen María Pomar Tojo.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS (Pomar Tojo): Bo día, señorías.

O Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia tivo entrada no Rexistro do Parlamento con data 29 de setembro de 2020, e a súa admisión a trámite efectivizouse pola Mesa do Parlamento na reunión do 5 de outubro, procedendo á apertura do prazo de presentación de emendas, que rematou os días 24 de outubro e 11 de novembro de 2020 para as emendas á totalidade e ao articulado respectivamente.

Concretamente, as emendas á totalidade de devolución, presentadas polos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia rexeitáronse na sesión plenaria do 9 de decembro de 2020. Pola súa parte, as emendas ao articulado presentadas e admitidas a trámite foron un total de 169: 112 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 48 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e 9 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do 18 de decembro de 2020, designou a Ponencia encargada de elaborar o informe que se constituíu nesa mesma data e nas tres reunións seguintes, as ponentes e o ponente titulares:



dona Marta Nóvoa Iglesias, polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia; don Luís Bará Torres, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e dona Paloma Castro Rei, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Elaboraron o informe coas recomendacións definitivas, que emitiron con data de 20 de xaneiro de 2021.

Posteriormente, a Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do 28 de xaneiro, aprobou o ditame que se somete a debate e votación nesta sesión plenaria e cuxo texto consta de exposición de motivos, seguida dun total de 94 artigos, divididos en nove títulos, relativos ás disposicións e aos principios xerais, aos instrumentos da política de residuos, á súa produción, posesión e xestión, á xestión de residuos domésticos comerciais e industriais; á responsabilidade ampliada do suxeito produtor, á expropiación e regulación dos solos contaminados, ao fomento, promoción e difusión, así como á vixilancia, inspección, control e potestade sancionadora. E, por último, a súa parte final, integrada por catro disposicións adicionais, catro transitorias, unha derogatoria e dúas derradeiras.

Cómpre, pois, rematar hoxe a tramitación deste procedemento lexislativo coa aprobación, se é o caso, do Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pomar.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Eu inicio esta comparecencia de forma similar a como o fixen o outro día no debate na comisión, antes de entrar a valorar as nosas emendas e fixar a nosa posición respecto do ditame.

Quero agradecer ao resto dos grupos o voto durante toda a tramitación, que penso que debe ser fundamental nun debate político.

Esta é a miña participación no proxecto de lei, e asúmoos cunha gran responsabilidade, coa vontade de poder ter participado e aportar as mellores propostas nunha regulación que atinxe a unha materia tan importante como é a xestión de residuos, polo impacto que ten, tanto a nivel económico, ambiental e tamén na saúde humana. Pero lamento que esta boa sintonía non fora acompañada de debate, de achegamento de posturas ou incluso de aspectos como a participación de expertos vinculados ao sector.



En relación coa actuación que tivemos dende o Grupo Parlamentario Socialista, o noso grupo parlamentario presentou inicialmente unha emenda á totalidade deste proxecto de lei por entender que había temas cruciais e básicos que non se contemplaban e outros que deberían ter unha regulación diferente, co fin de poder acadar unha lei que regulase unha xestión de residuos con responsabilidade, e refírome, sobre todo, á responsabilidade ambiental. Porque non podemos esquecer que nos aencontramos nun contexto no que a produción de residuos se atopa nun continuo aumento e que a actividade económica vinculada aos residuos alcanza cada vez máis importancia, tanto pola súa envergadura como pola súa repercusión directa no noso modelo económico. Durante a tramitación desta lei, o bo ton por parte da Ponencia ao que me refería ao inicio quedou só nisto, nun bo ton. Foi unha pena porque, ao final, houbo unha ausencia total de participación, tanto co resto dos grupos como cos sectores implicados. Dende o grupo propoñente limitáronse a remitirnos un documento coas emendas aceptadas ou transaccionadas, que, no caso do meu grupo, foi algo simbólico, xa que só foron 15 de 112 emendas que presentamos aos 94 artigos desta lei. E, ademais, as poucas que foron aceptadas ou transaccionadas, refírense a aspectos moi puntuais e que en ningún momento mudaron ou adaptaron o espírito deste texto normativo cara ao que nós pretendíamos.

Entendo que se perdeu, polo tanto, unha grande oportunidade para mellorar a xestión dos residuos e clarificar as competencias e responsabilidades, e de facelo en coherencia coas estratexias contra o cambio climático, cunha próxima regulación estatal que está iniciada xa no Congreso e coa actual normativa europea.

Señoras e señores do Partido Popular, con esta lei Galicia queda atrás. Xa dixen en comisión, e insisto, que as posturas en relación co modelo de xestión non teñen que ser brancas ou negras. Nós temos unha postura inicial diferente ao modelo que existe neste momento en Galicia, o modelo de xestión centralizada, imperante na actualidade e que segue a manter esta nova lei, pero poderíamos ter optado por un modelo intermedio.

Por tanto, a aceptación por parte do Partido Popular, do Grupo Popular, das emendas en relación con isto, con este modelo de xestión que formulamos —sería un achegamento de posturas arredor disto, e aínda que non fora coa vontade de acadalo nun primeiro momento, senón de poder acadar un modelo máis descentralizado de forma progresiva—, abriría a posibilidade dun cambio da nosa postura en relación con esta lei, da postura que temos hoxe. Pero non foi así, porque o Partido Popular non tivo nin o máis mínimo interese en achegar posturas, e, entón, señores e señoras do PP, con esta tramitación o que se perdeu foi unha gran oportunidade; unha gran oportunidade para que entre todos e coas nosas aportacións sumásemos e fixésemos un mellor texto resultado do diálogo e da participación.

Por outra banda, como xa manifestei noutras intervencións, entendemos que esta lei era moi necesaria, pero chega tarde. Temos que poñernos ao carón doutras comunidades autónomas, como pode ser o País Vasco, Baleares, Cataluña ou Madrid, e coa normativa europea, pero imos tarde —aínda que máis vale tarde ca nunca—. Deberíamos ter tido en conta aspectos destas outras regulacións autonómicas xa aprobadas e en vigor durante o tempo de tramitación desta lei, porque vos lembro que esta lei leva enriba da mesa dende principios de 2018, e tamén ter aproveitado estas experiencias autonómicas, para, nestes tres anos de tramitación, melloralas, xa que todos sabemos que en materia medioambiental a normativa



europaea é moi dinámica e está suxeita a sucesivos cambios e aumentos de exixencias, e o aspecto relativo a residuos non é unha excepción a isto.

O primeiro obxectivo que tiña que ter esta lei tiña que ser reducir ao mínimo os efectos negativos da xeración de residuos, tanto na saúde humana como no medio ambiente, pero tamén, en consonancia cos principios que rexen a economía circular, tiña que ser unha aposta estratéxica e decidida do Goberno da Xunta por facer un uso eficiente dos recursos e unha boa coordinación co resto das entidades públicas —e refírome aos concellos e ás catro deputacións—, así como buscar e impulsar a implicación e o compromiso do conxunto dos axentes económicos e sociais, e fundamentalmente tamén a implicación da cidadanía. E isto non o vemos reflectido nesta lei.

A estas alturas tampouco podemos entender como esta normativa deixa á marxe da xestión de residuos, como xa insistín noutras intervencións, a xestión do uso do plástico. O plástico é unha materia moi presente na nosa vida, e ten efectos beneficiosos, como poden ser efectos a nivel de facilidade de transporte ou de conservación de alimentos, pero tamén presenta uns graves problemas en relación co medio ambiente, debido a que é un material que se fragmenta en moitas partículas e que, ademais, se degrada moi lentamente.

A directiva europea do ano 2019, que é a Directiva marco, marcou unha clara estratexia para avanzar contra o sector do plástico e para avanzar cara a un sector do plástico máis circular e poder loitar sobre todo contra a contaminación mariña derivada destes plásticos.

Polo tanto, non entendemos como non se pode incluír a regulación europea en relación co plástico no articulado desta lei, sobre todo tratándose de Galicia, un lugar onde temos unha riqueza mariña e onde este problema nos afecta moitísimo máis. *(Aplausos.)*

En relación coas entidades locais, esta lei tamén debería exixir unha meirande coordinación interadministrativa, regular os mecanismos para acadar un financiamento suficiente e posibilitar aos concellos a participacións nos plans autonómicos, porque hai que ter en conta as especialidades de cada un dos territorios e hai que incrementar tamén, por outra banda, o nivel de exixencia cara aos concellos e cara á súa xestión.

En relación coa ausencia de implicación dos concellos e da cidadanía, non só o dicimos nós, os socialistas, senón que o ditame do Consello Económico e Social que acompañaba este anteproxecto de lei criticaba isto nas súas consideracións xerais. Criticaba, por un lado, a falla de medidas reais para a adecuación e formación medioambiental, a falla de coordinación con outras comunidades autónomas, ou o financiamento insuficiente aos concellos. Tamén criticaba a pouca ambición nas obrigas da Administración para garantir o acceso á información, e tamén criticaba que non se facilitase a participación, como dicía ao inicio, dos concellos nesta xestión.

Entendemos que tamén falta nesta lei incidir en aspectos como na necesidade de facer partícipe a cidadanía neste labor, mediante a creación de campañas de sensibilización para a súa integración, programas para a protección do medio mariño, ou en materia de augas. Tamén falta poñer á disposición da cidadanía información sobre a prevención na xeración



de residuos, a súa separación axeitada en orixe, ou a posible reutilización e reciclaxe; ou campañas que promovan a participación activa en accións de redución da produción de residuos, de información sobre o seu perigo, de formación de accións de preparación para a reutilización, ou sobre a implementación da recollida selectiva. E todo isto, ademais, cunha Xunta coma esta, que, co que gasta en publicidade, penso que non lle sería difícil. Non entendemos que non apareza nesta lei.

Por outra banda, como xa dixen ao principio da miña intervención, un dos principais motivos de contraposición e da nosa posición en contra desta lei é o modelo de xestión. Temos un modelo de xestión diferente ao modelo de concentración actual, o modelo Sogama, que segue a manter esta lei. Nós apostamos por un modelo máis de suficiencia e proximidade, sen prexuízo, claro, da xerarquía de xestión que debe prevalecer. Pero consideramos máis axeitada a agrupación dun ámbito territorial determinado para acadar unha mellor economía de escala, apostando por instalacións máis pequenas e de ámbito comarcal ou provincial, segundo o territorio, e distribuídas ao redor do noso país, que, por outra banda, tamén entendemos que contribuirían a xerar emprego nos diferentes territorios, e apostaríamos por unha rede de valorización de residuos en instalacións, como dicía, máis pequenas.

No caso de que isto non sexa posible, á parte dos residuos que non se poidan valorizar ou da fracción resto, esta si que debería ser trasladada a unha instalación máis centralizada, que utilice tecnoloxías en medios idóneos, para así asegurar un elevado nivel de protección da saúde pública e do medio ambiente.

E sempre, por suposto, rexeitando a incineración, polo impacto ambiental que esta produce. Defendemos esta descentralización, porque, ademais de que entendemos que debe de ser medioambientalmente máis sostible, tamén aforra os custos de transporte e xera emprego nos diferentes territorios.

Por outra banda, é fundamental tamén —entendemos—, para unha eficaz política de xestión de residuos, unha regulación que faga fincapé en medidas de prevención, mediante a inclusión de obxectivos concretos e cuantificables. En relación con isto, cremos que a lei é pouco ambiciosa, se a comparamos xa non só coa Directiva europea marco, senón tamén con outras regulacións autonómicas. Esta prevención ten que ir enfocada tanto aos produtores, como ao terceiro sector, como á cidadanía, e a normativa ten que regular a promoción de modelos de produción e consumo sostibles.

Falla a aposta por investimentos en I+D, co fin de acadar melloras técnicas que produzan o deseño de produtos que sexan eficientes e duradeiros en termos de vida útil, e unha redución dos residuos de carácter industrial na extracción de minerais ou na construción.

Ten que facerse un especial fincapé na redución de envases, fomentando o uso de fontes de augas potables, de envases reutilizables, especialmente en sectores como son o da hostalería ou o da restauración.

Insisto tamén novamente —como xa o fixen noutras intervencións— na necesidade de regular unha fiscalidade ambiental —e así o fixemos ver nas nosas emendas— mediante o



establecemento de figuras impositivas; figuras impositivas utilizadas como instrumento económico complementario, para coaxudar á protección e defensa do medio ambiente. Sabemos que poden non ser politicamente rendibles nun inicio, pero son efectivas de cara a estimular e incentivar comportamentos máis respectuosos co contorno natural.

Ademais, entendemos que estas figuras impositivas deben de ir complementadas con outras, como subvencións ou exencións fiscais para empresas que cumpran determinados obxectivos medioambientais, e sempre baixo o principio de transparencia, como insistimos nas nosas emendas.

E xa por último quería incluír na miña intervención un aspecto que non creo que debemos deixar atrás desta regulación, que é a nova circunstancia na que nos atopamos, a nova circunstancial social e sanitaria na que nos atopamos, e refírome á pandemia da covid-19, que, aínda que todos esperamos que sexa unha situación temporal, temos que ter previsto a posibilidade de futuras situacións análogas, e tamén a prevención. A loita contra esta pandemia todos sabemos que provocou un aumento de determinado tipo de residuos, en concreto, refírome a plásticos dun só uso, como as luvas, os cobrebocas, as pantallas de protección, e non me refiro ao uso sanitario destes, porque o uso sanitario sabemos todos que ten unha regulación específica, senón que me refiro a que estes produtos pasaron a formar parte das nosas vidas e, polo tanto, convertéronse en residuos ordinarios. A demanda destes produtos todos sabemos que se multiplicou, e isto supón un grave problema de contaminación porque, ademais, moitos deles non son reciclables. Creo que se non regulamos de forma eficiente a xestión destes novos residuos a consecuencia para o medio ambiente pode ser devastadora.

E conclúo con que a nosa vontade dende o inicio foi contribuír a mellorar este proxecto de lei, adaptalo aos tempos e facelo máis ambicioso cara a acadar o obxectivo principal, que ten que ser a defensa do noso medio ambiente.

E máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Grazas, presidente.

Temos que comezar dicindo que non imos apoiar esta lei, e non a imos apoiar porque non é unha lei de residuos de Galiza, é a lei de residuos do Partido Popular, e porque, ademais, como xa lle dixemos no anterior debate, é unha lei do Pleistoceno, é unha lei desfasada, obsoleta, anticuada, do pasado, que non ten en conta a nova realidade na que estamos e todos os cambios que houbo nos últimos tempos.



O BNG ten diferenzas realmente de fondo con respecto a este texto, pero tamén queremos facer constar as cuestións de forma, porque as formas en política son importantes, e a verdade é que vostedes non as coidaron nada na tramitación desta lei. Realmente, non fixeron ningún esforzo por chegar a ningún acordo, e isto, de verdade, lamentámolo profundamente, porque vostedes practican o asoballamento do Parlamento, e comprobámolo unha e outra vez na tramitación das leis. Vostedes cada vez tenden máis a eliminar a separación de poderes entre o executivo e o lexislativo, e pásanlle por riba ao Parlamento os procedementos de tramitación, de debate e de discusión de mellora das leis que ten establecidos o Parlamento, e a nós isto parécenos profundamente lamentable.

En primeiro lugar, vostedes violentan e vetan os procedementos parlamentarios para o debate das leis. Xa llelo dixemos en moitas ocasións e volvemos repetírllelo nesta. Fixemos unha proposta acollida ao Regulamento para facer un debate na comisión coa audiencia e coa comparecencia de ata 12 persoas representativas de distintas institucións e sectores, empezando polo propio Goberno, por Sogama e pola dirección xeral, e vostedes vetárono. ¿E que problema había en que 12 persoas comparecesen no Parlamento para falar desta lei, para falar da política de residuos? O problema é que vostedes lle teñen alerxia á participación, vostedes vetan a participación, (*Aplausos.*) o debate, o diálogo, o contraste de ideas. ¡Téñenlle medo a iso! ¿Por que lle teñen medo? Vostedes mesmo ignoran e desprezan as achegas razoables —noutros non, pero neste caso eran achegas razoables de «Lexisla con nós»—. ¡É que as tiran literalmente á papeleira! É un desprezo ás persoas que de boa fe queren facer achegas. Nin se molestan en tratalas, en discutilas, en debatelas na Ponencia. E amosan unha absoluta falta de flexibilidade e unha preocupante falta de diálogo.

Miren, dixémosllelo por activa, por pasiva e por perifrástica: sería bo que houberse un mínimo acordo social, institucional e político sobre a cuestión dos residuos en Galiza. Pero non o pode haber porque vostedes vetan ese debate e esa posibilidade de acordo mínimo. E, miren, un acordo mínimo nin sequera sería que nós lle votásemos a favor desta lei, porque posiblemente habería diferenzas importantes de fondo, pero si sería, polo menos, que nos abstivésemos, e non vai ser posible que nos absteñamos porque vostedes non fixeron o mínimo esforzo para que chegásemos a esa posición. Vostedes o que fan é utilizar a maioría absoluta para imponer. Para vostedes é unha cuestión puramente aritmética, e isto non vai de aritmética, non vai de números, non vai de matemática; vai de democrática. Vostedes utilizan esa maioría absoluta para vencer e non para convencer, porque hai moitísimos sectores da sociedade galega que non nos convencen coas súas solucións. Porque, ademais, son solucións fracasadas, son solucións que se están poñendo en cuestión por todas as institucións e as directivas europeas. E vostedes seguen erre que erre, jerre que erre! Os seus erros son erre que erre en queimar e en incinerar, na solución Sogama, que nos dá os datos que xa coñecemos, que nos sitúan á cola do Estado e de Europa. Pero, ademais, estes datos non son do BNG, son datos oficiais. ¿E saben en que posición estamos no Estado en canto aos obxectivos marcados pola Unión Europea para o 2020 do 50 % da reciclaxe? Estamos de pechancelas, para baixar á segunda división; (*O señor Bará Torres mostra unha gráfica.*) estamos nos últimos postos, só mellor que Ceuta e Melilla. ¿Pero a vostedes parécelles que isto é algo para presumir, para vir aquí presumir? Galiza está á cola e hai comunidades que están na *Champions*, que andan por riba do 40 % ou do 50 % dos obxectivos marcados pola Unión Europea. Están aquí, (*O señor Bará Torres mostra novamente a gráfica.*) son as estatísticas do



Miteco; non inventamos nada. Está aquí neste gráfico: Cataluña, Comunidade Valenciana ou a Comunidade de Navarra están nas mellores posicións, xogando na *Champions*; e nós estamos na cola.

Nós non podemos, polo tanto, darlle o visto bo, os parabéns e a aprobación a este modelo, porque é un modelo fracasado. Aquí están os datos, que non menten; as cifras, que non menten; e isto non nolo poden rebater, porque é dato oficial.

Mire, aínda lle digo máis. Os datos de Galiza están mellorados —porque, se fose por Sogama, aínda estaríamos peor— polos datos de Lousame, que tampouco é ningún modelo perfecto, porque nós tampouco estamos por ese modelo, que hai que perfeccionar, pero mellora os datos da Comunidade Autónoma de Galiza. Si, señora conselleira, non lle dea á cara porque alguén ten moita cara aquí, ¡moito morro!; por exemplo, o morro de, no día de onte, na véspera do debate desta lei, convocar a Fegamp —ou, mellor dito, a presidenta da Fegamp— para meter no debate o tema dos impostos, das taxas, da fiscalidade dos residuos. ¡Pero se iso o marca a Unión Europea! ¡Que hai que poñer unha fiscalidade á incineración e á vertedura dos residuos! ¡Que si! ¡Que o marca a Unión Europea! ¡Que o teño aquí, e pódollo ler na Directiva sobre residuos e na Directiva sobre economía circular! Di que a solución da incineración e do depósito en vertedoiro ten que ser a última solución e que hai que buscar medidas fiscais para desincentivala. ¡É que é unha directiva europea, e vostedes non se queren enterar! É que a vostedes temos que europeizalos en materia de residuos porque vostedes están no Pleistoceno. (*Aplausos.*) ¡É increíble que o BNG, que vostedes o culpan de ser antieuropeo, teña que darlles aquí leccións de europeísmo! (*Murmurios.*) Si, si, é que é tal cal.

Pero, mire, non é só que llo diga a Unión Europea, quen llo vai dicir agora é a lei estatal, aplicando a directiva europea: que hai que poñer imposición, e iso bota por baixo o modelo de Sogama, da incineración. Porque para vostedes agora, ¿cal é a perversidade? ¿É dicir: ¡ah!, que nos van poñer un imposto e, entón, vai ser máis caro o tratamento do lixo? ¡Pero terán cara! O problema é que o imposto é a incineración. Se deixamos de incinerar, non pagamos os impostos e, polo tanto, temos un sistema mellor, que xa existe. (*Aplausos.*) Esa é a realidade.

Pero, dígolle máis —para que vexan todas as súas incoherencias— (*O señor Bará Torres amosa outro documento.*), é que vostedes, na Estratexia de economía circular, puxeron iso mesmo, que había que facer un estudo para poñer unha imposición á incineración e ao depósito en vertedoiro. ¡Puxérono vostedes e dixeron que ían facer un estudo en 2020! ¿E onde está ese estudo, señora conselleira e señores do Partido Popular? ¿Onde está? Puxérono vostedes na súa propia estratexia, que nin sequera cumpren a súa propia estratexia; non cumpren o seu propio plan de residuos, que falaba de que había que facer en Galiza 12 plantas de tratamento para compostaxe. Vostedes fixeron unha, pero, se quere, cóntolle un día —hoxe non teño tempo— canto lixo se leva a alí, á parte do que leva Carballo. Está pensada para 15.000 toneladas, e no ano non se van levar alí máis que..., non chega a 1.000, porque a maior parte dos concellos non o están levando. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non é culpa nosa. A culpa é de non ter un modelo, de implicar a todo o mundo, de falar con todo o mundo, porque hai modelos de *Champions* en Galiza —xa llo dixen da outra vez—, hai en Galiza concellos que teñen políticas de *Champions*, como, por exemplo, o modelo Revitaliza



da Deputación de Pontevedra, como, por exemplo, Allariz RE. Por certo, Allariz RE fíxose con moi poucos recursos. É un concello pequeno —falaron dos concellos pequenos—, e é un exemplo; eu fun alí velo. Invítoa a que vaia alí velo porque realmente se lle abrirían os ollos do que se pode facer con poucos recursos e con moita convicción, (*Aplausos.*) con moito compromiso con este país. (*Aplausos.*)

E fíxese se son un modelo, se son de *Champions*, que hai unha organización, unha consultora en Europa, que se chama Zero Waste, que é a consultora da Unión Europea en materia de residuos, que dixo que a política que fai Revitaliza é a superpolítica europea en materia de residuos e que acabará sendo implantada en toda Europa. Están vindo aquí de todo o mundo a ver ese modelo. E agora, por fin, grazas ao debate que tivemos aquí, polo menos xa se dignaron a atender as súas chamadas, a falar con eles e a sentar con eles —que houbo reunións que creo que serán positivas—, e seguro que algo se aprende sobre estas cuestións. En fin, que nin sequera cumpren o que teñen posto nos seus propios documentos.

Ademais, xa lle dixen da outra vez que en Revitaliza, nos concellos máis avanzados, andan por riba do 40 % —Allariz tamén está nesas cifras—, cando o obxectivo da Unión Europea para o 2020 era o 50 %, e son os que van mellor en Galiza. Na provincia de Pontevedra hai concellos do Partido Popular na fase 1. Non é unha cuestión de concellos do BNG, de concellos do PSOE ou de concellos do Partido Popular; hai, na fase 1, na fase máis avanzada de Revitaliza —concellos como As Neves, como O Grove, como Mondariz, como Mondariz Balneario, e agora tamén está Valga—, unha determinación de estar tamén nesas primeiras posicións. É dicir, que hai concellos do Partido Popular que aplican tamén esta cuestión da racionalidade, do sentido común, das solucións de toda a vida, de tratar os residuos, canto máis cerca, mellor, porque ese é o principio fundamental da xestión dos residuos. Dúas cuestións: autosuficiencia e proximidade, que ademais iso tamén o puxeron vostedes nas Directrices de ordenación do territorio, que había que ter un modelo baseado na descentralización, na autosuficiencia, na proximidade; canto máis cerca, mellor. Polo tanto, esta é a realidade.

Non teñen tampouco vostedes —falei sobre todo do tema dos biorresiduos— ningunha estratexia sobre os plásticos, que é outro dos grandes problemas —se non é o máis importante— que temos neste momento, e non hai neste país ningunha estratexia ao respecto. E, ademais, vostedes blindaron na lei un sistema, que é o de Ecoembes, que vai en contra de todos os criterios de boa xestión en materia de reciclaxe, porque teñen aproximadamente un 30 % de recuperación de envases lixeiros. E é un auténtico monopolio, con comportamentos podemos dicir que bordan o mafioso. Vostedes saben perfectamente quen está, quen forma parte de Ecoembes, que son todas as multinacionais e as grandes produtoras de residuos, e que cobran por envases e por fabricación de envases, non por reciclaxe de envases; polo tanto, é un procedemento perverso. Xestionan máis de 500 millóns de euros e os seus resultados son dun 30 % de recuperación deses materiais, cando os sistemas de depósito, de devolución e retorno, están instalados na maior parte dos países europeos, que teñen cifras de recuperación de máis do 80 %.

Nós iso puxémolo nunha emenda e vostedes aceptaron parcialmente esa emenda, pero despois tiveron un trasacordo e dixéronnos que non a aceptaban. Entón, a nós só se nos ocorre unha razón para iso, e é que a vostedes os chamaron por teléfono de Ecoembes e lles dixeron:



oe, isto non pode ser, ¿como ides poñer algo que vai en contra dos nosos intereses? (Aplausos.) E botáronse a atrás en algo que xa nos aceptaran. (Aplausos.) ¡É así, tal cal! ¡Pasou así! «Así se lo hemos contado. Así fue y así se lo hemos contado», como dicía o locutor. (Aplausos.)

Ben, poderíamos falar dos residuos industriais, poderíamos falar dos lodos das depuradoras, que non aparecen por ningún lado, e que é outro grave problema; ademais, que se poden tratar in situ tamén, que se poden tratar para xerar enerxía e para xerar compost, e non ese desastre que é —que xa lle dei os datos— Sogama, que trata máis de 800.000 toneladas de lixo e máis do 60 % se van queimar, e o resto, a maior parte, van a un depósito de vertedoiro. Só se recicla o 11 %. Esa é a realidade.

En fin, que tampouco fala a lei nin trata o tema dos residuos de construción e demolición. Isto é un pequeno resumo de todos os grandes problemas que ten.

E, miren, o noso modelo —despois na seguinte intervención falareilles de propostas que serían a base do que o BNG propón para ter un grande acordo de país—, como o Revitaliza, baséase en tres grandes principios, en tres regras de ouro: a primeira, é que o mellor residuo é o que non se produce; polo tanto, o maior esforzo hai que facelo en prevención, non na xestión dos residuos. Segundo, en caso de producirse, o mellor residuo é o que non se chega a recoller porque se trata in situ; loxicamente, aí entra tamén a compostaxe comunitaria, que é a grande aposta, o gran descubrimento do Revitaliza, á parte da compostaxe domiciliaria. E a terceira regra de ouro é que, en caso de recollerse, o mellor residuo é o que non se ten que transportar, loxicamente, porque iso tamén ten un custo elevadísimo, que é unha das grandes cargas do seu modelo.

Polo tanto, esta é unha lei —e remato xa— que nace vella antes de nacer porque van ter que cambiala moi pronto, cando se aprobe a nova lei estatal. Por certo, unha lei estatal que xa tardou demasiado, que está nun trámite aínda moi inicial, non está aínda no trámite do debate parlamentario. Desde o 2018 tiveron tempo de ter unha lei nova, e iso é unha crítica que lle temos que facer ao Goberno central, pero non exime de responsabilidades á Xunta de Galiza, porque esta lei xa era vella cando se inscribiu, que é unha lei escrita no 2018 —e pouco cambiou desde aquela—, pero fíxose vellísima, antiquísima, despois de todo o que está pasando nestes momentos, e obríganos a dar un gran salto nesas superpolíticas que hai que facer neste país para darlle un gran cambio, unha gran transformación, e unha delas ten que pasar por cambiar a maneira de entender os residuos, que non é lixo, que son recursos e, polo tanto, entra dentro desa grande aposta que temos que ter pola economía circular...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...para aproveitar todo o potencial que teñen.

Esta é a nosa proposta, este é o noso modelo, e imos seguir loitando cada día por el, como o estamos facendo xa na práctica en moitos concellos e institucións deste país.

Moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas, señorías.

Gustaríame comezar —como fixo a señora Castro— felicitándoos a todos polo bo ton que tivemos nas reunións de ponencia e felicitando tamén, por suposto, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a todo o seu equipo pola consecución deste importante proxecto de lei que quedará hoxe aprobado nesta sesión parlamentaria.

En canto ao señor Bará, xa lle dei a resposta ao que vostede di respecto do veto ás comparecencias. Non é así. Non se acostuma a rexistrar sen previamente consensuar un rexistro de comparecencias pola súa conta e risco.

Xa lle respondín nunha das reunións de ponencia respecto do que vostede solicitaba. Solicitaba que comparecese aquí persoal da Consellería que foi responsable de redactar esta lei, persoal da Fegamp, a quen se lle enviou a lei —que, por certo, non fixo ningunha alegación, mentres que si que houbo concellos que, pola súa conta, si que o fixeron— e tamén asociacións, que alegaron durante a fase de exposición pública, e a quen se lles respondeu dende a Consellería co razoamento detallado de por que non se lles aceptaban as súas achegas.

A sensación que dá vostede, señor Bará, unha vez máis, con este e con todos os procedementos lexislativos que estamos a tramitar, é que quere obstaculizar un procedemento lexislativo sen ningún tipo de razón.

Mire, no referente ás achegas do «Lexisla con nós», as alegacións resultaron ser de asociacións, como ben dicía, que xa o fixeran no trámite de exposición do proxecto de lei e, insisto, valoramos moito as aportacións que fixeron, pero analizáronse antes, analizáronse agora e considerouse non incluílas por non coincidir coa finalidade nin cos obxectivos desta lei.

O mínimo acordo, señor Bará, para vostede era a eliminación de Sogama e a eliminación da incineración e, como comprenderá... Vostede viña coa predisposición a votar que non, facendo esas emendas. Polo tanto, mire, a lei esta, a lei que imos aprobar hoxe aquí, é a lei de todos os galegos, señoría, a lei de residuos da maioría dos galegos, señor Bará, e iso ten que aceptalo.

Galicia estivo sempre na vangarda das exixencias europeas en materia de residuos dende o ano 2010, ano no que se deseñou o Plan de xestión dos residuos urbanos de Galicia, pasando pola aprobación en 2016 do Plan de residuos industriais ou no ano 2019 pola implantación das estratexias de cambio climático e economía circular. Galicia, señorías, culmina con esta



lei un novo marco legal completamente adaptado á normativa comunitaria europea, que avanza cara a un cambio de modelo baseado na economía circular e que está chamado a ser o único modelo de futuro posible.

Coa aprobación desta nova Lei de residuos e solos contaminados de Galicia deixaremos atrás unha lei de hai máis de doce anos, nos que mudaron moito as cuestións relativas á xestión de residuos. E tamén si que nos adiantamos, señora Castro, á aprobación da normativa básica estatal, que debería estar aprobada dende xuño do ano 2020, e que non está; e dubidamos de que estea en vigor para o ano 2021. É só un texto articulado que non pasou nin polo Consello de Ministros e que no ano 2021 debería quedar aprobado, pero dubidamos de que vaia ser así. Entón, si que Galicia é pioneira porque se adianta a esa normativa básica estatal que debería estar aprobada xa.

O proxecto de lei que se debate hoxe neste Parlamento incide especialmente nos obxectivos da xestión de residuos, potenciando principalmente a prevención.

As principais liñas de actuación e os obxectivos que se introducen nesta lei son: no tocante á xestión de residuos, por exemplo, adiantase en cinco anos —do ano 2030 ao 2025— o obxectivo de redución de residuos producidos ao 15 %, sobre os datos de 2010. Ademais, Galicia márcase como obxectivo acadar no ano 2025 que un 55 % dos residuos téxtiles de aparellos eléctricos e mobles se introduzan na cadea de reparación para reutilización, e un 60 %, para o ano 2030. Contempla tamén o incremento progresivo da reutilización ou valorización material de residuos non perigosos de construción —señor Bará, creo que non leu a lei— ata acadar o 75 % no 2025, fronte ao 70 % proposto polo Estado.

Tamén fixa obxectivos de reciclaxe, apostando por ser capaces de impulsar a reciclaxe de residuos de envases e de reciclar un 65 %, coa meta no ano 2025.

No referente ao envío de residuos ao vertedoiro, igualando os obxectivos europeos, fixa que se envía a vertedoiro un 10 % da cantidade de residuos xerados, e hai que destacar que neste ámbito, dende o ano 2009, o Goberno galego puxo fin aos vertedoiros e avanzou cara a unha correcta xestión de residuos. O modelo vertedoiro rematou, e elimináronse máis de mil puntos de vertido incontrolado en Galicia.

A futura lei tamén senta as bases para que as plantas acaden o vertido técnico cero no ano 2035, un obxectivo que Sogama, señorías, está a piques de acadar, quince anos antes do que marca a Unión Europea.

Respecto da colaboración cos concellos, por suposto que con esta lei a colaboración, apoio e coordinación cos concellos segue a ser unha prioridade, recoñecendo que é unha competencia municipal, que é un dos problemas que teñen os concellos no seu día a día.

Un dos principais puntos de colaboración entre a Xunta e as entidades locais continúa sendo a xestión dos biorresiduos, xa que os municipios deberán instaurar a recollida separada a finais de 2023.



En canto a plásticos, outro dos obxectivos básicos deste texto é reducir drasticamente o seu consumo dun só uso, e por iso a lei prohíbe a entrega gratuíta de bolsas de plástico e a venda de vaixelas de plástico dun só uso.

Frear o desperdicio alimentario é outra das eivas ás que o Goberno galego pretende dar resposta con esta lei, pois un terzo dos alimentos producidos no mundo pérdense ou desperdicianse, o que equivale a 1.300 millóns de toneladas ao ano. Polo tanto, señorías, é necesario reducir a perda de alimentos. Ademais, como cidadáns, debemos ser máis responsables cos nosos hábitos de compra.

Para conseguir este obxectivo de redución do desperdicio alimentario, a lei establece que no ano 2025 deberemos reducir un 30 % o volume de residuos de alimentos que xeramos respecto do ano 2010. Para logralo os titulares de establecementos de restauración estarán obrigados a entregar, se o cliente así o solicita, as racións sobrantes de alimentación non consumidas no local. E deberán facelo en recipientes compostos nun 50 % de material biodegradable, nunca de plástico. Ademais, promoverase un código de boas prácticas en relación cos excedentes alimentarios.

Para todo isto, señorías, é moi importante a formación e a educación ambiental, xa que potenciará que o consumo de materias primas e produtos se realice dende unha óptica cada vez máis responsable. E, de feito, a lei aposta por impulsar que os máis novos actúen de catalizadores para un futuro mellor, que é o que lles pertence e é o que se merecen.

A lei destaca a aposta por unha administración sostible e respectuosa co medio ambiente, incluíndo medidas como o emprego de enerxías verdes e tamén impulsando a denominada contratación pública verde.

Tamén toca algo moi importante, como é a contaminación dos solos. Pon o seu foco na prevención e na contaminación destes, e establece que os solos deberán conservar as súas funcións naturais ao máximo e deberán recuperarse utilizando as mellores técnicas posibles. Nesta cuestión chegamos a unha importante transacción cos grupos da oposición, pois á proposta súa engadiuse a realización dun mapa de solos alterados e contaminados que incluírá toda a información sobre o tipo de contaminantes e riscos para a saúde e o medio ambiente. Tamén no tocante ao rexistro da calidade do solo.

Isto complementábase, xunto co disposto na lei, cun réxime sancionador que define novas tipificacións de sancións para os solos contaminados cunha contía máxima que pode chegar ata 1,7 millóns de euros no caso dunha sanción de contaminación grave.

Falando xa das emendas dos grupos da oposición, empezarei un pouco polas do Grupo dos Socialistas de Galicia, que centraron as súas emendas nos obxectivos de residuos e plásticos do texto articulado do Goberno central —por certo, como dicía antes, sen aprobar—.

Teño que dicirlle, señora Castro, aínda que xa llo comentei no debate da Comisión, que nalgúns casos é máis restritivo este proxecto de lei galego, noutros coincide, coincide co texto articulado do Estado, e nos menos é menos restritivo.



Os obxectivos máis restritivos da lei galega en comparación co articulado estatal son, por exemplo, que na redución progresiva do peso dos residuos producidos esta lei di que, para o ano 2025, un 15 % de redución respecto dos xerados no ano 2010, e a estatal fixa este obxectivo para o ano 2030. Polo tanto, é máis restritiva a lei galega posto que se adianta cinco anos á redución do 15 %.

Outro exemplo. Sobre o incremento progresivo da cantidade de residuos non perigosos de construción e demolición para a preparación, a reutilización, a reciclaxe e outros tipos de valorización material, a lei galega impón alcanzar antes do ano 2025 o 75 % e a nacional fixa un 70 %. É máis restritiva a lei galega, posto que fixa ese 75 %.

Outro máis. Sobre a redución do desperdicio alimentario, os titulares de establecementos de restauración coa lei galega están obrigados a ofertar a entrega do sobranse ao cliente, e coa estatal, nada, non obriga a nada en concreto.

Noutros obxectivos si que é máis restritiva a do Estado. No caso dos biorresiduos, a lei galega di que os concellos deben instaurar a recollida selectiva separada para o 31 de decembro do ano 2023, e a normativa estatal pon a diferenciación nos concellos de máis de 5.000 habitantes, que os vai obrigar a facelo no ano 2021. Cremos, señoría, que este obxectivo é moi difícil de cumprir e, dende logo, non é estar nin na realidade dos municipios nin estar ao lado deles.

Outro exemplo de difícil cumprimento sobre os residuos municipais destinados á preparación para a reutilización e reciclaxe das seguintes fraccións, como son o papel, os metais, o vidro, o plástico e os biorresiduos e outros susceptibles de ser preparados para reutilización, a lei galega di que, como mínimo, un 50 % en peso no ano 2020, correspondendo un 2 % á preparación para a reutilización principalmente de residuos téxtiles, residuos de aparellos eléctricos, electrónicos e mobles, un 55 % no ano 2025 e un 60 % no ano 2030. O texto articulado é moito máis restritivo, posto que impón a porcentaxe de preparación para utilización para os anos 2025 e 2030 e impón obxectivos para o ano 2035.

Coincidimos co texto estatal noutras cousas como no referente a obxectivos sobre residuos téxtiles, residuos perigosos, a reciclaxe de pneumáticos ou o aceite industrial usado.

A outras emendas que presentaron vostedes, as dos plásticos, xa lles respondín na Comisión. A xustificación para non aceptar estas emendas é que na súa maior parte se refiren á produción ou á comercialización, e o Goberno está obrigado a asegurar a unidade de mercado e a que as medidas non provoquen a ruptura no mercado interior europeo, polo que esta lei non só podería recoller estas achegas, senón que o que podería ocorrer é que sería recollida de inmediato por asumir competencias que non lle corresponden.

En canto ás medidas fiscais, propoñían unha gran batería de medidas fiscais, sabendo que se está a regular nese texto articulado estatal e que polo momento non se pode incluír basicamente polo criterio de harmonización, para que non existan diferenzas territoriais no conxunto das comunidades autónomas. Nós apostamos pola unidade de mercado e consideramos que a fiscalidade debe ser regulada de xeito homoxéneo en todo o Estado. De todos



modos o Goberno galego, señorías —aquí vai para os dous—, aposta por premiar os concellos que reciclan e non por impoñer impostos, sobre todo na época que estamos hoxe. O imposto á incineración, señor Bará, e á eliminación en vertedoiro é o imposto ao que vostede se refería. Nós somos máis de premiar e non de poñer impostos, sobre todo nos tempos que vivimos.

En canto ás emendas do BNG, quero dicir que era moi complicado contemplar máis do que admitimos durante a Ponencia, porque, basicamente —xa llo dicía—, a proposta era eliminar Sogama e a valorización enerxética. E con esa predisposición, señor Bará, era imposible chegar a un acordo con vostede. O que non imos facer é a lei do BNG, porque esa non é a lei dos galegos, señoría. Non é nin o que os galegos queren nin o que nin sequera respaldan a maioría dos concellos nos que vostedes gobernan. Porque é que vostede me ensina unha táboa, pero eu téñolle que ensinar esta. *(A señora Nóvoa Iglesias mostra un mapa de Galicia.)* Este é o mapa de Galicia, e estes son todos os concellos que están adheridos a Sogama, señor Bará. E voullo ensinar cada vez que falemos deste tema; vouno ensinar, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* porque xa era hora de que vostedes recoñeceran e puxeran en valor a Sogama, que os seus alcaldes, onde gobernan, si que o recoñecen, señor Bará.

Vostedes propoñen a creación doutra axencia. Propoñen eliminar Sogama pero para crear outra axencia, pero non se considera a creación desta axencia, xa que a Consellería de Medio Ambiente e Sogama poden asegurar toda a aplicación desta lei, fomentando sobre todo a orde xerárquica establecida pola Unión Europea, como é a prevención, en primeiro lugar, logo a preparación para a reutilización e logo a reciclaxe, que se complementa coa valorización enerxética da fracción non reciclable; relegando a eliminación ao vertedoiro ao último lugar, sobre todo polo seu impacto negativo sobre a contorna e a saúde. E o exemplo que lle digo do modelo Sogama é a adhesión de 295 concellos de toda cor política. Insisto, concellos que teñen a competencia da xestión dos residuos domésticos, urbanos e asimilados. Concellos que decidiron no seu momento encomendar a Sogama a xestión da fracción resto permanecen adheridos ata o día de hoxe. Por exemplo, por falar do Bipartito —que hai que recordalo—, vostedes gobernaron e non eliminaron Sogama. *(Murmurios.)* Esa é a realidade, señorías. É que con vostedes... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, non é obsesión. Vostedes só gobernaron catro anos, e non hai tanto, porque de 2005 a... *(Murmurios.)* Non, non, non hai tanto. Non é do século pasado. Vostedes falan aquí de Aznar constantemente; pois isto quédanos moito máis cerca. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Miren, en 2008 Sogama levaba ao vertedoiro o 46 % dos residuos que recibía. En 2019 o vertido directo foi tan só do 5 %. Podemos poñer en valor o que se leva ao vertedoiro en Nostián, na Coruña, cun 47 %, ou en Lousame, un 61 %.

Xa lle digo, Sogama chegará este ano ao vertido técnico cero, quince anos antes do establecido polo Parlamento Europeo para o conxunto dos estados membros. Si, señorías. Ese obxectivo estaba posto para o 2035, e en Galicia xa se acadou. Isto quere dicir que en Galicia se fixeron os deberes, e isto foi froito do investimento, do traballo e da aposta do Goberno da Xunta de Galicia por este sistema, señorías, de xestión de residuos. *(Aplausos.)*



En canto ao tema da valorización enerxética, que vostedes tanto critican e que foi clave na xestión dos residuos covid que se fixo, desgraciadamente, coa pandemia que nos tocou vivir, noutros lugares amontoaron os residuos e tivemos que ver como iso foi realmente outra catástrofe, á parte da pandemia, pero en Sogama non ocorreu, e foi grazas á valorización enerxética, esa á que lle queren agora poñer un imposto, que se vai traducir nunha subida da basura para todos os cidadáns. Pero vostedes xa vemos agora que apostan por ese modelo, sobre todo os señores do BNG.

Entón, señorías, o certo é que era moi complicado chegar a máis, porque as emendas dos dous partidos realmente se centraban na eliminación de Sogama e no odio que teñen á valorización enerxética, que está admitida pola Unión Europea en todos... Miren, eu invítoos a que miren o número de sogamas que hai nos países máis avanzados de Europa, como Alemaña, Dinamarca...; eses que poñen de exemplo constantemente para o que queren, cando lles convén —cando non lles convén, non o poñen de exemplo—. Eu insisto en que miren o número de sogamas que hai neses países.

E remato. Creo que vostedes chegaron á Ponencia desta lei coa predisposición de votar que non, na mesma liña co que están a facer con todos os proxectos de lei que trae o Goberno ou este grupo parlamentario a esta Cámara. Na nosa humilde opinión creo que non quedou demostrada unha alternativa ao modelo Sogama, que vostedes tanto critican, e dino os datos que lles pasarei a detallar na miña seguinte intervención.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas de novo, presidente.

Mire, señora Nóvoa, alégrome de que nin sequera vostede puidera negar —aí si que foi sincera— nin rebater a unilateralidade total desta lei e a falla total de flexibilidade e de esforzo para acadar un consenso e incorporar novos puntos de vista.

Esta actitude o que fai é que neste proxecto, entre outras cousas, falte algo tan fundamental como é a perspectiva de loita contra o cambio climático. Pero, bueno, xa sabemos que o Partido Popular non ten moi claro iso do cambio climático. Non hai tanto tempo, como xa falaba vostede, máis preto que o Bipartito, estaba un tal presidente do Partido Popular —do que agora renegan, *(Aplausos.)* M. Rajoy— que negaba ou que tiña como gurú do cambio climático o seu primo.

Fallan tamén outras cousas importantes, como pode ser a perspectiva do emprego, xa que na política de xestión de residuos, de prevención de residuos, de reciclaxe, de valorización,



existe unha enorme oportunidade de crear emprego, de crear empresa en Galicia. O Goberno da Xunta ten que comprometerse coa incorporación do ecodeseño e exixir aos produtores os comportamentos máis responsables, como dicíamos. O sector empresarial deste ámbito, da xestión, ten que ser máis responsable, pero tamén ten que ter axuda por parte da Administración para poder aumentar o investimento en innovación co fin non só de facer mellor as cousas a nivel medioambiental, que é moi importante, senón tamén para poder xerar un sector produtivo máis competitivo.

Por isto, dende o Grupo Socialista, por todos estes motivos que aleguei, facemos unha valoración negativa deste proxecto de lei, desta lei, xa que non se están a ter en conta as enormes implicacións medioambientais e económicas que ten que ter a xestión de residuos de maneira horizontal, que afecta todos os sectores da actividade económica. Neste momento atopámonos nun contexto no que a produción de residuos —e todos coincidiremos— está en continuo aumento e a actividade económica vinculada a eles acaba, ademais, cada vez máis importancia, tanto pola súa envergadura como pola súa repercusión directa no modelo económico. Vostedes nesta lei quedan no camiño. Necesitamos contemplar unha renovación ambiental como eixo básico da nosa economía. Perdemos unha enorme oportunidade de xerar emprego e perdemos a oportunidade de aproveitar o potencial do sector ambiental, do sector dos residuos, para contribuír a superar esta crise económica que nos vén por diante.

O PP, polo tanto, perde a oportunidade de avanzar cara a un novo paradigma, cara a unha economía coeficiente. Fan falla tamén aspectos graves, como dicía, como a fiscalidade ambiental, e por iso nós o que propoñíamos era un imposto verde, como eu dixen, un imposto como instrumento económico complementario para estimular e incentivar comportamentos máis respectuosos co contorno natural. Pero non se trata, como dicía vostede, de solapar impostos de carácter estatal, senón de coordinalos como impostos de carácter autonómico, como están a facer outras comunidades autónomas.

O obxectivo desta Lei de residuos ten que ser potenciar tamén, como dicía anteriormente e compartía o compañeiro do BNG, a prevención, a prevención, a reutilización e a reciclaxe de residuos, polo que é necesario evitar a incineración e o vertido, como fai neste momento o Goberno da Xunta co seu modelo Sogama, que continua a perpetuar nesta lei.

E relacionado con isto está o traslado de residuos para a eliminación. É necesario un enfoque cara a un sistema máis descentralizado. Necesitamos unha xestión rexida polos principios de autosuficiencia e proximidade, ou unha rede integrada de instalacións de carácter comarcal ou provincial segundo o territorio; o que sexa máis conveniente.

A lei tamén é insuficiente na regulación dos biorresiduos. Aposta pola recollida selectiva e a compostaxe de toda a materia orgánica, a pesar de ter modelos que están a funcionar no noso territorio, como o Plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra. Seguiremos nós á cola de toda España. A falta de impulso autonómico na xestión dos biorresiduos por parte das entidades locais, a necesidade de coordinación... Necesitamos unha maior coordinación nesta materia de residuos e tamén máis colaboración e cooperación entre administracións. Pero, bueno, xa sabemos que á Xunta de Galicia isto de coordinarse cos municipios e coas deputacións non se lle dá ben, e o exemplo claro foi a actitude da semana pasada do señor Rueda.



Se non se coordina para algo tan urxente como poden ser as axudas aos hostaleiros, que están pasando unha situación terrible, menos se vai coordinar para xestionar os residuos. (Aplausos.)

Perdemos a oportunidade de sensibilizar a cidadanía e de que transforme a idea de residuos, para que pasen de ser desfeitos a materias primas.

En relación coa regulación do plástico, non é certo o que vostede di. Non é unha falta de competencia autonómica, e só pode ver o reflexo noutras comunidades autónomas que si o regulan, como o País Vasco, Baleares, Madrid, Cataluña ou Navarra.

En definitiva, esta lei estaba feita no ano 2018 e aprobouse agora no 2021. Durante todo este tempo producíronse moitísimos avances e actualizacións a nivel medioambiental na xestión de residuos que non foron adaptados nesta lei. Polo tanto, hoxe probablemente se vai aprobar unha lei que, dentro duns meses, cando entre en vigor a normativa estatal pola transposición da directiva europea, quedará obsoleta. Ou sexa, que imos aprobar unha lei que unicamente vai estar en vigor e que vai quedar obsoleta dentro dun par de meses.

A min isto o que me parece é que tiñan unha lei feita, que tiñan un borrador enriba da mesa dende 2018, e que este é outro exemplo de maquillaxe e de lavado de cara ao que nos ten acostumados o Partido Popular.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CASTRO REY: En definitiva, Galicia perde unha oportunidade para poñernos na liña europea, na liña doutras comunidades autónomas, na modernización da regulación dos residuos e na consolidación dun modelo de xestión máis sostible, en consonancia coas políticas europeas.

Síntoo moito, pero non temos máis que votar en contra, e tamén o sinto moitísimo, pero remato esta tramitación coa sensación de que Galicia perdeu unha grande oportunidade.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro Rey.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señora Nóvoa, non sei se lle soa a división de poderes, Montesquieu: executivo, lexislativo e xudicial. Agora habería que falar xa doutros poderes. Pero, bueno, polo menos, quedémonos en executivo e lexislativo. Vostedes non entenden ou non queren entender que unha cousa é o Executivo e o trámite que fai o Executivo, os procedementos de participación e de información que ten o Executivo, e outra é despois, cando a lei entra no Parlamento, que é o Lexislativo o que manda e é o Lexislativo quen ten que decidir; non o Executivo, esa fase xa



pasou. Se houbo participación na fase en que o Executivo xestionou a tramitación do proxecto de lei, agora é o Lexislativo. E o Regulamento do Parlamento prevé unha serie de canles para a participación pública que vostedes vetan. Esa é a realidade, así de simple.

¿Para que fan o Regulamento? ¿Para que se prevé esa fórmula de audiencia pública de participación no trámite parlamentario? Porque o texto de 2018 ata o de agora puido cambiar moito no trámite previo que xestionou o Executivo. Entón, trátase de debater sobre iso. Non sei que queren dicir aquí. Nós propuxemos doce participacións, doce persoas que participasen nesa audiencia. Non era unha listaxe pechada, podían propoñer outras, podíamos chegar a un acordo sobre quen tiña que vir. Dixemos, ademais, que iso suporía un mes no trámite parlamentario. Non é un problema de retrasar nada, é un problema de participación. Vostedes téñenlle alerxia á participación e vetan sistematicamente a participación no Parlamento. Esa é a realidade, nada máis ca esa.

E, claro, despois véñennos aquí con contos do vertido técnico cero. Pero ¿que é iso do vertido técnico cero?, ¿que andrómenas veñen aquí inventar do vertido técnico cero? Voulle dar os datos, os datos oficiais publicados por Sogama, publicamos polo INE, publicados polo Miteco. Sogama é unha gran fábrica de efecto invernadoiro, é unha gran factoría do cambio climático, porque emite miles e miles de toneladas de gases de efecto invernadoiro, máis de 300.000 toneladas anuais de CO₂, de gases de efecto invernadoiro. Pero é que, ademais, os vertedoiros de Sogama —porque tamén en Sogama hai toneladas e toneladas; non miles de toneladas, millóns de toneladas acumuladas ano tras ano— ... ¿Que clase de vertido técnico cero cando temos no vertedoiro de Areosa máis de 5,6 millóns de toneladas de vertido de escuras, de residuos da incineración e dos rexeites das plantas? ¿Pero que me está falando de vertido técnico cero? ¿Que queren inventar con iso?, ¿que realidade paralela queren inventar con iso?

En fin, que os seus razoamentos, os seus argumentos, caen polo seu propio peso. E o BNG fixo unha proposta, efectivamente, para transformar Sogama noutra cousa, para transformar Sogama nunha axencia dos residuos e da economía circular. Falabamos dun trato para facelo, non como algo automático, pero é que vostedes nin sequera se sentaron a discutir se era posible chegar a algún tipo de acordo sobre algunha fórmula alternativa á que hai agora, que ademais vai ser obrigatoria. Caian dunha vez do cabalo, vai ser obrigatoria, van ter que cambiar ese sistema, non queda outra, como van ter que poñer a imposición, porque non é algo que veña na lei estatal, e que é algo derivado da normativa europea. E, ademais, é benéfico se se explica e se entende ben, porque serve para penalizar aqueles procedementos que están no último posto da xerarquía de residuos e incentivan aqueles que están na primeira fase: a prevención, a redución, a reutilización, a reciclaxe. Para iso ten que ser ese imposto, para primar iso. Polo tanto, a xente producirá menos residuos e, polo tanto, a xente pagará menos polos residuos. Esa é a filosofía destes sistemas.

E, miren, as nosas emendas eran para apostar polo tratamento de proximidade, polo tratamento in situ, para apostar —polo menos cunha fórmula complementaria— polo sistema de depósito, devolución e retorno, que vostedes vetaron despois de aceptalo, para facer unha estratexia sobre os plásticos, para ter obxectivos moito máis ambiciosos na redución do desperdicio alimentario; non só nesa cuestión dos restaurantes, senón de todo o desperdicio



alimentario, empezando pola propia produción, e ver como podemos reduci-lo, como podemos aproveitalo mellor, que agora hai experiencias que nos din moito nesta dirección. Tamén para ter unha alternativa sobre os residuos de construción e demolición, porque non vale a solución maioritaria de votalos nunha canteira, que é o que vostedes priman; tamén para fomentar de verdade a compra pública verde —e fixemos emendas a este respecto—; para fomentar a participación —e propuxemos a creación dunha comisión de residuos de Galiza onde haxa unha participación plural de toda a sociedade e de todas as institucións, e vostedes vetárono—; para crear esa taxa, para crear un fondo de residuos, para fomentar todas esas políticas da economía circular, que xerarían miles de postos de traballo, porque vostedes falan de que Sogama crea 500 postos de traballo e outros 500 indirectos. Pero estas políticas de economía circular poden crear miles de postos de traballo se se fan ben, e vostedes vetan esa posibilidade para transformar Sogama na axencia galega dos residuos e da economía circular.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: En definitiva —remato señor presidente—, para facer propostas avanzadas, realistas, posíbeis, contrastadas, exitosas, eficientes, respectuosas co medio e que permitirían —xa o están facendo nalgúns casos— situar Galiza na cabeza de Europa e do mundo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

A verdade é que, señor Bará, a vostede non lle vale ningún trámite lexislativo. Se é a Lei de medidas, non lle vale; se traemos a lei polo trámite de proposición non de lei, non lle vale... Sempre que non está representada a minoría do BNG non lle vale. *(Aplausos.)*

Esta lei, señora Castro, cumpre todas as normativas europeas, e si que somos pioneiros, somos a primeira comunidade. Eu sinto que lle moleste que digamos que somos pioneiros. É que o Goberno do Estado podía tela aprobado hai moito tempo, pero é que está a outras cousas: está a modificar o Código penal para ver se libera a algúns presos, está a modificar o Consello do Poder Xudicial, para ver se tal... *(Murmurios.)* Non, non... Si, si, está a outras cousas, señorías. *(Aplausos.)* Iso é o que ocorre.

Mire, Rajoy non vai levar ás súas costas o deserto industrial que están provocando vostedes pola extrema transición enerxética á que están sometendo a Galicia. Iso non vai quedar no ADN de Rajoy, vai quedar no ADN do señor Sánchez e do señor Caballero. Vai quedar niso, señoría. *(Aplausos.)* O deserto industrial... Ese é o seu compromiso co cambio climático, xerar desemprego.

Mire, o que lle digo sempre, señor Bará, é que a mellor proba de sostibilidade de Sogama é a adhesión voluntaria de 295 concellos, e vouno repetir constantemente, o 94 % do total, e



2,2 millóns de habitantes. Os concellos teñen competencias exclusivas en residuos e deciden adherirse voluntariamente á xestión de Sogama, e non hai un compromiso de adhesión no que se diga se teñen que entregar unha serie ou un determinado volume de residuos. Non o hai; entón, poderían optar por outros modelos.

Pero, señor Bará, a vostede, que tanto presume do Plan Revitaliza, voulle dar os datos do Plan Revitaliza. Pedíamos vostede o outro día na Comisión e deixeiños para hoxe para que lle queden ben gravados. Miren, imos comezar con Pontevedra cidade: redución de envíos a Sogama, -4,06 %; orzamento gastado polos programas de compostaxe comunitario e doméstico, 2 millóns de euros —o Plan Revitaliza—. Pontevedra é a terceira urbe galega na que menos diminúen os seus desperdicios. Santiago, o 10 % —baixou—; Vigo, o -5,89, e Ourense, o -5,4. Ningún ten Plan Revitaliza. (*Murmurios.*) Pero Pontevedra provincia, 13 millóns de euros adicados ao Plan Revitaliza, o adaiñ da redución e da reciclaxe en materia orgánica que non foi capaz nin de dar cumprimento ao primeiro R, o da redución. Non foi nin capaz de cumprir o primeiro R.

Pontevedra provincia só diminuíu os envíos a Cerceda nun 0,86 %. Lugo, sen Plan Revitaliza, reduciu os envíos a Sogama nun 1,47 %. Pero é que o colmo é que, se non fose por Vigo —Vigo non está adherido ao Plan Revitaliza, que lles quede claro a todos—, pola redución de Vigo, Pontevedra non só non rebaixaría os seus envíos a Sogama, jé que os incrementaría en 3.500 toneladas! (*Protestas.*) (*Aplausos.*) ¡Por favor! Xa está ben de mentirnos á cara. Eu teño a taboíña tamén, señor Bará, que lla paso despois. Xa está ben de vir aquí presumir de algo que non cumpriron, e seguen coa mesma matraca.

Miren, señorías, tamén critican a incineración constantemente, a valorización enerxética, que é o penúltimo escalón. O último é a eliminación ao vertedoiro, que diso saben moito vostedes. No ano 2009 o vertedoiro de Areosa estaba esgotado, todo o metían alí. Vostedes non nos poden dar a nós leccións de nada. Miren, a incineración haina en seis comunidades españolas, entre elas está o País Vasco... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿E vostedes que copian? É que veñen aquí contarnos unha matraca coma se fósemos os únicos que queimamos aquí... ¡Pero se hai seis comunidades en España que o están facendo, señorías, e entre elas o País Vasco! (*Murmurios.*)

Miren, a incineración está permitida pola Unión Europea, non veñan aquí contarnos mentiras. Non, é o penúltimo escalón. Nós fomentamos a prevención, fomentamos a reutilización e a reciclaxe, e, cando non se pode facer máis, tense que incinerar ou ir ao vertedoiro, e non lle veñan contar aquí a película a ninguén. É o que hai, e vostedes non veñan presumir. Nós estamos de acordo en apoiar os concellos, e vaia por diante o compromiso que ten o Goberno, en concreto a Consellería de Medio Ambiente, co seu plan e coa exposición que fixo aquí dos orzamentos, aos que adican un montón de millóns de euros —35 millóns de euros ao Plan React— para facer plantas en diversas zonas de Galicia. Hai unha na provincia de Pontevedra que xa ten o proxecto licitado.

Nós estamos de acordo co compost, o que non pode ser é fialo todo a iso, como fan vostedes. E veñen aquí convencernos de non sei o que, ou, como dixo na comisión, de que Mondariz Balneario era o que máis o reduciría. ¡Home!, pero, señorías, é que hai que ver a poboación



de Mondariz Balneario. O dato é ese, a redución da provincia de Pontevedra foi dun 0,86 % de envío a Sogama, e grazas a Vigo, que non está no Plan Revitaliza, señor Bará. E por máis que veña vostede aquí dicir mil veces unha mentira, non vai ser realidade.

Miren, señorías, hoxe damos por finalizado o trámite desta lei, no que eu creo que tiveron oportunidade de presentar un plan alternativo. Analizamos o seu plan alternativo, e non é viable. E vostedes, con isto que propoñen, señora Castro, sobre todo o Grupo Socialista, non están ao lado dos concellos. Falen con eles, que están de costas á realidade.

Hoxe quedará aprobada a Lei de residuos e solos contaminados de Galicia, unha lei que se adianta á normativa estatal, que constitúe unha aposta decidida pola transformación da sociedade galega nun modelo comprometido de produción e de consumo diferente e que responde aos retos ambientais, sociais e económicos do presente, pero tamén do futuro.

Pola miña parte, nada máis, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Continuamos cos textos lexislativos.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia

O señor PRESIDENTE: Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do ditame da comisión, ten a palabra a presidenta da Comisión 4ª, Educación e Cultura, dona Teresa Egerique.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA (Egerique Mosquera):
Bos días.

O proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 1 de outubro de 2020. A Mesa do Parlamento, na reunión do 5 de outubro de 2020, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 26, do 6 de outubro de 2020, e a apertura do prazo de presentación de emendas, que rematou os días 24 de outubro e 10 de novembro de 2020 para as emendas á totalidade e ao articulado respectivamente.

Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 4ª, de Educación e Cultura. As emendas á totalidade e as emendas ao articulado presentadas, que foron cualificadas respectivamente pola Mesa da Comisión nas sesións dos días 30 de outubro e 17 de novembro do 2020, foron: 2 emendas á totalidade de devolución, unha do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacio-



nalista Galego, e 90 ao articulado, que foron 31 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e 59 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Na sesión plenaria do día 9 de decembro de 2020 rexeitáronse as precitadas emendas á totalidade.

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na sesión do día 18 de decembro de 2020, designou os seguintes ponentes: do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, don José Luis Ferro Iglesias, titular, e don Ovidio Rodeiro Tato, suplente; do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Mercedes Queixas Zas, titular, e don Antonio Lourenzo Sobral, suplente; do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Noa Susana Díaz Varela, titular, e don Manuel Luis Álvarez Martínez, suplente.

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o día 22 de decembro do 2020, coa miña presenza e coa asistencia do ponente e das ponentes titulares señor Ferro Iglesias, señora Queixas Zas e señora Díaz Varela. Nesta sesión, fixaron o calendario inicial de traballo.

Posteriormente, a Ponencia mantivo reunións os días 29 de decembro de 2020 e 7 de xaneiro de 2021, coa asistencia do ponente e das ponentes titulares señor Ferro Iglesias, señora Queixas Zas e señora Díaz Varela, nas que analizaron o texto articulado obxecto deste proxecto de lei e as emendas formuladas e elaboraron o informe coas propostas de aceptación de emendas ou rexeitamento e recomendacións de transaccións; informe que foi debatido e aprobado con todas as recomendacións feitas pola Ponencia na sesión que mantivo a Comisión 4ª o pasado día 29 de xaneiro.

Ata aquí o percorrido lexislativo deste Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia na Comisión 4ª, Educación e Cultura, que eu presido. Correspóndelle hoxe ao Pleno o seu debate e, se é o caso, a súa aprobación.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Egerique.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos á rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame, e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Comentabamos xa no debate que tivemos nesta mesma Cámara na que defendemos a nosa emenda á totalidade que o proxecto de lei que se presentaba no seu día era absolutamente insuficiente, xa que na nosa opinión o seu contido non regulaba coa extensión e a precisión necesarias aspectos fundamentais dos centros museísticos e da actividade museolóxica.



Pensabamos, sinceramente, que no traballo en ponencia o texto melloraría coa incorporación das emendas propostas polo noso grupo, pero non foi así. Logo dese traballo en ponencia, das 58 emendas presentadas por nós, por este grupo, o Grupo Popular aceptou unha decena. Claro, todas —salvo unha excepción que comentaremos despois— de tan pouco calado —que se refiren a erros, a erros gramaticais, a correccións de redacción, ou a apuntamentos que no fondo son cuestións insubstanciais— que agardamos e pretendemos —e sabemos que vai ser así— que esta cuestión numérica non sexa un dos argumentos empregados polo partido do Goberno —que sabemos que será— para buscar o noso apoio a este texto lexislativo. Digo que foi así, porque xa pasou tamén pola Comisión.

Iso si, quero tamén aquí deixar constancia do bo talante e da boa sintonía que houbo no traballo en ponencia cos tres voceiros, coas persoas que estivemos nesa comisión, así como tamén coa letrada. Realmente o clima foi de absoluto entendemento. Entendemento si, pero, dende logo, non foi nada suficiente, como así, ademais, lle trasladei ao voceiro do Grupo Popular.

A nosa sensación é de que se realmente houbera unha vontade de traballar conxuntamente nun texto normativo para regular a actividade dos nosos centros museísticos —por certo, algo moi necesario—, deberíamos ter tido un debate real, de discusión dos puntos de vista, de confrontación de ideas. Pero, claro, desbotouse esta posibilidade porque a negociación xa de entrada vimos que non era posible. As liñas viñan previamente marcadas. Efectivamente, nós chegabamos ás xuntanzas sabedoras de atopármolos cun *alea iacta est* e sen vontade de aceptar ningunha proposta de calado, como así se demostrou que foi.

Bueno, entrando xa na materia que hoxe temos que presentar aquí, para explicar un pouco as nosas emendas, vou facer un exercicio un pouco ao contrario, coa esperanza de que hoxe neste plenario atopemos un maior entendemento do que houbo na Comisión.

Eu o que farei será expoñer o que o meu grupo parlamentario propuxo para mellorar este texto lexislativo, pero non foi aceptado en comisión. Como digo, o que foi aceptado foron emendas —si, evidentemente, presentadas por nós— pero, dende logo, non eran as que modificaban ou melloraban —ao noso entender— ese texto lexislativo.

Non admitiron incluír no obxecto da lei a defensa e promoción do patrimonio museístico como garantía do dereito da cidadanía a acceder en condicións de igualdade á cultura e á educación.

Tampouco admitiron modificar a descrición de museo, que para nós non é só unha institución dedicada á promoción e ao desenvolvemento cultural, senón que a súa existencia vén definida pola difusión da memoria cultural —da «memoria»; esa expresión, «a memoria cultural»—, da promoción da identidade e do desenvolvemento cultural, si, pero tamén social. Esta é para nós unha cuestión esencial por canto fai referencia ás chamadas institucións da memoria, ás BAM —bibliotecas, arquivos e museos—.

Tampouco admitiron —e isto si que nos chamou poderosamente a atención— clarificar cal é a misión dos centros museísticos, pese a que na propia lei se fai referencia a esa misión.



Pero, claro, non entendemos que se faga referencia ao cumprimento dunha misión cando non aparece en todo o texto cal é esa misión; non o entendemos, e xa de entrada consideramos que ese é un erro bastante importante, pero vostedes verán. Xa non é que non acepten, ademais, que a misión primordial é a difusión da memoria cultural, é que —como digo— ao proposto por este grupo parlamentario, que era esa misión, a difusión da memoria cultural, vostedes non formulan absolutamente nada. Nin ese erro emendan. Nin sequera definen con precisión tampouco os distintos tipos de centros. O artigo referido aos centros de interpretación é, ao noso modo de ver, absolutamente confuso, cando este era —segundo dicía— un dos obxectivos básicos polos que a Xunta de Galicia xustificaba este texto lexislativo.

Tampouco aceptaron incluír entre as funcións dos museos a creación e o mantemento dun inventario profesional que permita exercer un efectivo control periódico das coleccións. Tampouco aceptaron incluír entre as funcións a elaboración dunha análise de riscos, nin a restauración de obxectos co fin de garantir a integridade das coleccións, nin a elaboración de programas educativos e pedagóxicos. Por certo, con respecto á cuestión esta das funcións, todos os expertos que consultamos ao longo deste tempo non entenden como pode ser función dunha colección museística —que lembremos que pode ser privada— contribuír á formación de profesionais con titulacións relacionadas co ámbito das coleccións museográficas. Non o entenden, e nós tampouco.

Tampouco admitiron resolver cuestións importantes como quen se fai cargo dos gastos ocasionados pola conservación e o mantemento dun depósito forzoso ou qué acontece no caso da disolución ou clausura dun centro museístico cos seus fondos. Nada sabemos tampouco da adquisición dos fondos e coleccións por parte destes centros; nada se sabe.

Máis baleiros. O texto non recolle ningunha medida ou obriga por parte da Xunta de Galicia de impulso, fomento ou apoio económico para os centros que non sexa da súa titularidade ou xestión; pero é que tampouco para os integrantes do Sistema galego de centros museísticos. A realidade é que nin sequera contempla as obrigas da Administración autonómica con estes centros. Vostedes poden ver así se este texto é ou non é un texto absolutamente baleiro de contido.

Continuamos. É que tampouco concreta nin regula aspectos primordiais como a xestión documental ou a presenza ou o uso das tecnoloxías da información e a comunicación, que —lembremos— era o que enchía titulares naquela xuntanza que se produciu hai un ano, vendendo este proxecto de lei e demais. Esta lei nacía para, por unha banda, regular os centros de interpretación —algo que, como dicimos, é absolutamente confuso neste texto—, pero, ademais, tamén para, dalgunha maneira, regular o uso destas novas tecnoloxías. Vostede xa me dirá onde está este uso das novas tecnoloxías neste texto; nós non o atopamos.

E moito menos esta lei impulsa a promoción dos museos para facer deles verdadeiros elementos de difusión cultural e cohesión social, que é para o que deberían servir.

Tamén entre as carencias do texto é especialmente grave —xa o dixemos— a falta de referencias á planificación do persoal dos museos e centros e á fixación das funcións de cada traballo nas distintas áreas funcionais que se contemplan.



Hai máis. O texto está elaborado con tal falla de atención que non se coordina coa Lei 5/2016, de patrimonio cultural, en varios aspectos. Por exemplo, non queda recollido o réxime de depósito de achados arqueolóxicos, cando esta lei que acabo de mencionar si fala dos achados casuais; e ademais di que eses achados casuais se poderán entregar nun museo. No caso de que iso se produza, nós non sabemos cal vai ser a mecánica, cal vai ser ese proceso de recepción deses fondos.

Sorprende tamén que na disposición derogatoria se eliminen as referencias aos museos da Lei de patrimonio, como se os museos non formasen parte do patrimonio cultural, tendo en conta que son transmisores e depositarios desa memoria colectiva, como xa dixemos.

Tampouco é admisible a vontade de intromisión e control da Xunta de Galicia na autonomía das outras administracións públicas que aparecen neste texto lexislativo. A mesma vontade de dominar o Sistema tamén se aprecia no artigo 10 da lei, que regula a composición do Consello de Centros Museísticos de Galicia, no que todos os membros son nomeados polo titular da Consellería e a súa elección para nós resulta un tanto arbitraria —e digo «un tanto» por suavizar, pero é absolutamente arbitraria—. E aquí chega, ao noso entender, a principal razón de querer sacar este texto con tan pouco debate, con tan pouca reflexión e ás présas, porque a realidade é que esta lei non regula absolutamente nada novo que non regulase xa a Lei de patrimonio cultural; debería terse desenvolvido regulamentariamente. Pero ¿que é o que si fai? Pois asegurar ese órgano de control dos centros museísticos, como é o Consello de Centros Museísticos, que, por certo, non dicimos que non sexa necesario. ¡Claro que é necesario! Pero, dende logo, o que non é de recibo é que a propia lei non defina algúns dos integrantes desas oito vogalías que forman parte del. Sabemos, iso si, que toda a dirección deste futuro consello está formada pola Consellería de Cultura —nada que obxectar aí, iso si que o sabemos—, pero o que non se sabe é que entidades van formar parte desas oito vogalías. Para nós sería importante que se definisen.

E, claro, tal e como formulabamos nas nosas emendas, para o noso grupo parlamentario o Consello da Cultura Galega —xa o dixemos en varias ocasións— sería un órgano asesor máis —así o plantexabamos nós— e paralelo a ese consello de centros. Pero, como non ía ser aceptada, tamén presentamos outra emenda entendendo que, de non ser así, agardabamos que se incluíse polo menos nese Consello dos Museos; pero non, tampouco se fixo. E non nos digan que o farán, que si que terán as representacións do Consello, porque, se vai ser así, entón, ¿por que non aparece reflectido nesta lei?

A cuestión do Consello da Cultura Galega, do ninguneo deste incuestionable órgano estatutario, é para nós moi preocupante e non se corrixiu, como se faría se aceptasen as emendas que nós presentamos en ponencia. Xa lles adianto aquí que para nós esta cuestión é, dende logo, un obstáculo insalvable, de todo insalvable. Como dicimos, non se contempla no texto que o Consello da Cultura Galega forme parte dos centros museísticos; por certo, tampouco se contempla que os concellos —representados neste caso pola Fegamp— formen parte dese consello, habida conta que moitísimos centros museísticos do noso país son de titularidade municipal.

Tampouco o Consello da Cultura Galega se atopa na relación de órganos e entidades que, segundo a Consellería de Cultura, constituíron ao principio, hai un ano, o grupo para a ela-



boración deste texto. Dende logo, tamén nos parece intolerable que a Xunta de Galicia — como así, ademais, confirmou a propia presidenta, Rosario Álvarez, na comparecencia de orzamentos— non lle solicitase ao Consello da Cultura Galega a emisión dalgún informe sobre este proxecto de lei, máxime cando ten unha sección, un grupo de traballo, especializado en patrimonio e bens culturais e, dende logo, moita experiencia no estudo dos museos.

Algo que tamén nos sorprende é o pouco respecto institucional que ten a Xunta de Galicia para con determinadas entidades; e unha delas, por exemplo, é o Museo do Pobo Galego. Non se entende, non nos parece admisible, a eliminación —ou o despiste, digamos que sexa despiste; nin a eliminación consecuenta nin o despiste, dende logo— da referencia expresa á continuidade da Lei do recoñecemento do Museo do Pobo Galego como centro sintetizador de todos os museos e coleccións públicas e privadas integrantes no Sistema galego. ¡Menos mal que foi o propio Museo do Pobo Galego quen se deu conta deste erro! E logo da petición expresa por parte do museo, efectivamente, é certo que se aceptou incluír esta emenda do Grupo Socialista, finalmente transaccionada. Como dicía, esta foi a única de calado que se aceptou. Pero é que, claro, era obvia, e era imperdoable non facelo.

Non temos tempo para moito máis, pero a todo isto exposto hai que sumarlle, ademais, a falla de vontade de escoitar as e os profesionais dos museos. Seica houbo un primeiro encontro, pero, claro, xa non houbo máis. E sabémolo porque en todo este tempo nós si estivemos en contacto coa xente dos museos e, dende logo, non houbo ningún contacto con eles. Dicían vostedes en nota de prensa que se trataba de conseguir «un proceso participativo e transparente». Claro, e nós preguntámonos: ¿onde está esa transparencia se non existe ningún documento, ningún informe, nada que dea conta desa única xuntanza que houbo non sei se hai un ano ou máis dun ano —xa non sei nin en que ano vivo—? Dito doutra forma, dado o contido deste texto, serviría perfectamente o reflectido na Lei de patrimonio cultural do 4 de maio, que, no seu título VIII, regulaba os museos; dedícase enteiramente aos museos nos artigos 111 a 118. E regulábanse as denominadas coleccións visitables, ao tempo que poñía as bases do que se concibe como Rede e Sistema galego de museos para integrar todos aqueles museos e coleccións visitables que se atopen no noso territorio.

Dende logo, nós, por todas estas razóns, consideramos insuficiente este texto lexislativo, que non naceu coa vontade de lexislar os centros, que deberían ser garantes da nosa memoria colectiva, cultural e social, senón que foi —como xa dixen— un acto propagandístico máis para poñer cruces nese *Excel* de tarefas executadas, pero que, dende logo, non pretenden nin clarificar, nin xestionar, nin organizar, e moito menos protexer o noso patrimonio museolóxico.

E, polo de agora, nada máis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Díaz.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Queixas Zas.

A señora QUEIXAS ZAS: Moito agradecida, señor presidente.

Moi bo día, señorías.

Entendemos que o titular xa impreso para a nota de prensa do día de hoxe por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, por parte do Goberno, é o da aprobación da «primeira Lei de museos e centros museísticos de Galiza». Evidentemente, non serei eu nin o Grupo Parlamentario do BNG quen poña en cuestionamento isto, porque a ciencia empírica avala tal aseveración. Explícome. «Primeira», como numeral, na súa acepción semántica inicial, define aquilo que, nunha serie, vai antes ca ningún outro. Efectivamente, certo é, non houbo antes unha lei destas características no noso país. Pola contra, a segunda acepción de «primeira» como aquela que é de maior importancia aínda está por ver. O tempo dirá, mais xa adiantamos que no Bloque Nacionalista Galego manifestamos as nosas dúbidas, como xa expuxemos no proceso de tramitación.

Na vida unhas veces gáñase e outras apréndese, di a sabedoría, sempre disimulada de anonimato, no noso país; ese, si, primeiro protagonista tan responsábel do inmenso legado patrimonial que nos corresponde, que sustenta a nosa identidade cultural; e tamén, por certo, o contido valiosísimo dos nosos museos. Xa o dixemos en ocasións anteriores. Logo de contrastar reiteradamente —mesmo até estes últimos días— este proxecto de lei con especialistas do ámbito que nos ocupa, que é a ciencia da museoloxía, concluímos que estamos ante un texto no que, infelizmente, nin gañamos nin aprendemos, xa que vostedes desde o Partido Popular renunciaron a presentalo de verdade como unha lei pioneira, pero pioneira de verdade, no seu significado pleno, como, por certo, agardabamos despois dos reiterados anuncios ao longo de varios anos que foron facendo. Realmente crearon unhas expectativas que non se ven agora cumpridas.

Renunciaron, ademais —e sobre todo queremos facer fincapé nisto—, a achegala ás correntes máis renovadoras da ciencia da museoloxía, comezando pola museoloxía social, que xa ninguén cuestiona e que todo o mundo inclúe, encamiñada a potenciar a función social dos museos como ferramentas para o desenvolvemento e para a transformación da comunidade; un erro moi importante, ao noso ver, como punto de partida, que fai nacer xa en orixe, antes do seu nacemento incluso, unha lei cativa, unha lei restrinxida, caduca; limitada, por tanto, de seu. Preguntámonos, entón, no Grupo Parlamentario do BNG, onde está a súa ambición de proxección *ad futurum*, onde está a capacidade de anticipación.

Confórmanse, pois —concluímos—, con regular unha casca baleira e renuncian a ese sempre necesario e ambicioso corpo, o contido do que aprender e co que gañar, como dicía o saber popular.

A análise deste proxecto confirmou, ao noso ver, un articulado insuficiente e, ademais, moi distante das potencialidades e das oportunidades do noso inmenso patrimonio museístico. Por iso presentamos inicialmente unha emenda á totalidade, mais, iso si, como é marca no BNG sempre, con carácter propositivo; un espírito propositivo que ficaba recollido, recom-



pilado, nese conxunto complementario de 31 emendas, que respondían a un obxectivo vertebrador e nuclear: contribuír á mellora e ao perfeccionamento dun documento que si, efectivamente, tiña que ser chamado pioneiro e axustado sobre todo ás correntes máis renovadoras da ciencia e da museoloxía; unha ciencia que non podemos esquecer que estivo sometida nos últimos anos —como é obvio, polo seu carácter fundamentalmente socializador— a mudas continuas, non só polo que di respecto de contidos, senón tamén do propio continente e, sobre todo, da xestión do que é un museo.

A vontade do BNG, polo tanto, era contribuírmos a lle ofrecer á sociedade —si, certamente— unha primeira lei que abrise un camiño novo, que fixase os alicerces dunha rede museística viva, interactiva, inclusiva e cohesionadora do noso país, con personalidade propia, como non pode ser doutra maneira, mais enmarcada nunha forza cultural museística que se corresponde co noso inmenso legado patrimonial cultural —sexa popular, sexa culto— e, sobre todo, xeradora dun presente cultural que confirmamos día a día que está en continua e en permanente renovación e creación experimentadora.

E fixémoslo así porque non se entende a museoloxía, dende a nosa perspectiva, se non é quen de ser fío condutor entre o que fomos e o que somos hoxe en día como comunidade. Non somos un buraco negro no universo cultural, senón que somos unha estrela dentro dunha constelación herdada da que queremos coidar. Esa é a nosa responsabilidade.

Dende o comezo, na emenda á totalidade evidenciamos dúas eivas estruturais de calado; dixemos unha de forma e outra de fondo. Ningunha das dúas —temos que recoñecer— foi superada neste proceso de tramitación.

Recompilemos. Canto á forma, evidenciamola en razóns de procedemento, de elaboración e de tramitación, evitando —nunha urxencia, ao noso ver, inustificábel— o rigor necesario de consulta e de contraste para un marco legal destas características con órganos consultivos fundamentais. Vetouse, polo tanto, señorías do Partido Popular, a voz de órganos consultivos fundamentais como o Consello da Cultura Galega —xa foi aquí explicitado pola compañeira do Grupo Socialista—, a Universidade, a Real Academia de Belas Artes, etc., entre outras moitas institucións, o que proba un importante déficit democrático que incluso os leva a autoemendar a súa propia Lei de patrimonio cultural do ano 2016.

Tamén, neste sentido, explicamos o cativo e pouco accesíbel tempo de exposición pública que facilitase e permitise a presentación de achegas: tres semanas en pleno verán, entre xullo e agosto do 2019. É unha curiosa aplicación práctica da definición de transparencia pública, ao noso ver.

E canto ao fondo, para alén de resultar un marco caótico, sobre todo nalgúns partes da súa formulación, como recolleu o Informe do Consello Económico e Social, evidenciamos algo que para nós está na base e na raíz: a ausencia das novas correntes de pensamento da museoloxía; toda esa reformulación que procede xa do ICOM, daquela reunión do ano 2019 en París. Unha ausencia maiúscula —e aquí queremos facer fincapé— que condena este texto antes de nacer á prehistoria museística cando realmente debiera de estar sentando as claves do futuro.



No sentido reparador da norma ían enfocadas as nosas emendas, vinculadas —por citar moi brevemente algunhas cuestións— á reparación da exclusión do patrimonio cultural inmaterial, industrial e tamén o de memoria histórica —que, por certo, xa están definidos na Lei de patrimonio do 2016—; a reparar a ausencia de detalle nas competencias a respecto dos museos ou os criterios xerais das políticas públicas; á renuncia a regular aqueles museos ou coleccións museográficas que temos no noso país de suma importancia, mais que son titularidade, por exemplo, da igrexa ou do exército; e a evitar a exclusión máis unha vez da tradición histórica do galeguismo en materia museolóxica, que xa inaugurou —e si daquela, de forma pioneira— o Seminario de Estudos Galegos fará no ano 2023 un século.

Son emendas que pretendían reparar tamén incoherencias ao se referir, na exposición de motivos, ás recomendacións da UNESCO, que logo, no marco legal, non se concretan, ou a resolver contradicións coa propia Lei de patrimonio cultural, ou redundancias como regular o Sistema galego de centros museísticos, cando xa está no artigo 114 desta lei, que, con todo, desde o Partido Popular non foron capaces de desenvolver xa dende o ano 2016.

En definitiva, quixemos reparar a pouca definición dos tipos e dos centros museográficos, malia estar xa, como un precedente claro, categorizadas polo ICOM.

Quixemos chamar a atención ante a ausencia e mención de museos virtuais ou en liña que albergan obras puramente dixitais, o que xa se chama «ciber arte»; detallar as áreas de traballo específicas dentro dun museo; teimar na importancia dunha área de educación que non pode ficar diluída no que se chama dinamización sen máis; e quixemos tamén contribuír a definir as tarefas e os requisitos imprescindíbeis para acceder a postos de traballo nos museos —por certo, unha especialidade para a que aínda os nosos mozos e mozas non se poden formar no noso país e teñen que saír fóra—.

Pois ben, nada disto foi incorporado; foi unha oportunidade perdida —entendémolo así— para reescribir, con visos de futuro, o noso propio relato histórico museográfico con esa mirada de mañá. Optan desde o Partido Popular máis unha vez pola fachada do inmovilismo cultural da aparencia, «que pareza que se fai», mais para nada.

Do total das 31 emendas rexistradas polo noso grupo —xa o advertimos na Comisión— apenas foi aceptada unha, como non podía ser doutra forma no noso espírito de adición. E é aquela que apela a algo que para nós é fundamental, como é a necesidade de desenvolver mecanismos efectivos de coordinación entre a Rede de centros museísticos, sexan estes de titularidade autonómica ou non. Planificar esta vizosa rede museística viva que temos de forma coordinada era, se o dicimos así, un obxectivo principal, mais tamén o era reparar unha ausencia tan inexplicábel como incomprendíbel, porque aínda hoxe seguimos a nos preguntar como puideron esquecer as mans redactoras deste texto legal o museo por excelencia do noso país, a expresión da raíz identitaria galega, o Museo do Pobo Galego. ¿Como puideron excluílo? Porque seguimos sen ser capaces de comprendelo. ¿Como se pode redactar unha lei para un país excluindo a súa raíz e prescindindo ou ignorando a columna vertebral?

Aí quedou, como digo, toda a capacidade transaccionadora, toda a vontade emendadora, autorizada polo Partido Popular. «Fin da cita», podemos dicir, fin do capítulo, fin da serie.



Comprenderán que con este balance non nos podemos sentir reflectidas, espelladas, no documento final, nesa redacción que hoxe se pretende aprobar, que segue a ter exclusivamente a pátina monocor do Partido Popular. «*Un obxectivo sen un plan é só un desexo*», lemos en *O Principiño*. Sen un verdadeiro plan de inclusión no proceso de debate, o obxectivo aquí hoxe maniféstase ben ás claras como desexo excluín-te, e así o vivimos no BNG. E hai un refrán ben coñecido de todas nós que di que o papel terma do que lle poñen. Temos agora unha nova oportunidade de o verificar con esta lei.

Podíamos pensar que se trataba dun marco legal, como tantas veces acontece, aberto, abstracto, teórico, de mínimos. Mais tamén pensabamos e aspirabamos a que durante estes meses o Goberno daría en paralelo sinais dun proxecto moito máis concreto e ambicioso.

A realidade non foi así e definitivamente hoxe podemos cualificar esta lei tan apresurada e extemporánea como anecdótica e de puro trámite para o Partido Popular.

Por unha banda, vímolos na aprobación dos orzamentos para o ano 2021, tan expansivos de certo, mais que en absoluto tiveron unha correlación que xustifique ese interese por un desenvolvemento museístico de futuro. Podemos dicir que o Goberno aprobou con este orzamento unha certa emenda á totalidade desta lei. Pola outra —reiterámolo agora—, a nula presenza da Rede museística galega na Comisión de Reactivación Social, Económica e Cultural, como un importante recurso de reactivación dende o interior cara ao exterior. Porque xa sabemos que a cultura é un dereito, xa sabemos que é un ben esencial, aínda que o Partido Popular aquí non quixo aprobalo, mais tamén do que estamos absolutamente convencidas no BNG é de que a industria cultural é un motor fundamental de reactivación económica, e os museos fan parte desa cadea vital que representa a cultura. Reparen, se non, nos museos de Irlanda, da Provenza ou de Cataluña máis próximos, que son auténticos referentes no progreso. Abran os ollos, abran a mirada, amplifiquen a modelos ben experimentados. Sexamos dunha vez por todas ambiciosas. Por iso nos estraña que aquí se omitan conceptos que hoxe son fundamentais como «ecomuseo», aquela economía que pode propiciar o museo como centro atractivo e dinamizador dunha área.

Rematamos xa porque o tempo nos impide seguir argumentando. Hoxe aprobarán en solitario unha lei que nace revellada, que permanece dende xa na prehistoria da historia da museoloxía, porque responde a políticas antigas de museos de meros espectadores máis que de actores; unha lei que xa dixemos que é caótica nalgúns aspectos da súa formulación, noutros inconcreta, redundante ou confusa mesmo para o momento da aplicación por parte do Sistema museístico galego e que vira as costas a unha aplicación directa e real á participación social, ao reducila a unha representación maioritaria do Goberno galego no Consello de Centros Museísticos de Galiza.

Aprobarán, por tanto —e finalizo—, un articulado que mantén a indefinición tradicional a respecto das denominacións, das funcións, da profesionalización de persoal e dos criterios de conservación e arquivo para salvagarda da memoria colectiva.

Será así a primeira Lei de museos e centros museísticos de Galiza; velaquí o titular, principio e fin en si propio. Mais volvéndonos a esa lectura da alfaia literaria que antes mencionaba,



que é *O Principiño*, alí dise: «O esencial é invisíbel aos ollos». O esencial do proxecto de vida, mais sobre todo do proxecto de futuro dos museos galegos, é invisíbel nesta lei.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Queixas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra o señor Ferro Iglesias.

O señor FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días a todos, señorías.

Antes de nada, antes de empezar, quería advertir dun pequeno erro do que xa falamos na Comisión onde aprobamos o ditame. É sobre o artigo 4.2.f). Había unha engádega ao final de «divulgación científica». Habería que engadir «e cultural». Era algo que xa o tiñamos posto de manifesto os tres grupos porque se aceptara no artigo 3 unha emenda de engádega do Partido Socialista neste sentido, e tamén para que o artigo 4 e o artigo 5 tiveran a mesma coherencia. E no artigo 5.3.e) sería exactamente igual; simplemente habería que engadir «e cultural».

Por suposto, quero agradecer o bo clima de diálogo que tivemos cando elaboramos, nas distintas reunións, o informe da Ponencia, señora Queixas e señora Díaz. Creo que melloramos o texto entre todos. E eu quero quedar, loxicamente, co positivo, co positivo desta lei e co positivo de que transaccionamos e aceptamos distintas emendas. Recordei agora, segundo estaban vostedes intervindo, algunhas, como a do artigo 18, unha importante transacción feita polo Bloque Nacionalista Galego, de adición, sobre a Rede dos centros museísticos, que a señora Queixas mencionou, e a que tanto invocan vostedes do Museo do Pobo Galego, que xa fomos advertidos por eles mesmos e, loxicamente, tiña que estar aí e finalmente está aí; unha adición tanto do Partido Socialista como do Bloque Nacionalista Galego.

E, claro, loxicamente, eu teño que discrepar de vostedes. Non estou de acordo na percepción que vostedes mostran sobre esta lei. Esta lei si que regula cuestións importantes e de calado que non recollía a Lei de patrimonio cultural, e, se nos cinguimos aos antecedentes, como xa saben e expliquei nas distintas comisións, a Comunidade Autónoma, tanto a galega como todas, ostenta a competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arqueolóxico e arquitectónico de interese de Galicia, sen prexuízo do que dispón, loxicamente, o artigo 149 da Constitución española e tamén en materia de museos de interese para Galicia que non sexan de titularidade estatal. Pero a verdade é que ata o ano 1995 a única normativa que existía en Galicia en materia de museos era o Decreto 314/1986, de regulación do Sistema público de museos da nosa comunidade. Foi precisamente nese ano, no 1995, cando se publicou a Lei do 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia, cuxo título V, como saben, introduce a primeira regulación de nivel legal do ámbito museístico. Esta regulación establece as trabes esenciais do Sistema galego de museos, introducindo unha regulación da definición, funcións e réxime xurídico dos museos e das chamadas coleccións visitables.



Loxicamente, a evolución do sector museístico evidenciou que eran insuficientes estas previsións legais para facer fronte a unha realidade como a dos museos, que é moi cambiante, de tal modo que esta lei foi derogada, como tamén saben, pola Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Este texto legal dedica o seu título VIII aos museos e marca a pauta a partir da cal se vén dar resposta a todas aquelas cuestións que se suscitan con motivo da xestión deste tipo de institucións, orientadas a satisfacer as demandas dunha sociedade que lles require aos museos a atención de novas necesidades.

Esta será —xa o recordaron vostedes— a primeira lei de museos e outros centros museísticos; unha norma novidosa no ámbito autonómico e pioneira no eido do respecto pola pluralidade, o acceso á cultura, a integración da perspectiva de xénero e o emprego das TIC, que pretende outorgar todo o protagonismo que merecen os museos, tendo en conta a súa cuádrupla dimensión: social, investigadora, pedagóxica e económica.

A nova lei impulsada pola Consellería de Cultura completa a articulación legal das institucións culturais de referencia do noso país, logo da posta en marcha da Lei 5/2012, de bibliotecas de Galicia, e da Lei 7/2014, de arquivos e documentos de Galicia. Tamén supón un desenvolvemento imprescindible da norma legal que rexe no noso patrimonio cultural, a Lei 5/2016, que incluía unha regulamentación básica de museos á espera de que se definise un novo marco específico.

Galicia precisaba dunha norma que regulase o sector con flexibilidade e mirando ao futuro, que a dotase de seguridade xurídica, que potenciase a actividade desenvolvida no eido dos museos e que tivese en conta a dimensión plural da nosa función dentro dunha sociedade moderna e democrática. A futura lei será a primeira normativa específica que regulará esta materia na nosa comunidade, abordando dun xeito global os retos aos que se enfrontan estas institucións neste século XXI como servizos culturais de primeiro nivel e o alcance de toda a sociedade, tanto galega como foránea.

A lei define cada unha das tipoloxías que integran o concepto máis amplo e xenérico de centro museístico: os museos, as coleccións museográficas e os centros de interpretación do patrimonio cultural de Galicia. Delimita as condicións necesarias para a súa creación, así como aspectos organizativos e de xestión. Ademais, regula toda unha serie de medidas de dinamización neste ámbito e, finalmente, describe e fixa o réxime sancionar aplicable. A lei ten por obxecto a regulación do réxime xurídico destas institucións de interese para Galicia, así como o establecemento do Sistema galego de centros museísticos, presidido polos principios de coordinación, colaboración e complementariedade, cuxo fin é a mellora da organización e o funcionamento dos centros que o integran.

A nova norma, promovida pola Consellería de Cultura, lexislará por vez primeira o papel dos museos e ofrecerá un marco xurídico no que teñan cabida non só as distintas realidades museísticas de Galicia, senón tamén a súa pluralidade tipolóxica e temática, etnográfica, arqueolóxica, casas museo, ecomuseos, etc., amosando estas institucións como activos de referencia no plano cultural, investigador, educativo e económico. O Sistema galego de centros museísticos será a estrutura organizativa e funcional de integración dos centros e redes museísticas da comunidade autónoma, concibido dentro do máximo respecto á súa auto-



mía para unha coordinación eficiente da xestión cultural e científica dos distintos centros. Estará formado por un órgano administrativo de dirección e coordinación, o Consello de Centros Museísticos de Galicia, e os diferentes museos, coleccións museográficas e centros de interpretación de patrimonio cultural debidamente autorizados.

Formar parte deste sistema levará asociada unha serie de beneficios tales como a participación en liñas concretas de axudas que poidan establecer a prioridade no acceso a determinadas accións colaborativas e tamén formativas, así como na recepción de depósitos ou participación en accións de promoción cultural e turísticas, entre outras. Así mesmo, fíciase a creación de redes de centros museísticos para mellorar a cooperación e o aproveitamento transversal dos medios dos que dispoñen, co fin de incrementar a súa eficacia no cumprimento das súas funcións. As redes constituirán subsistemas operativos para o seu funcionamento e para a organización do Sistema galego de centros museísticos. Estableceranse redes atendendo ao ámbito territorial —titularidade, contido temático e discurso museolóxico—, e a participación nelas terá carácter voluntario. Especial relevancia teñen nesta lei as novas ferramentas e órganos creados para a mellora na xestión destas institucións na nosa comunidade.

E, como xa dicía antes, en primeiro lugar, créase o Consello de Centros Museísticos de Galicia, un órgano colexiado de natureza consultiva. E, en segundo lugar, prevese a creación do Rexistro Xeral de Centros Museísticos de Galicia, que será o instrumento de carácter administrativo no que se inscriban os museos, as coleccións museográficas e os centros de interpretación do patrimonio cultural autorizados. Este vén substituír e perfeccionar o actual Censo de Museos de Galicia, que conta cun total de 94 centros na nosa comunidade e que integrará polo menos os datos relativos á titularidade, domicilio, denominación, tipoloxía e ámbito temático, descrición dos bens inmoables que o conforman, recursos humanos, áreas funcionais, servizos que presta, horarios e réxime de visita pública.

Como xa se ten dito, esta lei aborda e regula outras realidades museísticas alén dos museos, como son as coleccións museográficas, que xa se viñan previndo na regulación anterior do patrimonio histórico da nosa comunidade dende o 1995 baixo aquela denominación naquel momento de «coleccións visitables», e tamén fai fincapé por primeira vez nos centros de interpretación do patrimonio cultural; estes últimos definidos e regulados por primeira vez, como dicía, no noso ordenamento xurídico, o que supón que se vai cubrir un baleiro normativo que existía respecto deste tipo de centros.

Outro dos aspectos que teñen especial peso neste texto é o fomento da actividade científica e investigadora. Neste sentido, a investigación reflíctese como unha función, pero tamén como un deber dos distintos centros. A lei quere impulsar a investigación que se fai desde dentro, especialmente nos centros de titularidade ou de xestión autonómica. Desde este punto de vista, preténdese fomentar a investigación e a colaboración, non só no ámbito dos museos integrados nas redes galegas de museos, senón máis aló, no ámbito do Estado e mesmo no eido internacional.

Neste sentido, está previsto que os catálogos contén cunha versión dixital de acceso aberto con fins sociais, educativos e de interpretación. Regulamentariamente establécense as ca-



racterísticas do Sistema de xestión documental, e procurárase a aplicación das novas tecnoloxías co fin de facilitar a xeneralización dos sistemas integrados de información, documentación e xestión nos centros que formen parte deste Sistema galego de centros museísticos.

Polo tanto, señorías, creo que era unha lei necesaria. E quero agradecerlle ao conselleiro e a todo o seu equipo o seu traballo para a súa redacción; vai ser unha importante e pioneira Lei de museos para a nosa comunidade de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Ferro Iglesias.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos agora á rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais.

En primeiro lugar, ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Ola de novo.

Nós —xa o dixemos anteriormente—, aínda que estamos de acordo con esta lei, coa necesidade dunha lei especificamente dedicada a estes centros museísticos, dende logo, consideramos que este texto lexislativo, tal e como está, é insuficiente, precisamente polo que dicíamos, porque o seu contido non regula coa precisión necesaria aspectos tan fundamentais como poden ser os seus obxectivos, as súas funcións ou mesmo, como dicía antes, a súa misión.

Dende logo, obvia que os museos son institucións dedicadas á salvagarda da nosa memoria. Non son meros contedores culturais; non, non son meros contedores culturais, son moito máis, e iso, ao noso entender, non queda reflectido nesta lei. Moi ao contrario, o que nós apreciamos non é só desinterese por regular este ámbito cultural esencial, senón que ademais semella que hai poucas ganas de entender a súa evolución en todo este tempo e tamén semella que hai poucas ganas de entender a maneira que ten a sociedade actual de consumir este tipo de cultura, de enfrontarse a ela nestes tempos novos. E dicimos isto porque se o Grupo Popular —ou o Goberno, neste caso— fíxese o exercicio de consultar —non, naquela primeira xuntanza de traballo, creo que era en 2019, con esa foto maravillosa de todas as persoas expertas que traballaban nese ámbito—, se fíxese máis reunións con toda esta xente, daríase conta do que estamos a dicir aquí. E é que, pese a ser necesaria unha normativa coma esta, é insuficiente, dende logo, porque non dá resposta a problemáticas ou a situacións actuais. De entrada —diranlles—, parte dunha concepción caduca, antiga, da actividade museolóxica.



Aceptaron en comisión algunha das nosas emendas, efectivamente, pero, como dicíamos, foi só para ter argumentos de vontade política e consenso; pero non nos convencen. A realidade é que unha cuestión de tanta relevancia como é o regulamento do noso patrimonio museolóxico non pode quedar nunha mera cuestión numérica. Non tiveron —e xa vemos que non teñen— a ben asumir emendas, nin as nosas, nin as do outro grupo parlamentario, as do Bloque Nacionalista Galego —que, por suposto, aceptamos, xa o dixemos na Comisión—; coas súas e coas nosas cremos que o texto, sen ser o mellor, polo menos melloraría notablemente.

Reafirmámonos na idea de que a Xunta de Galicia con esta aprobación, coa proposta desta lei, o que quere é tan só sumar unha iniciativa legal máis, dado o seu escaso traballo neste senso ao longo de todos estes anos. E ese é o único propósito de presentar esta lei; presentouse con prisa, sen debate, sen reflexión...; ou sexa, pura propaganda. Pura propaganda e información enganosa tamén nesas múltiples notas de prensa. Veremos a de hoxe, porque en todo este tempo, dende logo, a Xunta de Galicia falou ben pouco desta lei, e cando o fixo foi para anunciar que se impulsaba para adaptar a actividade destes centros ás novas tecnoloxías. Por favor, eu volvo reiterar aquí que me digan onde aparecen esas novas tecnoloxías neste texto, salvo en contadísimas ocasións. Non é un texto que, dende logo, regule este uso das novas tecnoloxías. E facer catálogos dixitais non creo que fose o propósito do que estamos falando.

É curioso tamén que moita parte do contido recollido no novo texto, dende o noso punto de vista, debería ser obxecto de desenvolvemento regulamentario e non aparecer aquí reflectido, e ao contrario, aspectos que deberían concretarse, como, por exemplo, a representación de entidades no Consello de Centros Museísticos déixanse non sabemos se para un desenvolvemento regulamentario ou para unha nota de prensa que anuncie a súa constitución. Tampouco o sabemos.

Repetimos —xa para rematar— que, dende o noso punto de vista, o texto carece de contido e de clara vontade de regular normativamente os centros museísticos, e, a pesar do que se afirma na exposición de motivos, este proxecto de lei non proporciona en absoluto unha maior protección ao noso patrimonio cultural do que xa está desenvolvido na Lei 5/2016, que, como dicíamos, prevía un desenvolvemento regulamentario que en esencia é o que contén, aínda que de forma moi confusa, este texto que hoxe estamos a debater.

Así que, por todo o dito e porque o Grupo do PSdeG, dende logo, pensa que a nosa cultura merece moito máis respecto e atención, nós non imos apoiar esta lei.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Díaz.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Queixas Zas.



A señora QUEIXAS ZAS: Bo día de novo.

«Dime que museos tes, e direiche quen es». Comparto con vostedes esta afirmación que me quedou ben gravada dunha das múltiples conversas que tiveron con moitas persoas especialistas e expertas no ámbito da museoloxía no noso país. Eu creo que está aí unha das claves. Eu apelaba na primeira intervención a que esta lei era necesaria —que, efectivamente, concordo con vostede niso, señor Ferro—, era moi necesaria, mais insisto en que o seu resultado non responde a esa necesidade, e non é unha lei útil, infelizmente. É unha oportunidade perdida, como dixemos. (*Aplausos.*)

«Dime que museos tes, e direiche quen es» foi o que creo que realmente me deu moitas claves para esta intervención, e para o traballo arredor desta lei, porque me viñeron á mente moitas acordanzas que explican o presente e que xustifican esa prehistoria na que vai seguir anquilosada esta lei que intentei xustificar ao principio.

Temos uns museos, unha rede museística, que xa está, efectivamente, na prehistoria, e nesta lei non se ve luces de que avance; uns museos sometidos a circunstancias absolutamente limitadoras por razóns de espazos hiperreducidos, totalmente insuficientes, por falla de persoal especializado para desenvolver os labores propiamente museísticos, pola propia inseguridade integral dos seus contidos moitas veces e por unha lacra económica. Por iso só quería facer, moi brevemente, tres acordanzas que explican as circunstancias da nosa rede museística galega, porque non se perciben —insisto— eses raios de luz nesta lei.

Por unha banda, a evolución orzamentaria. Entre o ano 2009 e o ano 2017 os importes orzados descendieron brutalmente no que é a dedicación a museos, igual que para arquivos e bibliotecas. Dende o ano 2018 ata este mesmo ano apenas o incremento se foi producindo dunha maneira moi pouco representativa, nada singular, e que non compensa en absoluto todo o que perdemos dende o 2009. Temos un diferencial acumulado de menos de 18,5 millóns de euros, que perdemos no camiño e, polo tanto, perdeu o mantemento e a necesaria reactivación dos museos.

En segundo lugar, unha hiperbreve reflexión sobre os recursos humanos. Temos neste momento unha herdanza caracterizada pola progresiva amortización de prazas dende hai algo máis de dez anos, pola non reposición desas prazas que quedaron vacantes por razóns obvias e naturais de xubilación, e, como moito, nalgúns casos, pequenos encadeamentos de contratos para persoas bolseiras; é dicir, temos a imposibilidade de poder xestionar un plan museístico serio, solvente e rigoroso nos nosos museos; un funcionamento absolutamente precario e sostido, moitas veces, na boa vontade das persoas.

Temos eses museos fundamentais sen persoal humano suficiente para poder atender todo o que é a xestión interna, a organización das coleccións, as exposicións, a conservación dos bens, os labores de investigación, a dixitalización —onde estamos aínda a anos luz— e tamén a colaboración cos investigadores e investigadoras, que moitas veces chegan aos centros e, por esta razón de precarización laboral, nin sequera teñen forma de acceder a esas pezas que necesitan para elaborar os seus traballos de investigación. Recomendo, porque non o podo explicitar aquí, a lectura e a análise do informe *O emprego cultural en Galiza*, do



ano 2019, do Consello da Cultura Galega, así como un informe que reconece que existen nos nosos centros museísticos moitas persoas realizando funcións que non están contratadas na categoría que lles corresponde.

Tamén, neste sentido, teño que mencionar que dende o ano 2008 non houbo outra convocatoria de oposicións. No ano 2019 anunciouse, fíxose un anuncio, como é algo moi habitual no Partido Popular. No ano 2020 fíxose outro anuncio. Pero convocatoria explícita desta oferta pública de emprego aínda non a viron, e hai moita xente que está moi pendente, que está moi ansiosa de que saian. Pero tamén están moi pendentes de que saia, primeiro, publicado o temario, porque é imposible preparar o que é a oposición do traballo da túa vida, para o que te formaches durante moitísimos anos, incluso fóra do noso país, e non ter nin sequera garantidas esas oportunidades de poder acceder a esa proba.

E, por suposto, teño que mencionar tamén as bolsas de formación, antes anuais, agora xa só bianuais e, como moitos recoñecen, cun importe mensual incluso inferior ao salario mínimo. Estas son as circunstancias da suposta calidade ás que están sometidos os nosos museos e o persoal traballador.

E, por último, unha pequena reflexión sobre o estado dos museos galegos. ¿Que credibilidade realmente achegamos desde esta norma, desde este goberno, querendo xustificar unha lei que, efectivamente, tiña que ser pioneira, novidosa e garante do acceso á cultura para toda a sociedade, asentada nos catro piares básicos que o señor Ferro mencionou —social, investigadora, pedagóxica e económica— cando reiteradamente os nosos centros museísticos están absolutamente abandonados? ¿Como se explica o abandono do Museo Marco, de Vigo? ¿Ou o silenciamento ante o peche do Museo de Arte Contemporánea da Coruña, que foi unha auténtica orfandade para a cidade? ¿Por que son cómplices da banca privada, co ostracismo ao que está sendo sometido todo o patrimonio cultural e artístico que temos das extintas caixas de aforros? (*Aplausos.*) ¿Como se xustifica que despois de tres anos de incoado o procedemento BIC para o Museo Carlos Maside siga non se sabe onde? ¿Como se poden pechar os ollos a este actual —neste momento e nestes días— posíbel espolio de bens patrimoniais que se está a producir na Casa Cornide? ¿Ou como son cómplices do escarnio ao que seguen a someter o legado de Sargadelos?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: Efectivamente —e remato xa, señor presidente—, ningunha destas preguntas ten resposta nesta lei, e tampouco as atopamos nos seus discursos laudatorios, por iso o noso voto ten que ser negativo. ¿E saben por que? Porque esta lei, dende a perspectiva do Grupo Parlamentario do BNG, é un traxe de palla, sen corpo que abrigar e sen alma que coidar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)



Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Ferro.

O señor FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días de novo.

Eu xa sei que os do Partido Popular vivimos nunha realidade paralela, pero, bueno, seguiremos traballando en positivo, coma sempre, e tratando de mellorar as cousas.

Mire, as emendas non se rexeitan por capricho. É a primeira lei que tramito eu, e o que me transmitiron non foi iso, senón que foi dialogar, escoitar e consensuar. Moitas das súas emendas ían redactadas en contra do que propoñen os Servizos Xurídicos; son cuestións de técnica normativa na redacción das leis. Recordo que un dos artigos que eu propuña tamén tiña un problema así, e algunhas das de vostedes, tamén. Outras desestimáronse porque xa estaban recollidas noutros preceptos.

Eu creo que, a pesar de todos os males que, segundo a oposición, ten esta lei, foi unha lei transparente, unha lei cunha tramitación transparente —que é importante—, e conta con todos os informes técnicos e xurídicos favorables. Segundo estes informes, non houbo ningún defecto de forma; é unha lei técnica, non é unha lei ideolóxica. (*Murmurios.*) Estas características de transparencia, de non defectos de forma, eu considéroas importantes, e non as cumpren todas as leis en todos os lugares que se aproban. Hai nalgúns lugares nos que se aproban leis que non cumpren estes requisitos, pero tampouco quero entrar niso, porque eu quero consenso, non quero crispación.

Señora Díaz, as tecnoloxías si que aparecen, japarecen! Primeiro dicía que non, despois dicía que si, pero que non. Aparecen, están aí, simplemente a Consellería non obriga os centros a utilizar unha ferramenta única; deixa liberdade para utilizar distintas ferramentas.

A participación do sector tamén se realizou a través dun grupo de traballo, e iso permitiu a participación na fase de redacción do texto de profesionais de recoñecido prestixio, que serviu para tomar o pulso da situación e os intereses do sector da nosa comunidade, logrando así unha mellor orientación dos contidos, falando cos expertos neste ámbito. Por certo, nestas reunións de traballo tamén estivo, dende o primeiro momento, o Consello da Cultura.

Respecto da composición do Consello de Centros Museísticos, quero dicirlle que nós o entendemos así; entendemos que non debe de ser rixida, que non debe ser inamovible, porque os vogais tamén, inevitablemente, poden ir cambiando, xa que os centros non son estáticos, e non imos cambiar a lei cada vez que haxa que cambiar algún membro do Consello, loxicamente.

Xa saben —e xa llelo dixen— que, unha vez aprobada a lei a través dun regulamento, se creará este consello, que lle aseguro que, na medida do posible, será plural tamén, e tratará de asegurar o equilibrio de xénero, pero sempre que sexa posible, non se poden facer imposibles. Xa se fixo así no Consello de Bibliotecas e no Consello de Arquivos.



A nosa redacción creo que non exclúe a ninguén que estea vinculado ao ámbito dos museos e dos centros museísticos. Non é excluín-te, non exclúe a ninguén. Non nomea a ninguén, farase a posteriori. Queda aberta a posibilidade de integrar os membros que vostedes pro-poñen ou outros.

É certo, señora Queixas, que o ICOM propuxo unha nova definición de museo, é certo. Pero esta non chegou a aprobarse. E como non chegou a aprobarse, esta lei non recolle esa defi-nición. É tan sinxelo coma iso.

Claro que isto non vai de números, non é unha cuestión numérica. Pero tamén —xa llo dixen na comisión, señora Díaz— aceptamos case o 20 % das emendas totais. Eu creo que non é pouco. Coas súas propostas melloramos a lei. Por iso sigo invocando que é unha boa lei e que persoalmente me gustaría que fose aprobada sen votos en contra. Serei algo inxenuo, pero considero que nestes temas culturais son moitísimos máis os aspectos que nos unen a todos que os que nos separan. Todos concordamos en que os museos son esenciais para preservar o coñecemento do ser humano en todos os niveis. Sen eles sería imposible entender como che-gamos ao nivel tecnolóxico, artístico e cultural actual, de hoxe. Cando un pobo se ocupa e se preocupa de ter, manter e mellorar estes espazos, falamos dun pobo ao que lle importa o co-ñecemento, ao que lle importa a cultura dos galegos; e, sobre todo, ao que lle interesa coñecer o seu pasado, o seu presente e como toda esa bagaxe cultural vai influír no seu futuro.

En conclusión, con esta lei dotamos os museos de maior flexibilidade, maior coordinación, maior rigor, maior seguridade xurídica, mellor xestión e fomento da investigación. É unha lei, polo tanto, aberta, dialogada, con moita participación, que está ben montada; e a que, por certo —e sobre todo— non criticou ninguén do sector.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ferro.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate dos textos lexislativos, procedemos á súa vota-ción.

Comezamos coa votación das emendas mantidas ao ditame emitido pola Comisión 2ª, Or-denación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia.

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación conxunta das emendas mantidas polo G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

Votación conxunta das emendas mantidas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o ditame da Comisión.*

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o Ditame sobre a Lei de residuos e solos contaminados de Galicia.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as emendas ao Ditame, emitido pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia.*

Votamos, en primeiro lugar, as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación conxunta das emendas mantidas polo G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*



Votación conxunta das emendas mantidas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos o ditame da Comisión.

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o Ditame sobre a Lei de museos e outros centros museísticos de Galicia.

Declaración institucional con motivo da celebración do Día Mundial contra o Cancro

O señor PRESIDENTE: Agora quería lerlles unha declaración institucional que me fan chegar os grupos con motivo da celebración do Día Mundial contra o Cancro, e que di así:

«O cancro eríxese como o principal problema sociosanitario a nivel mundial. É a segunda causa de morte a nivel mundial e prevese un crecemento de máis do 30 % de novos casos para o ano 2030. Actualmente no noso país un de cada dous homes e unha de cada tres mulleres serán diagnosticados de cancro ao longo da súa vida. Estímase que esta enfermidade afecta a 1,5 millóns de persoas en España e que se diagnostican no noso país case 280.000 novos casos cada ano.

A crise provocada pola pandemia da covid-19 non fixo máis que agravar a situación de fragilidade social e sanitaria das persoas con cancro e as súas familias como colectivo dobremente vulnerable, polo cancro e pola covid-19.

As persoas con cancro e as súas familias están vivindo diversos e severos impactos desta crise:

—Impacto sanitario: probas diagnósticas e tratamentos demorados, incerteza e necesidade de información que axude a reducir o medo ao contaxio.

—Impacto emocional e social —persoal e familiar—: soidade non desexada, ansiedade por retraso nos tratamentos e/ou probas diagnósticas, medo ao contaxio e a volver aos hospitais,



sufrimento ante as dificultades para acompañar ou ser acompañados no proceso do final da vida, e polo agravamento das dificultades económicas e laborais.

O Parlamento de Galicia, con motivo do Día Mundial contra o Cancro manifesta a súa solidariedade con todas as persoas afectadas por esta enfermidade e declara o compromiso da Cámara para contribuír a responder ás súas necesidades e paliar o impacto da pandemia nas súas vidas. Neste sentido, o Parlamento de Galicia avoga por impulsar a que se leven a cabo as accións pertinentes para paliar a súa situación de especial vulnerabilidade, así como para garantir, en condicións de equidade, os dereitos das persoas con cancro e os das súas familias.

Así mesmo, o Parlamento de Galicia manifesta o seu apoio á investigación do cancro como instrumento imprescindible na loita contra esta enfermidade, e traslada o seu recoñecemento a todas as asociacións e entidades que están acompañando as persoas afectadas polo cancro polo seu compromiso e labor continuado.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2021.» (Apróbase por asentimento.)

Moitas grazas, pola súa atención. (Aplausos.)

Continuamos coa orde do día, co punto 2, comparencias.

Comparencia do Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento e actuacións fronte á covid-19

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, moi bos días a todos e a todas.

Comparezo hoxe nesta Cámara para informar das previsións e liñas xerais de actuación da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación nun contexto inédito e moi complexo provocado pola pandemia da covid-19, unha crise sanitaria, económica e social sen precedentes en todo o mundo que nos obriga, como administración, a actuar en varias fronteas desde a anticipación, o rigor e a eficiencia. Por riba de todo temos que antepoñer a seguridade e a saúde dos galegos e das galegas. E xa lles digo que cada paso que deamos para conter o avance da pandemia sempre vai estar supeditado a esta prioridade.

Pero, ao mesmo tempo, ese esforzo no plano sanitario ten que ser compatible cun labor de acompañamento ao tecido produtivo, con medidas específicas para apoiar a recuperación dos sectores máis afectados pola crise, para protexer o emprego, para estar ao lado das familias e para tecer unha rede de seguridade para as persoas e os colectivos máis vulnerables.



Atopar o equilibrio xusto entre esa dicotomía é o gran reto que comporta a xestión desta pandemia se queremos facer posible que ninguén quede atrás.

E, con base nesa premisa, Galicia está traballando en dúas perspectivas: en primeiro termo, con medidas de choque, medidas de resposta rápida que estamos adoptando tanto desde o eido sanitario como económico para facer fronte ás necesidades máis inmediatas; e, por outro lado, con medidas orientadas á transformación do tecido empresarial galego e así saír fortalecidos desta crise, fortalecidos respondendo aos principais desafíos aos que se enfrenta a economía, que son medidas, en definitiva, que buscan garantir unha economía máis sustentable a través da transición dixital e ecolóxica. Antes de avaliar este segundo bloque de iniciativas, permítanme que me deteña nas medidas de resposta rápida, esas medidas que nos axudan a frear o impacto da terceira onda que estamos atravesando.

Como saben, Galicia viuse obrigada a adoptar o máximo nivel de restricións porque a Xunta si vai facer todo o que estea na súa man para frear a incidencia do virus máis aló da urxencia do Goberno en Madrid na xestión da pandemia. O dano nas familias que perderon un ser querido é irreversible e irreparable. Foron 1.988 persoas as que faleceron ata o de agora en Galicia desde que comezou a pandemia. Todos temos que telas moi presentes. O que non é irreversible é a evolución do número de contaxios se adoptamos e asumimos as medidas adecuadas para conter a súa expansión, porque esta pandemia non pode seguir custando máis vidas.

Polo tanto, son decisións difíciles de tomar e somos conscientes de que prexudican a sectores concretos da nosa economía. Por iso só podemos agradecer —novamente— a responsabilidade coa que todos os galegos e galegas as están a asumir, a mesma responsabilidade coa que as empresas ou, por exemplo, os centros educativos están a aplicar os protocolos de seguridade.

A loita contra a pandemia continúa e segue exixíndonos sacrificios moi duros, pero esta vez hai que dicir que xa contamos coa contribución da vacina. En Galicia remataremos nos próximos días a dispensación en residencias da terceira idade e en centros de atención a persoas con discapacidade. Xa se está administrando a segunda dose ao persoal sanitario e agardamos comezar a vacinar os maiores de 80 anos a mediados deste mes de febreiro.

Pero aínda así necesitamos concretar, señorías, un calendario de vacinación en España e que a repartición das doses se estableza en función da poboación diana que corresponda en cada momento, tal e como o presidente da Xunta de Galicia lle trasladou ao presidente do Goberno, Pedro Sánchez, na última xuntanza que mantiveron. É unha cuestión determinante este calendario de vacinación para España se queremos avanzar con garantías na loita contra a pandemia e, en consecuencia, se queremos consolidar a reactivación da nosa economía. Porque hoxe podemos estar falando de perspectivas económicas para este ano que acaba de comezar, pero somos conscientes de que todo, absolutamente todo, está condicionado pola evolución desta terceira onda e polo nivel de incerteza que está xerando esta crise.

Hoxe podemos estar falando de que o descenso do produto interior bruto en Galicia no cuarto trimestre é 2,7 puntos inferior á media de España, de que seguimos en niveis de paro infe-



riores a hai doce anos, cunha taxa 4,4 puntos menor que a estatal, a pesar de que a pandemia rachou con seis anos de crecemento continuado nas afiliacións á Seguridade Social, e de que as exportacións de xaneiro a novembro rexistran un mellor comportamento que no conxunto de España. Podemos estar falando —digo— daqueles indicadores que, aínda sendo negativos, amosan que Galicia está a resistir mellor que a media das comunidades autónomas. Pero o certo é que o escenario é moi adverso para o conxunto da economía española, que registrou en 2020 a maior caída do produto interior bruto dos últimos oitenta e cinco anos.

Polo tanto, a realidade é que estamos ante unha crise de dimensións aínda descoñecidas, na que calquera previsión que poidamos facer vai estar suxeita a este clima de incerteza que nos rodea. Seguimos actuando desde a prudencia e desde o sentido común. Son a mellor receita que temos para poder anticiparnos en cada momento e atender coa maior precisión posible as necesidades de traballadores, microempresas, pemes e autónomos.

Con todas as cautelas, non lles vou negar que nos gustaría mirar o ano 2021 con certo optimismo e coa confianza de que poida ser un ano para afianzar a reactivación económica. Temos os dous estímulos claves para que así sexa: a vacina e os fondos europeos de reconstrución *Next Generation* —dos que lles falarei máis adiante—. Ambos os dous requiren un esforzo de xestión e de coordinación entre administracións sen precedentes, para o que Galicia sempre terá a man tendida, porque así defendemos e entendemos a cogobernanza desde a Xunta de Galicia e porque así cremos que debe proceder o Goberno central e a Administración local na xestión desta crise.

Señorías, con este espírito de cooperación e de consenso é como estamos tratando de responder ao impacto da pandemia, facendo do diálogo social o marco natural para acordar as medidas de choque e as reformas necesarias para a modernización do tecido produtivo, apoiándonos nas recomendacións do comité de expertos económicos —como tamén o faremos coas conclusións que saian da Comisión de Reactivación que se desenvolveu nesta Cámara—, pero, sobre todo, señorías, escoitando os sectores máis afectados pola crise.

Defendemos a colaboración como base de toda resposta, porque xa foi a fórmula que empregamos no mes de xuño pasado cando aprobamos o Plan de reactivación e dinamización de Galicia. Con esta estratexia, coa que prevemos mobilizar máis de 3.000 millóns de euros de fondos públicos e privados, desde a Xunta de Galicia buscamos mitigar os efectos da pandemia no tecido produtivo, no emprego e nas familias, e cun horizonte claro, que é impulsar a reactivación e a recuperación económica de Galicia. De feito, desde a Vicepresidencia Segunda son máis de 350 millóns de euros os que destinamos no marco deste plan a dous obxectivos fundamentais: 180 millóns de euros para financiamento e máis de 170 millóns de euros para distintas liñas de axudas directas relacionadas coa dixitalización, a innovación fronte á covid, a eficiencia enerxética, a mobilidade sustentable ou a transformación empresarial.

Como balance, podemos dicir que xa se recibiron máis de 35.000 solicitudes de apoio, das que se resolveron preto de 28.000, por valor de 270 millóns de euros —é dicir, oito de cada dez—. Son apoios cos que estamos dando resposta ás necesidades e ás urxencias que nos trasladan os autónomos, as pemes e microempresas, os sectores concretos que están su-



frindo máis directamente as consecuencias das restricións á actividade e que polo tanto merecen toda a nosa atención e merecen, ante todo, unha resposta inmediata.

Pero o noso Plan de reactivación e de dinamización de Galicia é un documento vivo, un documento que se adapta ás circunstancias de cada momento e que busca solucións para os retos que nos atopamos polo camiño. Seguramente o mellor exemplo desta capacidade de adaptación é o plan de rescate aprobado pola Xunta de Galicia para os autónomos, as microempresas e a hostalaría; un plan que se puxo en marcha no pasado mes de novembro e que é un complemento para facer fronte a esa resposta inmediata que precisan os sectores máis afectados. Activamos 160 millóns de euros en noventa días en axudas directas, precisamente para os autónomos, microempresas, hostalaría, comercios galegos ou turismo, e tamén para os establecementos pechados pola emerxencia sanitaria —como poden ser os ximnasios, os establecementos de ocio infantil ou os feirantes—.

Saben que na primeira fase deste plan de rescate —xa tramitada— oscilan entre 1.200 e 9.200 euros as axudas, ás que agora se suma a segunda quenda do plan, que nos permitirá chegar a eses 160 millóns de euros e que se tramitará coa máxima urxencia para que chegue a máis persoas e con menos requisitos. Somos conscientes de que neste momento é fundamental priorizar a axilidade na tramitación, como así o estamos tentando facer.

Os sectores máis afectados saben que estamos ao seu lado e que desde a Administración cumpriremos coa nosa obriga de acompañalos nesta etapa tan complicada. Durante os últimos meses, preto de 8.600 establecementos accederon aos programas de axuda específicos que activamos para sectores como o comercio ou a hostalaría. Falamos de apoios para instalación, reforma e adaptación de terrazas, para incentivar o comercio dixital ou a ecoinnovación no deseño, embalaxes, envasados ou etiquetados; e para adaptar as instalacións dos establecementos aos protocolos de seguridade promovendo unha imaxe de comercio seguro.

De feito, na plataforma de autodiagnóstico que puxemos en marcha para asesorar en materia sanitaria os pequenos negocios xa se rexistraron 5.622 comercios na plataforma. É un sector, o do comercio, ao que seguiremos prestando unha especial atención, porque volverá ser un sector prioritario dentro das axudas do segundo plan de rescate, tal como foi no primeiro plan. Entendemos a súa preocupación, compartímola, e queremos recoñecer o grao de comprensión e adaptación de todos eles a un contexto de restricións, que lóxicamente teñen consecuencias económicas que non se poden pasar por alto. Por iso, para a Xunta de Galicia é unha prioridade seguir mantendo un diálogo permanente co sector do comercio, co que seguimos a deseñar novas medidas que contribúan á súa reactivación e á defensa do que representa para a economía galega —o 17 % do emprego e o 13 % do produto interior bruto—.

Señorías, xunto a estas iniciativas, que permiten unha resposta rápida entre os sectores máis afectados pola covid-19, é preciso tamén articular medidas que nos permitan facer da pandemia unha oportunidade para a transformación do tecido empresarial. Asegurar a recuperación económica de Galiza en termos de economía sustentable implica traballar arreo para a transición ecolóxica e a transición industrial. Necesitamos, polo tanto, medidas que transformen a nosa economía, medidas que teñen o reto de modernizar a industria e asegurar o crecemento apoiándonos nos sectores estratéxicos da nosa economía para convertelos en



motores que arrastren e mobilicen todo o tecido produtivo, nomeadamente as pequenas e medianas empresas.

Seguindo as pautas que marca a propia Comisión Europea, ese é o obxectivo principal que move a candidatura galega aos fondos europeos *Next Generation*, unha candidatura na que os proxectos tractores teñen como gran nexo de unión a innovación. O elemento central sobre o que pivotan todos os proxectos, e sobre o que Galicia aínda ten moito que dicir, é precisamente a innovación. A vontade de vertebrar e de fomentar as políticas de innovación galegas no marco da nova estratexia de especialización intelixente vai ser o que nos permita seguir diferenciándonos dende o coñecemento. Porque este compromiso coa innovación é un valor engadido que podemos observar en toda candidatura galega que opta aos fondos europeos. É o caso, como saben as súas señorías, do Polo para a transformación de Galicia, unha iniciativa que a Xunta impulsa xunto con 30 empresas e centros tecnolóxicos para desenvolver oito proxectos estratéxicos que mobilizarán 3.300 millóns de euros de investimento público-privado en tres anos. Son, como saben, un centro para o impulso da economía circular —co obxectivo de xestionar 2,6 millóns de toneladas de residuos ao ano—, unha planta para a obtención de fibras téxtiles a partir de celulosa, con capacidade de xerar entre 150.000 e 200.000 toneladas anuais, e dúas iniciativas para garantir o autoabastecemento enerxético do Polo, que son unha primeira planta para a produción de hidróxeno verde da man de Reganosa —e digo «primeira» porque confiamos en que haberá máis iniciativas similares en Galicia—, e tamén o desenvolvemento de 1.000 megavatios de nova potencia renovable, tanto eólica como solar.

Son catro proxectos tractores que virán acompañados doutras tantas propostas vinculadas coa creación de cadeas loxísticas, un centro de investigación e innovación, a posta en marcha de laboratorios dixitais. E, como novidade, súmase a estes proxectos un plan para a recuperación da terra agraria.

Con todos estes proxectos, que forman un todo, o que pretendemos é convencer o Goberno de que o Polo para a transformación de Galicia é a definición exacta dun PERTE —dos «proxectos estratéxicos para a recuperación e transformación económica» que ten regulados o propio Goberno a través do real decreto publicado o 31 de decembro do ano pasado—. Ese é, dende logo, o principal obxectivo da Xunta de Galicia. Por iso, seguindo as recomendacións do comité de expertos, a Xunta vai activar un mecanismo de colaboración público-privada que sirva de apoio e impulso tanto para os proxectos do Polo de transformación como para todos aqueles proxectos tractores que poidamos presentar desde Galicia e que estean aliñados cos obxectivos do Plan de recuperación e resiliencia. A iniciativa privada é a colaboradora necesaria para optar coas maiores garantías aos fondos europeos, así o marca o propio Goberno impulsando as iniciativas de colaboración público-privada. E desde xeito, a través do mecanismo impulsor apoiado pola Xunta, contaremos cunha xestión profesionalizada que nos permita axilizar os proxectos, dispoñer de estudos de viabilidade, desenvolver modelos de negocio e dinamizar a captación de fondos e de socios industriais e tecnolóxicos.

Na miña intervención ante a Comisión de Reactivación, na que tiven ocasión de expoñerlles os principais proxectos que compoñen a candidatura galega aos fondos *Next Generation*, xa lles avancei outras iniciativas que se suman a este Polo de transformación, e que se centran,



por exemplo, na mellora dos nosos servizos públicos ou no desenvolvemento de sectores estratéxicos en Galicia.

Son sectores como o da automoción, co proxecto Autoancora, que presenta a industria galega do sector e os seus centros de coñecemento, a través do CTAG, de Ceaga e do Grupo PSA; como o sector naval, que opta a estes fondos a través do Proxecto *Green Bay*, promovido pola Aclunaga, coa colaboración da Autoridade Portuaria de Vigo, o CTAG e a Aimen, para a electrificación do transporte marítimo na ría de Vigo; como o sector aeroespacial, co Polo aeroespacial de Galicia, que queremos consolidar a través de proxectos que presentaron tanto Indra como Babcock, e que suman un importe de 119 millóns de euros; como o sector do turismo, con diversas actuacións para mellorar os servizos na contorna do Camiño de Santiago; como o sector forestal, con medidas para impulsar a construción en madeira e a ecoinnovación, a través da Axencia Galega da Industria Forestal; como a industria biotecnolóxica, que está presente con tres proxectos vinculados ao descubrimento e posprodución de fármacos e ao sector alimentario, da man do Grupo Zendal, da Fundación Kaertor ou de Estrella Galicia, proxectos aos que lles hai que sumar dúas iniciativas impulsadas pola Xunta de Galicia a través do *hub* de innovación dixital e o centro de fabricación propia de medicamentos CAR-T.

Son iniciativas que demostran o compromiso de Galicia. Galicia está a facer os seus deberes presentándose a todas as manifestacións de interese que está publicando o Goberno de España. Estamos poñendo sobre a mesa proxectos para que cada unha das liñas que nos plantea o Executivo no eido do hidróxeno verde, da mobilidade eléctrica e sostible, da modernización industrial ou do despoboamento no rural teñan a resposta axeitada por parte de Galicia.

Como saben, neste Parlamento estase tramitando nestes momentos a Lei de reactivación económica, coa que queremos poñer o marco normativo máis acaído tanto para o desenvolvemento destes proxectos tractors como para calquera outra iniciativa de investimento en Galicia, proxectos que poderán ver axilizada a súa tramitación e que terán á súa disposición a oficina *Doing Business* para o desenvolvemento de todo o seu proceso administrativo.

En concreto, a nova lei establece que para ser un proxecto tractor é preciso que sexa un proxecto industrial estratéxico e, polo tanto, que supoña un investimento de 20 millóns de euros ou a creación de 100 empregos, e que sexa un proxecto susceptible de ser financiado polos fondos europeos *Next Generation*. Pero, ademais, señorías, a lei recolle tamén a ampliación da figura da «iniciativa empresarial prioritaria», sobre a que se plantea unha extensión do seu alcance para os proxectos de xeración eléctrica a partir de renovables cando estean vencellados ao autoconsumo industrial. É unha denominación que tamén poderán recibir aqueles proxectos eólicos que se encadren nun destes tres casos: cando creen ou consoliden un mínimo de 25 empregos vinculados a un proxecto industrial, cando teñan xustificada a totalidade dos compromisos industriais derivados da Orde do 29 de marzo do ano 2010 — do concurso eólico — e cando xeren un volume de investimento superior aos 20 millóns de euros.

Estamos traballando, señorías, para proporcionar a máxima seguridade xurídica a todo proxecto de investimento que se vaia executar en Galicia para darlle unha tramitación, ao



mesmo tempo, o máis rápida posible. Con este novo texto queremos trasladar estabilidade e queremos trasladar confianza ao tecido empresarial para non ser a administración de «volva vostede mañá». Por iso a lei afonda na simplificación administrativa fixando un prazo xeral de tres meses para emitir informes vinculados coa Administración autonómica —aplicando en todos os supostos o silencio administrativo— e no apoio ao investimento, para o que se propón entre outras medidas a figura das «entidades de certificación municipal», que lles permitirá aos concellos axilizar a aprobación das licenzas coas mesmas garantías xurídicas e técnicas que ata o de agora.

Señorías, aos concellos —e hoxe en particular a todos os grupos desta Cámara— pedímolles o máximo apoio para que esta nova lei se traduza en máis actividade económica para Galicia, máis industria e máis emprego para os galegos e as galegas. Pídolles o seu apoio para que este novo marco normativo nos permita construír confianza e atraer investimento. É o marco que precisa Galicia pero, sobre todo, é o marco que precisan os investidores e que precisan os traballadores para conseguir esa recuperación económica de Galicia.

Señorías, non podemos esquecer que o futuro industrial de Galicia pasa pola dobre transición, dixital e ecolóxica. E a nova Lei de reactivación económica non ten outro cometido que trasladar —como lles dicía— a máxima garantía xurídica a calquera proxecto empresarial que se desenvolva en Galicia neste sentido. A industria está no centro de todas as nosas políticas, e ogallá tamén o Goberno lle dese esa consideración. Porque, para Galicia, levar a cabo unha transición enerxética xusta que compatibilice a protección do medio ambiente coa actividade económica significa tamén dar certezas e alternativas que garantan o futuro industrial das comarcas onde se asentan as centrais das Pontes e de Meirama; significa traballar xuntos para que Siemens-Gamesa non peche a súa planta pas para os aeroxeradores das Somozas en pleno «boom» da enerxía eólica en Galicia e en España; significa ter en conta a realidade da comarca da Mariña, necesitada desta reactivación industrial e de que Alcoa se sume ao sentir maioritario; significa, señorías, defender a nosa industria instalada no litoral; significa exixir a Navantia carga de traballo mentres agardamos polas fragatas F-110 e levar a adiante os investimentos comprometidos para que, dunha vez por todas, o dique seco sexa unha realidade; e significa tamén contar cun prezo eléctrico competitivo que achegue estabilidade á industria electrointensiva —saben vostedes que empresas como Alu Ibérica, Megasa, Celsa ou Ferroatlántica están esperando por unha revisión do Estatuto dos Consumidores Electrointensivos porque o que se aprobou recentemente sinxelamente non é suficiente—.

Se ben é certo que todos os fondos europeos van ser un acicate para acelerar a transición cara a unha economía máis verde, esa transición, ante todo, ten que ser xusta e ten que ser planificada. Se no camiño quedan empregos, empresas, comarcas enteiras e familias que viven dos sectores que teñen que protagonizar esa transformación, entón non estaremos falando dunha transición, estaremos falando dunha ruptura.

Señoras e señores deputados, o momento tan complexo que estamos a vivir require do esforzo de todos, pero en particular require acordo e diálogo por parte das forzas políticas para trazar o camiño que hai que seguir. Todos os grupos que temos representación nesta Cámara debemos traballar na procura de consensos sobre os que construír o futuro de Galicia, porque é



precisamente o que os galegos e as galegas nos reclaman, unha política útil e unha política que teña efectos sobre a economía e o benestar. Polo tanto, busquemos acordos de máximos, busquemos acordos entre todos os grupos parlamentarios que nos permitan paliar os efectos desta crise pero tamén saír máis reforzados e deseñar entre todos a Galicia do ano 2030. O tecido empresarial, os axentes económicos e sociais, os traballadores e, en definitiva, os galegos e as galegas están sabendo afrontar esta pandemia con determinación e valentía, demostrando que todos xuntos seremos capaces de saír a adiante. Fagamos noso ese espírito de colaboración e traballemos unidos nesta Cámara pola recuperación económica de Galicia.

Señorías, é o momento de levar a adiante a verdadeira transformación de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Grazas, presidente.

Bo día a todos.

En primeiro lugar, é positivo que o señor conselleiro veña a este Parlamento motu proprio explicar as liñas de actuación da Consellería. Nós, nese sentido, valorámolo positivamente. E, en fin, non é que aportase vostede novidades esenciais nesta comparecencia respecto das que aportou vostede na Comisión de Reactivación ou mesmamente das da comparecencia do señor Núñez Feijóo a semana pasada aquí. Hai un elemento común, iso si, que é tamén a confrontación de vostede co Goberno do Estado —novamente na xestión da pandemia—. O señor Núñez Feijóo hai quince días no pleno confrontaba co Estado na xestión sanitaria e na xestión económica, nos efectos económicos que ten a xestión da pandemia, e excluindo as responsabilidades propias, as responsabilidades que o autogoberno de Galicia lle atribúe á Xunta de Galicia, ao Goberno autonómico.

Vostede, nese sentido, tamén intentou deslizar as responsabilidades cara ao Estado falando —no ámbito sanitario— do plan de vacinación, cando vostede sabe perfectamente que o plan de vacinación está perfectamente consensuado coas comunidades autónomas no Comité Interterritorial, no que participan os conselleiros, e que, ademais, a dispoñibilidade de vacinas é unha cuestión que afecta ao conxunto de Europa posto que está centralizada a disposición de vacinas.

Polo tanto, o único que explica que se introduzan este tipo de debates artificiosos é, basicamente, que se trate de eludir o debate sobre as cuestións importantes no ámbito sanitario —por exemplo, con esas chamadas do señor Núñez Feijóo que cuestionaban inicialmente o



Estado de alarma e que agora reclaman a ampliación do toque de queda—; e que se trate tamén de excluír as responsabilidades da Xunta de Galicia nesa chamada que fixo a salvar o Nadal, que consecuentemente tivo efectos sanitarios en Galicia —como todos sabemos— e tamén, en consecuencia, económicos.

No diagnóstico que vostede fai podemos coincidir. Efectivamente é unha situación dramática, inédita; en fin, que non ten parangón nos últimos oitenta anos. No que nós non coincidimos tanto con vostede é nas medidas que se están a tomar, na contundencia das medidas, na rapidez das medidas, na axilidade das medidas e na amplitude das medias. Non cuestionamos que vostedes non tomasen medidas. Sempre dixemos, efectivamente, que a Xunta de Galicia, vostede e a Consellería de Economía, tomaron medidas. Tomáronse medidas dende o Igape, pero non son as medidas que na situación inédita que vostede describe, e que todos coñecemos, necesita este país. É unha situación, ademais, que permite ser enfrontada, porque a semana pasada, ou hai quince días, se aprobaba nesta Cámara un orzamento expansivo, un orzamento que admite unha capacidade de gasto importantísima, polo que a Xunta de Galicia ten marxe de manobra, con máis de 1.575 millóns de euros de capacidade suplementaria de gasto en relación co ano pasado. Pero, efectivamente, non vemos que esa capacidade de gasto, esa capacidade de endebedamento que ten a Xunta de Galicia neste momento como consecuencia deses orzamentos expansivos, vaia directamente enfrontar unha realidade absolutamente agónica, a reactivar os sectores que neste momento están absolutamente colapsados como consecuencia das medidas clínicas que se adoptan e que obrigan a pechalos, evidentemente, e como consecuencia da caída do consumo e da contracción da demanda que provoca a situación actual da pandemia.

Señor conselleiro, vostede falaba de que o PIB galego no último trimestre caeu menos, efectivamente, que a media nacional. Nós podemos estar de acordo, evidentemente, pero no conxunto do ano o PIB galego vai caer máis, probablemente, do que vostedes consignaron no orzamento, ou do que vostedes inicialmente imaxinaban. Hai estudos do BBVA, de Funcas, que nos din que a economía galega vai caer sobre un 10,4 % ou un 11 % —polo tanto, máis dese 9,7 % que vostedes anunciaban nos orzamentos e que vai provocar unha incidencia importante tamén no emprego—. Fálase de máis ou menos unha perda estimada de 20.000 a 30.000 empregos, empregos que se van destruír basicamente no sector ligado aos autónomos, no sector ligado ás pequenas pemes, que son neste momento as que concentran o máximo do tecido produtivo de Galicia.

Efectivamente, a economía galega resiste mellor neste contexto, ou resistiu mellor que a media nacional. Efectivamente, ten explicacións tamén. Resiste mellor pero tamén recupera peor, como todos sabemos. E a economía galega, como vostedes saben, antes de chegar ao ano 2020 xa viña dun proceso evidente de desaxuste en relación co crecemento que había en España. Crecía menos que a media do conxunto do Estado en termos de PIB. Polo tanto, señor conselleiro, nós entendemos que, diante dunha situación coma esta, toda a capacidade de endebedamento, toda a capacidade de gasto, hai que orientala a reactivar a economía, a reactivar os douscentos mil autónomos que neste momento pois están nunha situación absolutamente dramática. Estes douscentos mil autónomos supoñen nove mil menos que os que había en xaneiro do ano 2020. Estes douscentos mil autónomos son o colectivo máis importante en canto a empresas e creación de empregos. O 95 % das pemes deste país son



dun autónomo. O 40 % do emprego deste país concéntranos as pemes de entre 1 e 9 traballadores. E é aí onde se está producindo, efectivamente, o impacto maior da crise.

O peso no tecido produtivo dos autónomos, das pemes, é moi elevado, e, en consecuencia, é moi vulnerable, especialmente en provincias como Lugo e Ourense —quizais en Ourense na que máis—. En fin, o señor Tellado está abaneando coa cabeza. Supoño que ten o dato coma mín. Ourense é na que máis, e probablemente pola súa estrutura produtiva excesivamente dependente de autónomos, cun sector industrial escasamente desenvolvido, e onde, ademais, a medida do confinamento e as medidas de peche se prolongaron con máis intensidade que no conxunto de Galicia —como vostede sabe—.

E, ben, esta é a cuestión. O menor tamaño das nosas empresas, a menor aposta pola I+D, a temporalidade no emprego que levan asociada estas pequenas empresas, a dependencia dos mercados exclusivamente europeos, é o que lastra precisamente a nosa economía e a nosa recuperación. E vostedes sábeno. E é aí onde temos que enfrontar toda a capacidade reactiva dende a Xunta de Galicia.

Nós entendemos que hai que tomar medidas moito máis contundentes. Vostedes no ámbito da hostalaría acabánnos de relatar unha serie de axudas que se acaban de tomar. As que eu coñezo, as que se publicaron, son 87 millóns —exactamente 17 millóns no ámbito da hostalaría, 30 millóns no ámbito dos autónomos, 37 millóns nunha segunda liña de autónomos e 3 millóns que exactamente mobilizou o Igape para determinado tipo de actuacións vinculadas ás terrazas e demais cuestións—. Esas son as medidas que se tomaron, esas son as medidas. Iso suma exactamente neste momento 90 millóns —87 millóns—. Efectivamente, a Xunta de Galicia fálanos agora dun plan de 75 millóns —falounos del o señor presidente da Xunta no último pleno—, un plan que non está anunciado pero do que eu teño por aquí o borrador e que, efectivamente, contempla unha axuda directa para os hostaleiros de 1.900 euros —se este borrador, efectivamente, se publica—. Tendo en conta que a hostalaría está pechada en Galicia e que hai 21.000 establecementos —ou había no ano 2019—, evidentemente farían falta algo máis dos 12 millóns que contempla este borrador para axudar a este sector. Farían falta exactamente 36 millóns.

Polo tanto, ao que nós emprazamos á Xunta de Galicia é a unha maior capacidade de axuda —neste caso aos sectores máis afectados—. E tamén lla reclamamos á Administración do Estado, non só á Xunta de Galicia. E a Administración do Estado mobilizou o 20 % do PIB para axudar o conxunto da economía no conxunto do Estado —tamén en Galicia—, con 1.200 millóns de euros para prestacións de ERTE e autónomos. E agora vai establecer un plan de axudas directas unha vez que se flexibilice ou se aprobe na Comisión Europea o marco de axudas neste ámbito.

E, polo tanto, entendemos que nesta situación, señor conselleiro —e non imos falar da política industrial, porque iso imos deixalo para despois—, neste contexto, os 75 millóns que se anuncian son absolutamente insuficientes, van ser absolutamente insuficientes. A caída do PIB vai ser moito maior da que inicialmente se contemplaba no orzamento de 2021 —é dicir, a que vostedes tiñan inicialmente pensada—, e, polo tanto a destrución de emprego vai ser moitísimo maior. E, para evitar isto, é aí onde a Xunta de Galicia ten que utilizar ese



esfuerzo, ese orzamento expansivo e esa capacidade de gasto que dan os 1.575 millóns suplementarios que se contemplan no orzamento.

De momento, nada máis.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Francisco Rivera.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Obrigado, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

Os efectos, os cambios e, sobre todo, a fractura social que deixe a covid van ser moi, moi importantes. A súa dimensión dependerá da xestión da crise sanitaria e do que tardemos en recuperar a normalidade, mais sobre todo das medidas económicas que se adopten. Todos e todas, a sociedade galega en xeral, agarda, desexa e necesita o que se deu en chamar «unha saída xusta e galega da crise», unha xestión e unhas medidas pensadas para que o fluxo dos recursos económicos cheguen a todas as capas sociais e políticas centradas en rescatar persoas e non na comenencia das grandes corporacións que, ante a oportunidade de facer caixa coa pandemia, levan tempo aafiando *o colmillo* sen disimulo. Para mostra, o comportamento das grandes farmacéuticas fabricantes das vacinas, que, protexidas pola escuridade da confidencialidade dos contratos, mercadean coa vida e a saúde de millóns de persoas sen o máis mínimo escrúpulo. *(Aplausos.)*

A pandemia púxonos a todos e a todas diante do espello, obrigounos a repensar as nosas prioridades como seres humanos e como sociedade. Aprendemos pola forza a necesidade de que os gobernos conten con recursos e instrumentos para intervir na economía. Aprendemos pola forza a valorar os servizos públicos como o que realmente son: esa rede de protección social absolutamente indispensable que en casos extremos como os que estamos a vivir poden marcar a diferenza entre a vida e a morte, entre a pobreza e a existencia digna. Agardamos, desexamos e necesitamos unha saída xusta e galega da crise, medidas que cheguen a todos e a todas. Mais o que deixa ver a Xunta de Galiza, polo de agora, son as fotos e os nomes dos de sempre. E tampouco deixa ver moito máis, porque o Partido Popular tamén gusta de moverse na escuridade da confidencialidade para facer negocios, da confidencialidade como coartada para andar de mans libres facendo ¡vaia vostede saber o que! Porque iso de que non poden informar dos proxectos para que non nos copien, resulta cómico. Estar elaborando proxectos en conxunto cunhas empresas que ao mesmo tempo están elaborando proxectos con outros gobernos e institucións —porque as empresas son as mesmas en todas partes— e mantelo todo baixo o manto da confidencialidade é poñerlles en bandexa que anden feireando cuns e con outros procurando o mellor postor mentres a cidadanía, que vai ser a que pague a factura de todo isto, agarda por un rescate que non chega sen ter coñecemento do que pasa na cociña.



No BNG temos claro que as diferentes posibilidades económicas e políticas dos países centrais da Unión Europea respecto dos países periféricos vai provocar unha *photo finish* onde as diferenzas se agranden, consolidando definitivamente a famosa —e sempre desmentida aínda que real— Europa de dúas velocidades. É un risco que xa foi advertido por algúns Estados cando se presentou o marco temporal, o acordo para permitir axudas de Estado durante un prazo de tempo, un risco que se corroborou cos primeiros datos proporcionados pola Comisión Europea, que indicaban que Alemaña representaba máis da metade do total da axuda de emerxencia fronte á covid outorgada polo conxunto de todos os Estados membros.

Este contexto de competencia tan desigual entre os Estados e territorios da Unión Europea parécenos absolutamente determinante na necesidade de facer piña como país, de elaborar unha ambiciosa estratexia de país, de tecer as complicidades necesarias entre todos os sectores de Galiza co obxectivo de tirar o máximo proveito posible de todas as nosas potencialidades e recursos —sexan económicos, industriais, enerxéticos ou culturais— e xerar riqueza a favor do conxunto da sociedade galega. E nesta estratexia o investimento produtivo e a industria son fundamentais. O BNG sempre apostou pola necesidade de nos dotar do marco regulador e dos medios necesarios para promover un tecido industrial sólido e diversificado que apostase especialmente por aqueles sectores que tivesen implantación no país, con capacidade exportadora, tecnoloxicamente avanzados e xeradores de emprego.

Entre eses medios que nós consideramos necesarios, contar con entidades financeiras propias é fundamental para o éxito dunha estratexia de país. A este respecto pronunciouse na Comisión de Reactivación o profesor Edelmiro López, que dun xeito moi descritivo dixo: «Pode que en primeiro de Económicas pensara que as empresas toman as súas decisións en función da viabilidade técnica dos proxectos, pero a estas alturas da vida sabemos que a complicidade entre entidades financeiras e o tecido empresarial é fundamental, como pasaba antes, como acontece no norte de Italia ou en Alemaña. (*Aplausos.*) É un debate que debemos recuperar nun escenario de fortes tensións de liquidez nas empresas, de escaseza de recursos públicos, e que haberá que dar tamén á luz dos inxentes beneficios obtidos durante estes anos pola rescatada Abanca, que hoxe, se fose pública, podería xogar un papel radical na recuperación económica. Lembremos que Abanca anotou beneficios por 3.000 millóns de euros entre os anos 2014 e 2019, e que nos primeiros nove meses deste ano da pandemia, en 2020, gañou 143 millóns de euros —143 millóns de euros fronte, por exemplo, aos 113 do orzamento da Consellería de Economía, Emprego e Industria no ano 2020 para o desenvolvemento empresarial—.

Tamén consideramos necesario reabrir o debate sobre a participación da Xunta en determinadas empresas ou sectores de carácter estratéxico para Galiza, achegando financiamento e estabilidade ao tempo que gañamos influencia na gobernanza e no cumprimento dos obxectivos das empresas. En conxunto, contar con entidades financeiras galegas non só significa máis posibilidades de crédito, senón un certo aliñamento cos intereses xerais comúns, do mesmo xeito que a participación pública nas empresas é unha forma evidente de garantir a fidelización e a vinculación co país para evitar as deslocalizacións. É dicir, estaríamos gañando importantes aliados para unha estratexia de país co obxectivo de xerar recursos e riqueza para todos os galegos e galegas e, por unha vez, socializar os beneficios, algo indispensable no contexto actual dunha crise económica e social sen precedentes, con chamamentos continuos ao



esfuerzo compartido e solidario de todos e todas que obriga —como dicía antes— a que a recuperación económica sexa igualmente compartida. E para reactivar a economía todos os manuais din que debemos priorizar, efectivamente, o investimento nos nosos sectores produtivos fronte, por exemplo, ás infraestruturas, que neste momento deben ser secundarias; priorizar o investimento produtivo en sectores chave como o sector enerxético.

O BNG vén defendendo catro propostas concretas que, combinadas, serían de gran impacto en canto á creación de empresas e mellora da competitividade en todo o sector industrial, como é poñer recursos enerxéticos de Galiza ao servizo da creación de riqueza, cunha empresa galega de enerxía, un centro para I+D+i de almacenamento de enerxía nas Pontes, axudas a fondo perdido para instalacións de autoconsumo e o desenvolvemento dun marco regulador que promova o asentamento de proxectos industriais vinculados ás instalacións de parques eólicos.

Outro sector que ten un efecto de arrastre sobre moitísimas pequenas e medianas empresas industriais é o sector da construción naval e das tecnoloxías marítimas. Trataríase do impulso dun plan galego para o sector naval, con participación pública, para promover unha colaboración entre empresas e un sector que combine especialización e oferta diversificada —todo co apoio dun centro tecnolóxico do sector naval en Ferrol a partir da unidade mixta de investigación Navantia-Universidade da Coruña, dotándoa de orzamentos estables a longo prazo e aproveitando as sinerxías para a construción militar, moito máis avanzada—.

Por último, aínda hai sectores industriais no noso país con forte potencial de crecemento —algúns pendentes aínda de pechar os seus ciclos produtivos no propio país— e que, en xeral, comparten unha cuestión: para todos eles —alimentación, madeira e pedra— a promoción dunha imaxe ou marca-país de prestixio sería un factor que achegaría valor aos seus produtos finais.

Pero aquilo máis urxente no día de hoxe —que por evidente non é necesario que veña en ningún manual— é a obriga de activar un plan de rescate real para os sectores máis afectados pola crise: hostalaría, pequeno comercio, axencias de turismo, eventos, cultura e espectáculos. ¿Sabe o que din os comerciantes cando se lles pregunta polas axudas da Xunta?: «¿Que axudas?»

Señor vicepresidente, xa chegamos tarde. Non o demore máis porque están caendo. A Federación Galega de Comercio anunciaba recentemente que o 20 % das empresas xa pecharon, e que durante o mes de febreiro os peches no sector poden chegar ao 40 %. A Federación de Hostalería de Lugo calcula que os peches poden chegar a entre un 60 % e un 70 % dos locais. Señorías do Goberno, poñan en marcha canto antes un auténtico plan de rescate da nosa economía.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonzo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Bo día a todos.

Hoxe assistimos á comparecencia do vicepresidente segundo da Xunta de Galicia para dar conta das medidas que está a adoptar dende o primeiro momento e ata o día de hoxe, e tamén das medidas previstas de aquí en adiante por parte do Goberno galego para combater esta tripla pandemia: a sanitaria, a económica e a social. E é verdade que, mentres non se avance na primeira parte, no sanitario —e iso ten moito que ver coa vacina—, o certo é que hai que adoptar medidas para blindar a nosa economía e que iso nos permita blindar tamén a nosa sociedade —especialmente os sectores máis vulnerables da nosa sociedade—. E, polo tanto, quero comezar felicitando todo o equipo da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía e Industria polo traballo que vén facendo dende o primeiro momento desta crise adoptando medidas día a día, adoptando medidas adaptadas ás circunstancias de cada momento, que permitiron aportar solucións a persoas, a familias e a pequenas e medianas empresas en cada momento.

Hoxe o conselleiro presentou medidas en dúas direccións, medidas de resposta rápida a curto prazo, para situacións que se plantexen en cada momento, e medidas de transformación económica, medidas a máis longo prazo, medidas que teñen como obxectivo transformar a economía galega nunha economía máis verde, máis sostible, máis dixital.

En relación coa intervención do señor Francisco Rivera, eu creo que sobre o plan de vacinación, señor Francisco, eu teño que dicirlle que o que non está consensuado coas comunidades autónomas é que a Galicia se envíen menos vacinas do que proporcionalmente lle correspondería en función da poboación diana. Esa é a realidade. E, polo tanto, non pode dicir que está consensuado porque iso non está consensuado, iso é unha decisión política dun goberno que prefire que quizais esas vacinas vaian a Cataluña ou quizais vaian a Andorra.

Ao PSOE parécenlle insuficientes as medidas do Goberno galego pero non propoñen nada distinto que máis recursos, máis medios. E logo o certo é que, dende as administracións nas que gobernan, non actúan. Vostede di que o PSdeG-PSOE está moi preocupado polos autónomos e polas pequenas empresas. Pois, para estar tan preocupados, tan preocupados, polos autónomos, o certo é que hai moitísimas administracións na que goberna o Partido Socialista nas que non se adopta ningunha medida de apoio aos autónomos. E, é máis, alí onde goberna o Partido Popular e adoptamos medidas en apoio aos autónomos vostedes lévanas ao xulgado e intentan paralizalas. É o caso da Deputación de Ourense. E iso foi o que fixo o Partido Socialista na súa provincia, señor Francisco Rivera, denunciar esas axudas e intentar impedir que os autónomos de Ourense puidesen cobralas. Polo tanto, creo que non é de recibo.

E, señor Fernández Alfonzo, fago unha única referencia á súa intervención. Eu creo que non é de recibo nestes momentos un discurso antieuropeísta como o que o Bloque Nacionalista Galego vén de empregar. Porque precisamente é Europa quen permite salvar os mobles nunha situación na que o Goberno de España non está á altura das circunstancias. Se a ob-



tención de vacinas dependese do Goberno de España, iamos apañados. E, dende logo, a posibilidade de reactivar a economía que nos permiten eses fondos europeos demostra que a Unión Europea é un mecanismo, dende logo, imprescindible nestes momentos para facer fronte a esta crise.

Nós, dende o Partido Popular, non podemos coincidir con esa visión que ten o Partido Socialista sobre cal é a situación de Galicia. Galicia está a resistir moito mellor que o conxunto de España esta pandemia. Gústelle ou non lle guste, Galicia está a resistir mellor a crise económica derivada da covid porque ten un goberno á altura das circunstancias que aporta estabilidade a Galicia —o que non hai en España—. Aporta estabilidade e é un goberno que goberna, o que non hai en España. Por iso posiblemente a caída do PIB en Galicia é dun 6,4 % mentres en España é dun 9,1 %. Probablemente por iso o índice de produción industrial en Galicia caeu un 8,6 % mentres en España cae máis do 9 %. Probablemente por iso as exportacións se reduciron menos en Galicia que no conxunto de España. E posiblemente por iso o índice de vendas do comercio baixou menos en Galicia que no conxunto de España e a taxa de paro no cuarto trimestre de 2020 é do 11,7 % en Galicia mentres na media de España é do 16,1 %. Algo estaremos facendo ben; polo tanto, eu creo que ese catastrofismo non nos leva a ningunha parte, non conduce a nada, absolutamente a nada.

Mire, vostede non quixo falar diso, pero a industria está no centro das políticas deste goberno e por iso o orzamento da Consellería de Economía e Industria neste ano 2021 —orzamento ao que, por certo, vostedes votaron en contra— se incrementa un 58 %. Pódelle parecer pouco, pero incrementase un 58 % con respecto ao do ano anterior. Pero votaron en contra.

Mire, a situación real da industria é que se enfronta a un Goberno de España que non dá estabilidade nin credibilidade, que se dedica a improvisar permanentemente na súa toma de decisións. E a industria galega está moi preocupada ante determinadas decisións que nada teñen que ver coa Xunta de Galicia senón que teñen moito que ver coa política enerxética do Goberno Socialista. E esa é a segunda pandemia que temos que combater, a segunda pandemia.

Alcoa, Alu Ibérica..., todo o sector electrointensivo está en vilo porque ese estatuto aprobado é insuficiente. Dino todas as empresas. Está todo en xogo, Alcoa, Alu Ibérica e moitas máis. E todos os produtores forestais galegos que lle venden madeira a Ence están preocupados esperando para ver se o Goberno de España segue a adiante coa súa intención de botala de Galicia, de botala de Pontevedra.

O mesmo ocorre coas empresas do sector do mar, afectadas, en primeiro lugar, pola Lei de costas, por esa revisión que quere facer o Goberno; e afectadas tamén pola Lei de cambio climático que está tramitando o goberno socialista no Congreso dos Deputados.

Navantia e toda a industria auxiliar do naval de Ferrol están en vilo porque non hai carga de traballo xa que as fragatas F-110 teñen orzamentos consignados dende o ano 2018 pero non executados por quen leva gobernando España dende esa data. A preocupación é porque non hai carga de traballo, porque os pedidos que estaban enriba da mesa perdeunos este goberno e porque, ademais, o Goberno de España se nega a darlle un barco ponte que nos permita



ter carga de traballo ata o inicio do corte de chapa das fragatas F-110. Barreras espera unha oportunidade a través dese fondo de apoio á solvencia de empresas estratéxicas. ¿Vai facer algo o Goberno?

Todo o sector da automoción está en vilo, en primeiro lugar, por esa subida do imposto de matriculacións que baixa as vendas. E a automoción de Vigo está pendente desa subestación eléctrica na que o Goberno de España *ni está ni se le espera ni aparece*.

As Pontes e Meirama están pechadas polo Goberno de España por unha transición enerxética que, dende logo, nin é transición nin é xusta para ninguén. É un goberno que non ofrece ningún tipo de alternativa.

Siemens–Gamesa marcha de España na súa produción de pas. Non se vai de Galicia, non se vai das Somozas, vaise de España. Pecharon Navarra, queren pechar Cuenca, queren pechar a planta das Somozas en pleno *boom* do sector eólico. ¿Vai facer algo o Goberno de España? ¿Vai dicir algo o PSdeG–PSOE? Sería bo que aproveitasen a súa seguinte intervención para falar disto. Son 30.000 empregos os que están en xogo. Sumando todas as referencias industriais que lle veño de facer son 30.000 empregos industriais en xogo por decisións do Goberno de España, que se converteu na segunda pandemia para a nosa economía e para a nosa sociedade.

Sobre os fondos *Next Generation* non falaron. Non falou o Partido Socialista porque dos fondos, bueno..., como vostedes teñen agora un novo socio que se chama Vox e con eles aproban o real decreto que vai distribuír eses fondos con opacidade, de costas ás comunidades autónomas, a través dunha oficina instalada na Moncloa e dirixida polo propio presidente do Goberno —o que vai en contra precisamente de todas as directrices que deu a Comisión Europea para a xestión destes fondos—...

Estes fondos son a gran oportunidade para Galicia, para toda España e para toda Europa para construír unha economía sostible, unha economía verde, unha economía dixital, para transformar a nosa economía. Se eses fondos se nos burlan para ser un xogo nas mans do goberno de socialistas e podemitas, finalmente non haberá reactivación económica. Vostedes seguirán vindo aquí criticar o Goberno galego pero a realidade é que vostedes, de servizo a Galicia, cero. Eu supoño que da xestión destes fondos, dos criterios de repartición, falaremos no segundo turno.

Sobre o plan de apoio á hostalaría, ¡joia!, nós puxemos en marcha dous plans. Estamos co segundo, pactado co sector. Ofrecémoslles a todas as administracións que entrasen: á Administración local, á Administración provincial e tamén ao Goberno de España —que o Goberno de España di, en boca da ministra do ramo, que «*ni hablar*»—.

Vostedes están desaparecidos da xestión da pandemia, nin están nin son esperados. Aprobaron o estado de alarma e desapareceron. Velaquí que as comunidades autónomas *lidien* co touro. Agochamos a Pedro Sánchez na Moncloa. ¡E veñen vostedes aquí pedir explicacións cando comparece o Goberno galego! ¿E onde está o Goberno de España? Desaparecido dende a aprobación do estado de alarma. Non, desaparecido, non. Está en Cataluña facendo campaña a prol do gran ministro de Sanidade, o filósofo Illa.



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Esta é a burla do Goberno Socialista. Polo tanto, miren, estamos nunha situación tan difícil que sería bo tratar de arrimar o ombro entre todos, tratar de colaborar cos gobernos que lle están plantando cara a esta pandemia. E, polo tanto, nós traballamos da man dun comité de expertos económicos que levan oito meses traballando dende o primeiro momento. Estamos escoitando as súas propostas e executándoas. Estamos escoitando tamén, da man do diálogo social, as propostas dos axentes sociais e económicos de Galicia. Polo tanto, saiban que cada vez que critican o Goberno galego están criticando a todos aqueles que arriman o ombro.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Eu agardo que no turno de peche dos grupos fagamos propostas en positivo de como cada un, dende as súas responsabilidades, pode colaborar para loitar contra as consecuencias económicas e sociais desta pandemia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Réplica do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, o primeiro que quería era agradecer os comentarios de todos os portavoces dos grupos parlamentarios. E teñan por seguro que o Goberno galego está tendo unha postura aberta a todas as iniciativas que permitan impulsar a reactivación económica. Nese sentido, si lles tendo a man para que neste debate poidamos chegar a consensos e acordos, sobre todo, dende o realismo. Eu creo que iso si é importante: abordar a realidade que ten nestes momentos a nosa economía, os nosos sectores produtivos, e loxicamente o papel que debemos xogar todas as administracións. Porque todas debemos traballar conxuntamente, precisamente para dar esta resposta, porque dende logo o noso obxectivo é estar cos autónomos, coas pequenas e medianas empresas, coas micropemes, para que teñan esa resposta axeitada. E creo que, sinceramente, respecto do plan de rescate que o Goberno galego puxo en marcha non hai ningún tipo de iniciativa similar en toda España. A min gustaríame que vostedes trouxesen aquí calquera comunidade autónoma que teña nestes momentos comprometido un plan de rescate como o que ten a Xunta de Galicia cos nosos autónomos e as nosas pequenas e medianas empresas. E seguiremos, porque seguiremos loxicamente dando esa resposta. Xa temos comprometidos e executados, efectivamente, 75 millóns de euros. E agora activaremos ese segundo plan que estamos consensuando, que estamos pechando. Polo tanto, imos dar esa resposta.



Creo, sinceramente, que nesta Cámara teríamos que estar unidos, unidos para pedirlle ao Goberno central que deixe de escenificar o enésimo desencontro a custa das axudas directas. ¿Por que? En toda Europa os gobernos están dando esa resposta con axudas directas. Como ben saben, o propio Banco Central Europeo — non é unha opinión, é o Banco Central Europeo — sitúa España á cola da zona euro en axudas contra a crise. Ese é o dato. E o dato é que en España as axudas representan tan só o 1,3 % do produto interior bruto cando a media dos dezanove países que empregamos a moeda euro está no 4 %. Son datos do Banco Central Europeo, non son discutibles, son obxectivos.

O señor Rivera falábame dos ERTE. Os ERTE saben que se están pagando cun préstamo da Comisión Europea de 20.000 millóns de euros, igual que están facendo outros países. Pero o Goberno de España non quere abordar o debate das axudas directas, igual que tampouco quere abordar a necesidade de acompañar os autónomos e as pequenas e medianas empresas cunha política fiscal que dea resposta ás súas necesidades. ¿Por que non se baixa o IVE ao turismo, como están facendo outros países europeos, como é Alemaña? ¿Por que non se lles baixa o IVE aos salóns de peiteado? Nin tampouco se baixa o IVE da factura da luz aos consumidores máis vulnerables. ¿Por que subimos o imposto de matriculación no sector da automoción cando está a atravesar por unha dificultade tan enorme na venda de vehículos?

Estamos intentado, polo tanto, traballar xuntos tamén dende esta Cámara. E con total honestidade e total colaboración co Goberno do Estado queremos trasladarlle que, efectivamente, converta en realidade esas axudas directas, como están facendo outros países, e que o acompañe cunha política fiscal axeitada ás necesidades das pemes e dos autónomos. As comunidades autónomas seguiremos colaborando, loxicamente, e impulsando estas medidas, como é o plan de rescate ou como é o propio plan de reactivación que activamos dende a Vicepresidencia Económica. Neste ano 2021 xa temos activados 90 millóns de euros co obxectivo de impulsar esa reactivación económica, tanto no eido do financiamento como no eido das axudas ao emprendemento, ao talento e tamén á transición enerxética xusta. Son 90 millóns de euros que están publicados no *Diario Oficial de Galicia* e que, polo tanto, xa están á disposición para poder ser presentadas as diferentes solicitudes. Creo que, honestamente, esa é a forma de abordar, de desenvolver, unha política útil para os autónomos e para as pequenas e medianas empresas, porque é o que nos están pedindo.

Tamén llo pedimos á Administración local. ¿Por que os concellos non acompañan as necesidades dos autónomos e das pequenas e medianas empresas cos impostos e as taxas que cobraron do ano 2020 e do ano 2021 a actividades que están pechadas por unha emerxencia sanitaria? ¿Por que? De forma xeneralizada, 313 concellos tiñan que estar traballando conxuntamente para dar esa resposta, igual que a está dando a Xunta de Galicia e igual que a debería de dar o Goberno central. Temos que traballar con esa visión porque iso é o que nos están pedindo os autónomos e as pequenas e medianas empresas.

Señor Rivera, plantexábame vostede a situación dende o punto de vista macroeconómico. Eu o único que trasladei é que, dunha forma obxectiva, Galicia está e vai estar entre as comunidades autónomas con menor impacto da crise derivada da covid do ano 2019. Estamos nunha mellor situación porque en Galicia hai estabilidade política, porque temos menos déficit e porque temos menos débeda. Creo que tamén é bo recoñecelo porque iso é o que nos



está permitindo adoptar medidas dende a Xunta de Galicia. E porque os sectores produtivos están tendo un bo comportamento, como é o sector da automoción, como é o sector agroalimentario, como é a resposta que están dando —xa digo— os principais sectores estratégicos e, nomeadamente, a industria manufactureira. Creo que esa é a realidade e, se nos fixamos nos datos do cuarto trimestre, efectivamente, o produto interior bruto está baixando un 6,4 %, pero son 2,7 puntos menos que no conxunto de España. Creo que esa é a realidade, temos que seguir traballando para mellorar os datos e, loxicamente, non nos conformamos simplemente con que Galicia teña mellor comportamento que a media de España. Pero é un dato que creo que é bo reflectilo.

Con respecto á xestión da pandemia sanitaria, señor Rivera, o único que intentei trasladar na miña comparecencia é que, efectivamente, é bo establecer uns criterios de repartición consensuados coas comunidades autónomas. E Galicia está facendo unha proposta que nos parece razoable. O que buscamos é o apoio dos grupos desta Cámara. A nós parécenos razoable que nas seguintes fases da vacinación a repartición de vacinas no conxunto do territorio sexa en función da poboación diana. Parece razoable. É o único que lle estamos trasladando nestes momentos ao Goberno desde o punto de vista do plan de vacinación. A partir de aí nós estamos aplicando os criterios que se consensúan na conferencia. No eido sanitario parécenos razoable que se faga desa forma, sinxelamente porque en Galicia temos unha poboación máis envellecida, e, se o criterio é vacinar os maiores de 80 anos, pois parece razoable que ese criterio de repartición sexa en función da poboación, dunha forma obxectiva e intentando colaborar —xa digo— co Goberno de España nese plan de vacinación, que é o que estamos a facer dende o primeiro momento —de feito, Galicia é das comunidades autónomas que ten practicamente desenvolvido todo o plan de vacinación na primeira fase—.

Señor Fernández, eu escoitei atentamente a súa intervención. Creo que é unha intervención que está dirixindo vostede, seguramente, a un eido moi concreto de Galicia. Pero dá a impresión —e trasládollo neste contexto e neste debate— de que parece que lle preocupa moito máis xustificar a autodeterminación de Galicia —esquecendo o papel que ten o Bloque Nacionalista Galego cun acordo co Goberno, que parece que agora queren negalo—. Eu entendo perfectamente que vostede pretenda xustificar a autodeterminación de Galicia defendendo a empresa pública, defendendo unha empresa enerxética pública, defendendo un sistema bancario público. Xa sabemos que ese é o discurso do Bloque Nacionalista Galego, pero é que os galegos estamos nunha pandemia e necesitamos respostas. E se realmente o único que pretenden é xustificar a súa política de autodeterminación de Galicia, simplemente estarán dándolles as costas, porque simplemente non estarán intentando dar esa resposta que —xa digo— lles están pedindo.

E ademais creo que o Bloque Nacionalista Galego, que está gobernando nas deputacións e nos concellos, ten que dar unha resposta. ¿Ou vostedes queren facer un papel de relatores? ¿Non están gobernando en tres deputacións? ¿Cales son as axudas directas que están outorgando as deputacións neste contexto? ¿Non están gobernando en concellos? ¿Cal é a resposta á pandemia dos concellos onde goberna o Bloque Nacionalista Galego? ¿Que queren? ¿Queren traer aquí un discurso dogmático sobre a visión que teñen da economía pública para Galicia e a súa autodeterminación? Creo que honestamente o debate é outro, e seguramente se está confundindo de foro se realmente ao que vén aquí é a defender a autodeterminación de Galicia a través das iniciativas do Bloque Nacionalista Galego.



O que me sorprende é que fale de industria. ¿Onde está a defensa do Bloque Nacionalista Galego dos traballadores de Ence e dos produtores forestais galegos? ¡Se vostedes queren pechar Ence! ¿Onde está realmente a defensa do Bloque Nacionalista Galego para as empresas da cadea mar-industria que nestes momentos están ameazadas pola Lei de costas do Goberno? ¿Onde estaba e onde está o apoio do Bloque Nacionalista Galego á proposta da Xunta de Galicia e do Goberno de España para que nas Pontes se poida seguir producindo biocombustibles? ¿Onde está o apoio explícito do Bloque Nacionalista Galego á construción militar en Navantia e á construción do dique seco? ¿Por que non falamos de cuestións concretas e deixamos os discursos para outros eidos? Porque aquí no Parlamento vimos darlles respostas aos galegos e ás galegas, e, sinceramente, nese contexto no día de hoxe creo que os empregados de Navantia, de Ence, de Alcoa, das Pontes, de Meirama, non se senten representados polo Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

Señorías, eu volvo insistir nesta réplica que na comparecencia traía dúas propostas concretas que creo que están nun contexto de máxima importancia para Galicia dende o punto de vista económico. E referinme explicitamente aos fondos *Next Generation* e á Lei de reactivación económica. E entendemos que nesta Cámara deberíamos traballar nese consenso —igual que no contexto das axudas directas— para trasladar unha posición común dende Galicia cara ao Goberno no caso dos fondos europeos; e tamén cara aos empresarios e cara aos investidores, no caso da Lei de reactivación. Hai marxe para conformar unha candidatura galega que poida captar fondos europeos e estamos impulsando esas iniciativas de colaboración público-privada. Eu trasladaríalle ao Bloque Nacionalista Galego que non hai ningún tipo de ocultismo, ningún; simplemente a capacidade que teñan os proxectos que se poidan articular dende Galicia para que haxa esa resposta. E estámolo facendo presentando propostas no eido das manifestacións de interese que está presentando o Goberno e, polo tanto, adecuando a candidatura galega ás propias iniciativas que a Comisión Europea e o Goberno de España está plantexando.

Polo tanto, en Galicia queremos optar a que se poida producir hidróxeno verde, a que haxa medidas específicas nos concellos para loitar contra o despoboamento dos núcleos rurais, para modernizar a industria, para a mobilidade sostible, para a modernización do transporte. Creo que son as medidas que estamos presentando. Pero si é certo —igual que no caso das vacinas— que necesitamos que o Goberno concrete e traslade con obxectividade e con transparencia os criterios de repartición. E necesitamos o apoio dos grupos parlamentarios desta Cámara, dos tres, e trasladarlle conxuntamente ao Goberno de España que nos parece que nese criterio de repartición hai que ter en conta o despoboamento, o envellecemento da cidadanía, a dispersión xeográfica, a transición dixital e os propios niveis de renda per cápita.

Nestes momentos —voulles trasladar datos obxectivos— o Goberno está a empregar criterios cambiantes e que se están afastando dos que se empregan no sistema de financiamento autonómico. Volvo referirme a un dato obxectivo. E, de feito, de aplicar estes criterios —os criterios do sistema de financiamento autonómico—, tendo en conta a poboación axustada, que, como saben, representa o 6,6 % do total, Galicia tería que ter percibido xa 570 millóns de euros máis dos que está percibindo. Non estou falando do futuro, estou falando dos fondos que xa repartiu o Goberno de España entre as diferentes comunidades autónomas, cos que nos está penalizando a través duns criterios cos que nós non concordamos.



No fondo REACT-EU —que, como saben, é un fondo que está dotado con 10.000 millóns de euros— o Goberno concédelle a Galicia apenas o 4,4 %. ¿Vostedes están de acordo? ¿O Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista de Galicia están de acordo con que nuns fondos que son fondos Feder a Galicia lle corresponda o 4,4 %? Nós entendemos que non. E quererímoslo trasladar ao Goberno, loxicamente, e dunha forma clara, para que se corrixa esta situación.

Igual lles podería trasladar outros criterios que se están aplicando. ¿Parécelles razoable que en axudas que se queren destinar aos concellos de menos de 5.000 habitantes o criterio de repartición sexa o número de concellos en cada comunidade autónoma sen ter en conta a poboación? ¿Parécelles razoable que nesas axudas Galicia reciba o 2,9 % dos fondos que se dediquen a eses concellos simplemente porque o criterio de repartición sexa o número de concellos sen ter en conta a poboación? Iso é o que explica que nestes momentos Galicia estea recibindo 570 millóns de euros — un 30 % menos dos que tiña que percibir—.

Pois estamos buscando a axuda dos grupos parlamentarios. E creo que isto si é unha cuestión moi concreta e si é unha cuestión de país, porque simplemente lle estamos trasladando ao Goberno que transparente e que traslade criterios obxectivos. E o sistema de financiamento autonómico parece unha situación razoable —sobre todo se o que se quere desenvolver é unha repartición entre as diferentes comunidades autónomas—.

Respecto da Lei de reactivación, necesitamos un marco normativo para que todos os proxectos que se queren desenvolver neste momento en Galicia realmente poidan facelo da forma máis áxil posible. Hai unha proposta de lei que se está tramitando. Nós o que pretendemos é, de novo, que sexa útil para que eses proxectos poidan ser unha realidade e que, polo tanto, se poidan tramitar en prazo, que Galicia nese sentido sexa unha comunidade autónoma áxil dende o punto de vista administrativo e con esa capacidade para atraer novos proxectos —e, sobre todo, tamén para desenvolver os proxectos de colaboración público-privada que se están impulsando no eido dos fondos *Next Generation*—. Entendemos que é unha lei útil, que é unha lei que vai permitir o desenvolvemento deses proxectos. Polo tanto, tamén nos parece que nese contexto tiñamos que actuar de forma conxunta.

En definitiva, señorías, hai unha serie de medidas que a Xunta de Galicia puxo en marcha para atender as necesidades das pemes e dos autónomos —non só co plan de reactivación senón tamén co plan de rescate—. Son axudas que están chegando dunha forma directa. O que lles propono é traballar conxuntamente para pedirlle ao Goberno de España que actúe cos mesmos criterios que están aplicando o resto de países europeos. Non lle pedimos outra cousa cando estamos pedindo unha concreción de axudas directas. Así o está facendo Alemaña ou Francia. ¿Por que en España non hai un plan asimilable aos de nivel europeo de axudas directas? ¿Por que a fiscalidade está penalizando os autónomos e as pequenas e medianas empresas cando outros países o que están facendo é un sistema de redución da fiscalidade? E tamén nese acordo os concellos e as deputacións poden sumarse. Os concellos téñeno fácil. Teñen impostos e taxas que se están aplicando ás actividades que se ven afectadas polo decreto de alarma. Por certo, a Comunidade Autónoma actúa de forma delegada con respecto ao propio Goberno; polo tanto, parece razoable que iso se poida desenvolver desa forma.



En definitiva, señorías, temos un contexto claro para traballar conxuntamente neste Parlamento, non só coas axudas directas senón tamén cos propios fondos europeos *Next Generation* e, por suposto, coa devandita Lei de reactivación. Son medidas conxunturais neste momento, medidas que son as que precisa o noso tecido produtivo para, polo tanto, poder atender esas medidas de choque e ao mesmo tempo as medidas de transformación económica do noso tecido produtivo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Para unha rolda especial de aclaracións con dúplica do Goberno, ten a palabra, en primeiro lugar e en nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Grazas, presidente.

Simplemente un comentario en relación coa vacinación: o plan está perfectamente consensuado, e introducir este tipo de debates respecto dunha posible discriminación dos galegos e galegas na repartición de vacinas o único que introduce é demagogia nun asunto absolutamente transcendental. E eu creo que, en fin, neste tipo de cuestións hai que ter un pouco máis de respecto cara ao conxunto dos cidadáns. (*Aplausos.*) Eu creo que entrar en debates desta índole non aporta absolutamente nada. O único que aporta é crispación, o único que aporta é desasosego da cidadanía que estea escoitando a determinado portavoz, neste caso, do Partido Popular. Porque o que si hai é unha cousa. E é que a vacina non a hai contra a demagogia, señor Tellado —xa llo dixen algunha vez—, nin contra ese populismo impostado que practica vostede de xeito continuado. (*Aplausos.*)

En relación coa caída do PIB, señor conselleiro, efectivamente é menor. Pero vostede ten que dar as claves de por que é menor. Tamén é menor o peso que o turismo ten no PIB galego. E tamén é menor, evidentemente, polo bo comportamento das exportacións, neste caso do automóbil, ou do sector primario neste caso, efectivamente. Pero tamén é menor polo escaso dinamismo demográfico que hai en Galicia, e vostede sábeo. Nos últimos vinte anos Galicia ten a mesma poboación. Do ano 2000 ao 2020 única e exclusivamente aumentou 127 habitantes, fronte aos 7 millóns que avanzou no conxunto do Estado. Polo tanto, ese é un elemento que tamén xustifica a menor caída do PIB, como vostede ben sabe.

En relación coa política industrial, vostede acaba de citar varias empresas que, efectivamente, están nunha situación agónica. Vostede despraza a responsabilidade absoluta cara ao Estado coma se o Goberno da Xunta non tivese competencias en materia de política industrial —que as ten, e ademais exclusivas—. Vostede ciñe a política industrial única e exclusivamente a esas que cita.

Pero eu voulle citar a política industrial da Xunta de Galicia nos últimos anos, desde o ano 2008 ao 2019. No ano 2008 había 214.000 empregos industriais e no ano 2019 había exac-



tamente 179.400. Polo tanto, hai menos ocupados no sector industrial. Pero se falamos de empresas no sector industrial, nese período pasouse de 15.089 a 12.347 empresas. E se medimos só desde o ano 2018 ao ano 2019, perdéronse neste país exactamente 388 empresas do sector industrial.

Polo tanto, a política industrial é algo máis. E neste caso coincidimos en que é unha problemática moi fonda en determinadas comarcas, en determinadas zonas. Na deslocalización, neste caso, de Siemens–Gamesa, o señor Tellado despraza a responsabilidade ao Goberno de Madrid, efectivamente, coma se o Goberno de Madrid estivese expulsando as empresas e as empresas non tivesen motivacións suficientes desde o punto de vista económico para deslocalizarse —ou mesmamente desde o punto de vista laboral—. Pero, bueno, a realidade industrial é que vostedes no ano 2015 anunciaban un plan que, se non me equivoco, se chamaba Industria 4.0, que aspiraba, segundo vostedes, a dous obxectivos fundamentais: acadar o 20 % do PIB —cosa evidentemente incumprida de xeito manifesto— e a creación de 50.000 empregos. E, señor conselleiro, acábolle de dar o dato: 214.000 empregos industriais no ano 2008 e 174.00 no ano 2019. É dicir, non só non gañamos emprego industrial senón que o perdemos a pasos axigantados. *(Aplausos.)*

E isto ten que ver, como vostede sabe, coa dimensión do tecido produtivo que temos en Galicia. Por iso os autónomos e as pemes son absolutamente esenciais. E hai que contribuír con máis recursos desde o orzamento da Xunta á reactivación deste sector. En Galicia só o 3,4 % das empresas teñen dez ou máis empregados. E este é o auténtico problema que temos neste país. É dicir, dependemos en exclusiva das pequenas empresas e do sector dos autónomos en canto á creación do emprego. E neste contexto, nunha situación de crise, son os máis vulnerables. Por iso nós apelamos á Xunta de Galiza para un plan de reactivación moito máis intenso, moito máis áxil. Por certo, respecto do Cheque autónomos, o publicitado Cheque autónomos que vostedes puxeron, ¿sabe cantas solicitudes tivo ao longo do ano 2020?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FRANCISCO RIVERA: Tivo 177, señor conselleiro.

Polo tanto, está ben desprazar a responsabilidade a Madrid no eido sanitario, está ben desprazar a responsabilidade no ámbito económico ao Goberno...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...pero vostedes teñen competencias, temos autogoberno e, polo tanto, o único que lles pedimos é que exerzan.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Francisco.

O señor FRANCISCO RIVERA: E ademais teñen orzamento. Polo tanto, gásteno.

Grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

En nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Bos días, señor presidente.

Señor vicepresidente, Galiza xa sufría unha profunda crise industrial antes da covid. Durante estes meses vostede non quixo ter nada que ver con ningún dos numerosos problemas que asolan o noso país. Está desaparecido vostede da crise de Alcoa, diga o que diga, está desaparecido vostede da crise das Pontes e de Meirama, da crise de Siemens–Gamesa, da crise de Navantia, da crise de Noa Madera, de Xeal, de Maderas Iglesias, de Thenaisie, de Vulcano, de Barreras... *(Aplausos.)* A industria en Galiza desaparece do mesmo xeito que desapareceu do rótulo do seu departamento.

E presume vostede de estar do lado dos traballadores e das traballadoras en todos estes conflitos cando en realidade o único denominador común de todos eles é que, sen a existencia do seu departamento, os desenlaces serían idénticos. Fai vostede ben o refrán de «*dime de qué presumes y te diré de qué careces*». Goberna vostede de costas á xente, completamente virado cara aos intereses das grandes empresas, que no día de hoxe piden o mesmo que na anterior crise, e que na anterior, na anterior e na anterior: desregulación, barra libre de recursos públicos e non molestar. E niso andan. Iso é precisamente o que está a facer o Goberno da Xunta a través da Lei para a axilización administrativa e de reactivación económica, máis coñecida como «Lei da depredación», así como coa última proposta que veñen de chamar «Polo para a transformación de Galicia». Os escollidos novamente son os máis e máis grandes. Mentres tanto —repítolle—, os pequenos desaparecen. Os últimos datos sobre concursos de acredores xa indican que hai un aumento dos concursos exprés, concursos con liquidación —sobre todo nos sectores de hostalaría e pequeno comercio—. Trátase dun tecido empresarial que non pode saír da crise a base de proxectos, non teñen capacidade hoxe para transformarse e moito menos para endebedarse. Precisa de axudas directas para sobrevivir.

E non se engane. O seu impacto na economía é brutal. Destes sectores dependen moitísimos empregos, multitude de provedores locais e de proximidade e a grande maioría dos baixos das nosas cidades e vilas. Non podemos permitirnos que a pandemia os leve por diante.

Primeiro, o urxente; despois, o importante. Primeiro, rescatar; despois, reactivar. Primeiro, axudas directas aos sectores máis afectados e máis vulnerables; despois, estratexia de país para impulsar un novo modelo económico máis sólido, máis sustentable medioambientalmente e máis cohesionado socialmente. ¿Quere vostede acordos neste Parlamento? Nós propoñémolle varios moi concretos: estratexia de país fronte aos recortes que xa se anuncian; estratexia de país para asumir a factura da crise con criterios progresivos —facendo que contribúa máis quen máis ten—; estratexia de país para recuperar o que nunca debemos vender —e moito menos malvender—, como a banca pública, si, ou unha empresa pública



de enerxía; estratexia de país para recuperar actividades industriais ás que nunca debemos renunciar —e que noutros países souberon promover e poñer en valor xerando importantes niveis de riqueza—, como a construción naval civil; estratexia de país tamén para que os nosos recursos enerxéticos xeren emprego, coñecemento e riqueza no noso país.

Non volva dicir vostede que está do lado dos traballadores e das traballadoras, do lado dos autónomos, hostaleiros e pequenos comerciantes, porque é unha mentira indignante. Efectivamente, vostedes están onde estiveron sempre. O seu plan para Galiza é vendela a prezo de saldo. En cada crise dannos vostedes un bocado. Cada crise significa para vostedes a ocasión de entregar oportunidades de negocio á gran empresa sen condicións, sen retorno, sen que o país como sociedade gañe nada. Descapitalizan vostedes o país provocando que a seguinte crise —porque haberá máis— nos colla non máis reforzados nin máis resilientes —como gostan de dicir agora— senón máis vulnerables. E nós, efectivamente, tamén estamos onde estivemos sempre: apostando por modelos de valorización do país para aumentar e enriquecer o patrimonio colectivo de todos os galegos e as galegas, coma sempre.

Máis nada e obrigado. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Señor Fernández Alfonso, claro que estamos do lado dos traballadores. E mentres estamos do lado dos traballadores, ¿saben onde están vostedes? Están do lado do Partido Socialista Obrero Español. (*Aplausos.*)

Mire, señor conselleiro, pedirlle colaboración a esta oposición é como pedirlle peras ao olmo. Na pasada lexislatura, de trece leis que tramitamos nesta Cámara non apoiaron nin unha, ¡de trece, nin unha! No que levamos de lexislatura, desta lexislatura, en sete proxectos de lei —incluídos os orzamentos e a lei de acompañamento—, en todos, estiveron en contra. E logo din que tenden a man. Será para dar garrotazos ao Goberno; porque, para colaborar co Goberno, ¡nunca! Esa é a realidade. Vostedes veñen aquí —uns— a defender a república independente de Galicia —*que es como la de Ikea*, tan independente que apoian o Goberno máis centralista da historia de España das últimas décadas— e outros veñen aquí a defender a Pedro Sánchez. ¡Así de simple!

Pero o certo, señorías da oposición, é que os galegos pagan o noso salario para defender os intereses de Galicia. E esta oposición está formada por tertulianos de café —*comentaristas de la realidad, como el Gobierno de España*—. Están a velas vir. Sentan no sofá a críticoalo todo. E ¿que fan dende onde vostedes gobernan? ¡Nada! ¡Nada! Esa é a realidade.

Señor Francisco Rivera, fala vostede de emprego industrial coma se as decisións do Goberno de España non afectasen o emprego industrial de Alcoa, ou o emprego industrial das Pontes ou de Meirama. Esa é a realidade. Non quixeron falar dos fondos *Next Generation*. É unha



magoa que nos vaíamos desta sesión sen que vostedes apoiem a defensa de Galicia na xestión destes fondos. Porque vostedes non están defendendo os intereses de Galicia, nin o PSdeG —cuxa única misión neste Parlamento é defender o Goberno de España— nin o BNG —que é demasiado covarde para atacar o goberno socialista poñendo en perigo os sillóns que comparten cos socialistas en deputacións e en concellos—. (*Aplausos.*) ¡Esa é a realidade do Bloque Nacionalista Galego! ¡Esa é a súa realidade!

Cada vez que os fondos europeos se trataron nesta Cámara, o BNG buscou escusas para non defender unha postura única no Parlamento de Galicia. Eu entendo que non poden ir a Barcelona da man de Junqueras e da man de Otegui logo de apoiar algo co Partido Popular aquí en Galicia. ¡Alá vostedes co que defenden!

Mire, temos un PSOE aquí en Galicia máis preocupado polas sombras do movemento do señor Besteiro en bambalinas (*Murmurios.*) que de resolver os problemas dos galegos. Esa é a realidade deste PSdeG-PSOE: aplaudir e mirar para atrás polo espello retrovisor por se volve Besteiro. Esa é a triste realidade que resume a realidade do Partido Socialista aquí en Galicia. E Galicia enfróntase á loita contra dúas pandemias, contra a pandemia que resulta da covid-19 e a do ataque de Pedro Sánchez a Galicia. Porque dende que os socialistas chegaron á Moncloa aproveitaron todas e cada unha das oportunidades que tiveron para atacar Galicia. Atacaron Galicia coa repartición dos primeiros fondos React-EU —diciáo o conselleiro—, na que saímos prexudicados. Atacaron Galicia coa repartición das vacinas —gústelle ou non lle guste—, na que saímos prexudicados. Atacaron Galicia co impago das débedas do IVE das transferencias polo bo desempeño fiscal. Atacaron Galicia co orzamento máis baixo da historia de España dos últimos quince anos —e vostedes aplaudían—. Atacaron Galicia encargando un novo buque aos estaleiros de Navantia en Cádiz e negando o que precisa a ría de Ferrol. Atacaron Galicia deixando que Siemens-Gamesa marche das Somozas e de toda España, e mirando cara a outro lado —¿onde está a autoridade laboral deste país que ten que resolver ese ERE, ese ERE que afecta...— (*O señor Tellado Filgueira é interrompido por un xesto dun deputado.*) ¡Non, non sinale para aí! O ERE teno que resolver o Ministerio de Traballo porque afecta a centros produtivos de distintas comunidades autónomas. (*Murmurios.*) E, polo tanto, hai un problema: ou non o saben e están desinformados ou simplemente tentan enganar o conxunto da sociedade. Atacaron Galicia ríndose das industrias electrointensivas, abandonándoas á súa sorte cun estatuto do consumidor electrointensivo que non resolve os seus problemas. Atacaron Galicia pechando As Pontes e pechando Meirama. E atacaron Galicia con ese intento de pechar todas as industrias ubicadas en dominio marítimo-terrestre a través da Lei de cambio climático.

A lista é interminable. O goberno socialista está a acabar co presente e co futuro da economía galega, e vostedes —uns— miran para outro lado ou —outros— aplauden. E esa é a realidade desta oposición.

Pero, señorías, é evidente que temos que traballar xuntos, gústelles ou non lles guste. As eleccións xa pasaron. Temos que traballar xuntos para saír máis pronto e máis fortes desta crise. Teñan claro que divididos somos máis vulnerables. Pero con vostedes ou sen vostedes sacaremos Galicia da crise. Nós seguiremos adiante. Galicia sairá adiante con vostedes ou sen vostedes, con vostedes remando a favor ou con vostedes remando en contra. E ¿saben



por que o digo? Porque xa o fixemos, porque xa o fixemos na crise dos últimos anos...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...que o fixemos tamén sen vostedes.

Se non aprenderon as leccións daquela crise, é que, dende logo, están efectivamente condenados a estar durante moitísimo tempo nesa bancada, na bancada da oposición, na bancada da oposición a Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Turno de dúplica do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, reitero o agradecemento polas intervencións dos diferentes grupos parlamentarios. É certo que estamos atravesando un momento de moitísimas dificultades e, polo tanto, creo que a prioridade incuestionable para este Goberno neste momento é salvar vidas. Nese escenario, ao mesmo tempo, temos que intentar acompañar as familias, as pemes e os autónomos, os sectores que peor o están pasando, precisamente para dar unha resposta dende o punto de vista das súas necesidades no contexto económico. Ese equilibrio é de difícil conxugación pero realmente é o que nos está convocando e é o que nos están pedindo os galegos e as galegas.

E creo honestamente que estamos intentando dar esa resposta con medidas concretas dentro do plan de reactivación e dentro do plan de rescate, e seguro que hai capacidade de mellora e hai unha capacidade de resposta. Pero o que non parece razoable é intentar trasladar nesta Cámara que todo o que fai o Goberno está mal feito. Iso non parece razoable.

Nós, señor Rivera, non estamos desprazando responsabilidades ao Goberno de España. O que lle estamos pedindo ao Goberno de España é que neste contexto de tanta dificultade simplemente dea unha resposta como a están dando outros países nas mesmas condicións e nas súas respectivas economías. E, polo tanto, parece razoable que incluso dende o seu propio grupo parlamentario axuden a esa posición de Galicia e á posición da Xunta de Galicia para que se intente dar esa resposta ás necesidades que temos nestes momentos por parte do Goberno, e igualmente nas propias necesidades que temos por parte das deputacións e dos concellos, que, da mesma forma que se está implicando a Xunta de Galicia, parece razoable que tamén trasladen esa resposta, que simplemente intentemos responder a ese obxectivo único, o de que temos que dar respostas aos cidadáns.



Trasládame vostede, señor Rivera, a situación dende o punto de vista dos datos de emprego industrial. Sabe perfectamente que nos últimos datos da enquisa de poboación activa do cuarto trimestre do ano 2020, Galicia ten unha ocupación no sector industrial con máis de dous puntos superior á que ten o resto de España. Algo estaremos facendo ben, e algo estará facendo ben, loxicamente, o sector industrial. O curioso é que se preocupe pola ocupación industrial e non nos axude a trasladar esa mesma preocupación ao seu partido en Madrid cando intentamos defender os postos de traballo nas Pontes, en Meirama, nas Somozas ou en Navantia. Parece razoable que tamén o Partido Socialista de Galicia se sume á defensa dos intereses dos traballadores galegos e non á defensa simplemente do seu partido en Madrid.

A mesma situación temos coa intervención do señor Fernández. Eu pediríalle ao Bloque Nacionalista Galego que volva á Galicia real, non á súa Galicia. Porque seguramente aí seguirán vostedes nun discurso caduco, absolutamente caduco, simplemente intentando xustificar a súa política de autodeterminación e escondendo o seu pacto de goberno co Partido Socialista en Madrid, nas deputacións e nos concellos. É que esta é a realidade. Entón, claro, cando queremos falar de cousas concretas, non responden. Eu faleilles claramente: o Bloque Nacionalista Galego ¿aposta pola produción das fragatas en Navantia? É que vostedes só falan de construción civil, ¡curioso! ¡Oia, pero se temos as gradas baleiras e vostedes me falan de construción civil! Pero, ¿onde está a súa estratexia de país?, ¿en que país viven vostedes?

Non queren falar vostedes da central das Pontes. ¿Por que non apoian de forma explícita a posición da Xunta de Galicia para que se poida manter a produción de biocombustibles nas Pontes? ¿Por que?

Polo tanto, sinceramente creo que o Bloque Nacionalista Galego non ten ningún tipo de lexitimidade para falar de política industrial en Galicia, ¡ningún tipo de lexitimidade! Non teñen vostedes ningún tipo de lexitimidade para falar dos dereitos dos traballadores, ¡ningún! (*Murmurios.*) Simplemente vostedes o que están intentando é trasladar unha política —insisto— de autodeterminación que non lle vai dar respostas a Galicia. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! (*Murmurios.*)

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Sei que non lles gusta, pero é que os traballadores das Pontes seguen esperando polo seu apoio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Fortes murmurios.*) Os traballadores de Navantia seguen esperando polo seu apoio. (*Murmurios.*) (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Señor Rivas, silencio!

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moi ben, sigan vostedes por aí, que seguramente darán resposta aos seus intereses partidarios pero en ningún caso lles estarán dando unha resposta útil aos traballadores en Galicia. (*Aplausos.*)



Como dicía, dende a Xunta de Galicia seguiremos desenvolvendo o Plan de reactivación, un plan que loxicamente vén acompañado —e adaptado, polas necesidades do contexto, a través deste plan de rescate— con 160 millóns de euros que trasladaremos en noventa días para conceder axudas directas a estes sectores, aos autónomos e ás microempresas vinculadas cos sectores máis afectados. E, dende logo, tamén seguiremos traballando co sector do comercio, co cal seguiremos impulsando novas medidas que contribúan á súa reactivación.

En definitiva, estamos trasladando apoios concretos, axudas directas concretas e, sobre todo, tamén estamos intentando trasladar confianza ao tecido empresarial. Hai unha lei de reactivación económica que é clave sinxelamente para que Galicia, mantendo todas as garantías desde o punto de vista medioambiental, cultural, e patrimonial vinculado co medio rural, poida simplemente ser máis áxil e máis competitiva na tramitación dos proxectos empresariais —eliminando solapamentos innecesarios, eliminando as duplicidades entre diferentes departamentos e, sobre todo, facilitando a captación e a execución de proxectos—. Gustaríame, honestamente, se iso non é así, que o demostren.

Vostedes lanzan un slogan e parece que teñen a razón. Non, miren, os empresarios están pedindo unha maior axilización administrativa, e na Lei de reactivación non hai nin unha soa eliminación de requisitos e de garantías dende o punto de vista medioambiental, dende o punto de vista urbanístico ou dende o punto de vista patrimonial. (*Aplausos.*) E, polo tanto, vostedes terán que elixir se están co investimento en Galicia ou simplemente están coa súa ideoloxía.

Os proxectos, señorías, que van contribuír á transformación do noso tecido produtivo teñen que estar vinculados coa dixitalización, coa sostibilidade da nosa economía. E aí, dende logo, os fondos europeos serán unha oportunidade. Temos unha oportunidade de vincular os nosos recursos autóctonos, como é a madeira; de vincular todos os procesos vinculados coa xestión de residuos agrogandeiros, como son os puríns, pero tamén outro tipo de residuos, como son os plásticos, como son os residuos sanitarios ou os propios residuos téxtiles, para que realmente en Galicia haxa unha transición verde e que haxa unha transición dixital. Estamos convencidos de que é un proxecto de país que vai promover unha maior cohesión social e territorial en Galicia, e, sobre todo, de que vai permitir a transformación da nosa industria —tamén cunha gran presenza no rural e tamén cun impacto non só en grandes empresas, senón tamén en pequenas e medianas empresas e autónomos—. E por iso imos impulsar estes proxectos de colaboración público-privada, que son os que poden xerar emprego.

En definitiva, señorías, a pandemia obríganos a todos a traballar nas urxencias máis inmediatas pero coa mirada posta nos vindeiros anos e tamén no horizonte da propia recuperación, unha recuperación para procurar o benestar dos galegos e sobre todo unha recuperación que significa non só adoptar medidas en Galicia senón tamén defender dende Galicia e tamén en Madrid os postos de traballo que nestes momentos están pendentes dun fío. Polo tanto, hai unha corresponsabilidade e temos que xuntar esas vontades, temos que sumar eses esforzos, para poder conseguir eses retos.

Na medida en que saibamos chegar a acordos e lograr consensos poderemos, dende logo, falar de transición xusta —nestes momentos é o que nos están pedindo os cidadáns— e de



que a recuperación social e económica chegue ao conxunto do tecido produtivo. Por iso hoxe —se mo permiten— gustaríame concluír facendo un chamamento á coordinación e á cooperación entre todas as administracións e entre todas as forzas políticas que conforman este Parlamento para que Galicia poida chegar canto antes á plena recuperación e, sobre todo, para que poidamos dar unha resposta útil ás necesidades que teñen os cidadáns e ás necesidades que teñen tamén os propios sectores produtivos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, vicepresidente.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta minutos da tarde e retómase ás catro.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión co punto terceiro da orde do día, mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre o impulso polo Goberno galego dun novo modelo de coidados de longa duración que aborde a atención á dependencia

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Marina Ortega Otero e do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción. (Moción doc. núm. 9322.)

Emenda de adición dun novo punto 4 bis, que quedará redactado co seguinte contido:

<<4 bis. Impulso e reformulación da libranza na contorna familiar, fomentando a igualdade entre homes e mulleres como familiar que exerce o coidado non profesional. Así mesmo, dotándoo dunha rede profesionalizada por parte da Administración autonómica de supervisión periódica dos coidados e formación para as familias>>.

Emenda de adición dun novo punto 4 ter, que quedará redactado co seguinte contido:

<<4 ter. Impulso da figura do asistente persoal contemplado no Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia>>.)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.



Hoxe, desde o BNG, presentamos esta moción sobre o modelo de cuidados, especialmente de atención á dependencia. É unha proposta que vai encamiñada, entre outras cuestións, e en primeiro lugar, a garantir os dereitos sociais das persoas dependentes, por suposto, pero tamén a acabar co tremendo negocio no que se converteu o dereito a unha vellez digna en Galiza e coa convivencia que a Xunta de Galicia ten coas empresas e entidades privadas que xestionan a maior parte destes servizos, nomeadamente co principal grupo que opera no noso país, que é DomusVi. Esta convivencia da Xunta de Galiza con este grupo empresarial fíxose máis visíbel, se cabe, coa vacinación recentemente da conselleira delegada de DomusVi e do seu irmán, saltando absolutamente, e de maneira indecente, o protocolo de vacinación. Déixenme dicirlles que ao BNG nos parece tan grave que a conselleira delegada deste grupo, empresaria, se coe nas listas de vacinación como que a Xunta de Galiza llo permita e mesmo llo aplauda.

Estes días vimos e escoitamos —e puidemos ler tamén— en múltiples medios de comunicación que o presidente da Xunta e a conselleira de Política Social daban por ben feita publicamente esa «metedura» da señora conselleira delegada e do seu irmán nas listaxes de vacinación. E ademais diciánnos, tanto o presidente da Xunta como a conselleira de Política Social, que non se vai investigar nada, porque «¿para que?», ¿verdade? ¿Para que queremos saber neste país como acaba unha empresaria nunha listaxe de vacinación no medio dunha pandemia mundial sen que supostamente —se cremos o relato da Xunta de Galiza— o Goberno non saiba nada? E, para colmo, dise ademais —onte mesmo— que a Xunta non pode demostrar se houbo algunha irregularidade ou non porque é unha actividade dunha empresa privada.

E unha pregunta: escoitando e lendo certas cousas, ¿quen decide neste país quen se vacina e quen non, con que orde e con que prioridade?, ¿decide un grupo como DomusVi, calquera empresa privada, ou decide a Consellería de Sanidade? Porque, para ser a actividade dunha empresa privada, tamén resulta ben curioso que lles paguemos a vacina todas e todos, incluída tamén a nómina da persoa que llela subministrou. ¿Que lles están dicindo ás galegas e aos galegos, ao conxunto da sociedade deste país, a Xunta de Galiza? Que, dependendo de quen sexas, vas antes. Se lideras unha multinacional das residencias —como é este grupo DomusVi—, non hai criterio sanitario nin orde nin protocolo. Pero se te chamas María García e traballas no centro de saúde de... —eu ¿que sei?—, de Cuspedriños de Abaixo, esperas.

É indecente, é absolutamente indecente, non ten outro adxectivo, simplemente indecente. É indecente no marco e nun contexto —porque as cousas é bo contextualizalas— no que oito de cada dez prazas de residencias de maiores no noso país son privadas. E delas, dese 80 % de prazas privadas, o 20 % pertencen ou son xestionadas por este grupo DomusVi —para ser exactas, 4.737 prazas de residencias en 30 centros—. DomusVi é a principal empresa que xestiona residencias de maiores, non só en Galiza senón no conxunto do Estado español.

Oito de cada dez prazas de residencias son privadas, pero seis de cada dez centros de día son privados no noso país. E están, ademais, ausentes na maior parte do territorio galego. É o que ten antepoñer, primar, o lucro e o negocio antes que os dereitos. E unicamente se instala se é rendible. Tal é a exclusión dunha parte importante da poboación deste país respecto de



servizos como as residencias ou os centros de día que unha quinta parte dos maiores de 74 anos viven en lugares onde as residencias ou centros de día é nula ou ben é moi deficiente. E son datos do Foro Económico de Galiza.

Outros servizos esenciais para a atención á dependencia, como pode ser a teleasistencia, directamente brillan pola súa ausencia no noso país. A teleasistencia en Galiza, tanto a básica como a avanzada, chega apenas a 8.373 persoas, nun país no que hai máis de 65.200 cun grao de dependencia recoñecido e 122.731 fogares formados por persoas maiores de 65 anos que viven soas.

Un dos países, como é o noso caso, como é o caso de Galiza, cun dos maiores niveis de avelentamento de toda Europa non pode soste o dereito a unha vellez digna sobre ese nivel de privatización e precariedade dos servizos públicos. E aí é onde queremos poñer o foco hoxe desde o BNG con esta moción: no deseño de políticas públicas orientadas a configurar un novo modelo de coidados de longa duración inserido nas recomendacións da Organización Mundial da Saúde, un modelo integral que non colla cada un dos servizos de maneira diferenciada, como compartimentos estanco, senón que os conciba como un todo e que poña no centro a vida das persoas, a esperanza de vida en boa saúde, un modelo que sexa público, próximo e, o máis importante de todo, que garanta e permita que as persoas poidan permanecer o maior tempo posible nos seus fogares —pero non como un recurso retórico, senón como unha realidade material—; un modelo que apoie e que acompañe as persoas ao longo das distintas etapas vitais. Pensemos que a unha persoa que teña 65 anos —por tomar unha idade máis ou menos de referencia—, de acordo coas estatísticas —e oxalá esas sexan superadas—, lle quedan por diante dúas décadas de vida. Para garantir ese apoio e ese acompañamento ás persoas ao longo das distintas etapas vitais —tamén cando consideramos que as persoas son maiores hai distintas etapas— é necesario despregar un conxunto de servizos que vaia moito máis alá do modelo institucionalizado, e que ten que despregarse a distintos niveis. Trátase dun modelo que preveña a dependencia e, sobre todo, que faga o conxunto da sociedade corresponsable do coidado.

Porque, cando o sistema de organización dos coidados non se aborda de maneira pública, de maneira explícita e de maneira integral, o que temos que preguntarnos é quen se encarga de atender esas necesidades. Porque, igual que acontece na economía e no mercado, nos coidados tampouco hai man invisible ningunha nin variñas máxicas. É a inercia —di o movemento feminista desde hai anos—, a inercia da orde de xénero, a que entra en funcionamento cando a expectativa é que esas necesidades de atención e coidado ás persoas dependentes se satisfagan dentro das propias familias por si mesmas, dentro do ámbito familiar. Dito doutra maneira, en ausencia de políticas e servizos públicos, son as mulleres as que asumen practicamente por enteiro ese traballo, un traballo informal, non remunerado a maior parte das veces, non recoñecido, mesmo despregado en moitas ocasións. E hai que dicir que non lles corresponde asumilo ás mulleres de maneira natural, non lles corresponde a elas, ou non nos corresponde a nosoutas, asumir ese coidado en exclusiva. A metade da humanidade, que son os homes —tamén aquí en Galiza—, é hora de que asuman a súa parte de responsabilidade na reprodución da propia sociedade. (*Aplausos.*)



Por iso propomos hoxe desde o BNG catro puntos que eu sintetizarei en tres elementos centrais.

O primeiro é reforzar o Servizo de Axuda no Fogar, como clave de bóveda dese sistema de organización social dos coidados, ampliando o financiamento da Xunta pero tamén os tipos de coidados e as horas que se prestan de maneira efectiva no servizo, e despregando un plan de inspección do propio Goberno para garantir o cumprimento dos dereitos laborais e salariais das traballadoras —por dicilo de maneira sintética, trátase de coidar de quen nos coida—.

En segundo lugar, planificar a extensión —pero real e efectiva— da teleasistencia como un recurso e como un dereito fundamental cun obxectivo concreto, medible, tanxible —non como unha declaración de intencións—, que é chegar progresivamente ao conxunto das persoas maiores de 65 anos que viven soas no noso país —122.700, para ser exactas—.

E, en terceiro lugar —os puntos 3 e 4—, ampliar a rede de centros de día e residencias públicas, non o negocio de grupos como DomusVi senón a rede de centros e residencias públicas, e priorizar os concellos e comarcas que non contan na actualidade con ese servizo. Pero, iso si, hai que deseñar e despregar un novo modelo residencial que supere o actual —que data do ano 1996, como saben—, con máis persoal de atención directa, menos tamaño para garantir unha mellor atención, de máis calidade e máis persoal, con máis integración nas contornas sociosanitarias dos propios centros e, sobre todo, tamén con maior participación tanto das persoas usuarias como familiares nos órganos de xestión e decisión destas residencias e centros de día.

En definitiva —e con isto remato—, un modelo de coidados máis humano e, sobre todo, máis público. ¡Que nunca máis, nunca máis, de verdade, o dereito a unha vellez digna e á autonomía persoal sexa un negocio!

Máis nada de momento. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Non podemos falar dun novo modelo residencial sen falar da atención aos coidados das persoas de xeito integral e coordinado —e das persoas con dependencia—. Pero tampouco podemos falar deste contexto sen cambiar o chip. Temos que cambiar o concepto que temos das persoas maiores. Debemos deixar atrás a infantilización que se fai delas en ocasións, e incluso dende a propia institución. As persoas maiores teñen que ser escoitadas. Unha persoa con 65 anos ou máis ten moitísimo que aportar á sociedade e, sobre todo, ten moito que opinar, en primeiro lugar, cando falamos do seu futuro inmediato.



Temos que ser conscientes de que falar dun novo modelo residencial descontextualizado do resto de servizos e recursos que existen para as persoas maiores non pode funcionar, polo que hai que partir de aquí para poder optimizar os cuidados do xeito máis xusto e inmediato. E poño un símil que non ten nada que ver, pero é para que vexamos que ás veces o problema non nos deixa ver a propia solución. Hai anos triunfou un método para previr o acoso escolar. Deixaba atrás a actuación única sobre o problema —ou sexa, a intervención agresor-víctima— e pasaba a actuar sobre o resto da comunidade, implicando directamente o resto de observadores, as persoas que observaban. E conseguíuse unha cousa moi importante: a propia prevención.

Na mesma liña debemos de actuar aquí e non centrarnos só nas residencias, senón abrírnos ao resto de recursos para previr e alargar o tempo o máximo posible antes da institucionalización das persoas maiores e dependentes. Galicia é unha das comunidades autónomas máis envellecidas do país, e a maioría das persoas maiores indican que prefiren vivir nas súas casas, que non queren ir a unha residencia. Esta é a realidade e cara a ela temos que traballar, nun horizonte que permita a máxima autonomía durante o máximo tempo posible.

Hai unhas semanas cumprín 38 anos e sentínome da mesma forma que cando tiña 37, e así sucederá tamén cando teña 65, coa diferenza de que terei máis vivencias, simplemente. Non debemos desactivar toda unha parte da poboación porque cumpran unha determinada idade, debemos escoitalos e facelos partícipes das decisións que temos que tomar sobre o seu propio futuro, sobre os seus cuidados.

A propia conselleira aseguraba hai uns días que o novo modelo de residencias de maiores será participativo, consensuado e integrador, aproveitando as potencialidades da tecnoloxía, a coordinación sociosanitaria e as melloras estruturais e arquitectónicas nos centros.

Primeiro, unha vez máis falamos do novo modelo de residencias e non dun novo modelo de cuidados que coordine e reformule o resto de servizos que fan que moitas persoas maiores poidan seguir vivindo nas súas casas —que esa ten que ser a meta—.

Segundo, ¿onde está a parte humana de todo isto? ¿Por que non falamos de como humanizar os cuidados para mellorar a calidade da vida das persoas maiores e optimizar ao máximo a súa autonomía e capacidades cognitivas?

Terceiro, non é integrador cando o resto de representantes, por exemplo, non estamos convidados a participar, ou mesmo a Sociedade de Xerontoloxía e Xeriatría, ou as propias representantes das asociacións de traballadoras do sector, entre outras.

Na provincia de Ourense a idade media da cidadanía é de máis de 50 anos debido principalmente á fuga de talento motivada pola falla de oportunidades para unha xeración moi preparada. Adaptar a oferta á demanda laboral é unha tarefa pendente deste Goberno para asentar poboación e dar recursos a este retorno económico e laboral que o sector cuidados precisa. Este é outro problema que hai que atallar xa, pero hoxe estamos inmersos no centro dunha pandemia sen precedentes. Cabe poñer o foco da atención en como articular a xestión para salvar vidas nos centros de atención residencial.



En Galicia, dende o Grupo Socialista, sempre insistimos na necesidade dun plan de evacuación de positivos, de todos os positivos sen excepción, coa maior inmediatez posible. E ¿por que? Porque o recomenda a propia Sociedade de Xerontoloxía e Xeriatria ou o propio informe do CSIC sobre o impacto da covid nas residencias —entre outros—. E porque cando unha persoa maior entra nunha residencia ten que asinar por lei un documento no que declara non ter ningunha enfermidade infectocontaxiosa, algo que é totalmente lóxico xa que se trata dunha cuestión de saúde pública. Neste caso incumpríuse sistematicamente cando se mantiveron positivos nos mesmos centros que os negativos, imposibilitando optimizar a prevención da expansión do virus e dos contaxios masivos nestes centros. Para isto, existindo en Galicia, en concreto, residencias integradas intermedias, solicitamos unha vez máis un protocolo de evacuación inmediata de todos os positivos sen excepción a estas residencias intermedias —que para iso están— e aos hospitais naqueles casos en que proceda.

Unha vez que saiamos da pandemia, o novo modelo ten que ser de coidados, non só residencial. As residencias teñen que ser o último recurso —iso si, con todas as garantías, preferiblemente públicas e con base nun modelo máis familiar ou parecido a un fogar, con grupos pequenos, estrutura similar á vivenda, etc.—. Pero, sobre todo, hai que escoitar os maiores para saber como podemos humanizar ao máximo o contexto.

O concepto sobre as persoas maiores ten que cambiar. Dende a política temos que facer a pedagogía para mudar o chip que existe en relación con esta etapa vital. Unha persoa de 65, de 70, etc., de calquera idade, é unha persoa que ten moitísimo que aportar á sociedade. Debemos fuxir dun modelo que cosifique ou infantilice as persoas maiores, polo que é fundamental escoitar qué é o que queren, darlles voz nese momento. É o momento de apostar por políticas como a do plan de choque de dependencia que ofrece o Goberno estatal para paliar anos de recortes en dependencia, e fundamentalmente implicar todos os recursos e coidados que temos, como, por exemplo, os que a continuación explicarei.

Empezando polo servizo de axuda no fogar, é imposible falar dun modelo de coidados en Galicia, dun novo modelo, sen que o Goberno galego incremente a aportación por hora que lle corresponde para aliviar os presupostos municipais. (*Aplausos.*) Hai que revisar as condicións laborais das auxiliares da axuda a domicilio e dos propios coordinadores de servizo, introducir a figura de novos perfís profesionais para optimizar o seguimento e rehabilitación dos usuarios do servizo, así como pedagogía social en canto ao concepto do SAF, no que temos a eterna confusión entre coidados especializados *versus* función de limpeza —que é o que realmente fan as auxiliares de axuda a domicilio—.

Algo moi importante é o impulso dos centros de día e a figura do asistente persoal, que son símbolo garante da autonomía das persoas maiores e das persoas con dependencia.

E un recurso moi importante é a libranza por coidados na contorna familiar. No seu momento foi un dos piares que sustentaban a chamada Lei de dependencia. Non obstante, foi aquí onde se concentraron gran parte dos recortes do PP —sobre todo a raíz desa arma letal do Partido Popular contra a dependencia, dese real decreto de 2012—. Ademais dos recortes, un dos problemas fundamentais foi a feminización da figura dos coidados non profesionais, co que habería que redefinir o concepto para fomentar a igualdade nos coidados.



Hai que profesionalizar e supervisar os coidados na contorna familiar, cunha formación periódica e de calidade así como mediante a supervisión que se debe levar a cabo de xeito habitual e sistemático.

Os programas de respiro familiar deben ser mellorados —recurso que sería vital, ademais, para poder optimizar un maior reequilibrio territorial— con base na mellora das condicións que se outorguen aos coidadores non profesionais. ¿Como é posible actualmente que das poucas libranzas que quedan en Galicia estean informando nalgúns casos —pais e nais— que a día 9 deste mes aínda non cobraron axuda por coidar os seus fillos dependentes? ¿Como é posible!

Na soidade non desexada —algo moi importante— sería importante promover un plan real xestionado en colaboración co ámbito municipal e dotando os propios concellos dos recursos económicos para isto. Este plan debería estar coordinado a través de equipos multidisciplinares que compartan información e optimicen resultados de cara á propia prevención de accidentes e deterioración da saúde mental.

E, por suposto, ¡por suposto!, dentro deste modelo de coidados debe atrasarse a propia institucionalización das persoas. O novo modelo residencial deberá estar centrado nas persoas, cunha unidade de convivencia pequena o máis similar a un fogar e adaptando os servizos e actividades do centro á propia diversidade que existe entre os propios residentes. Hai que ter en conta as capacidades físicas pero tamén as cognitivas; por exemplo, o feito de pintar ou facer puzzles pode ser entretido ou beneficioso para unha persoa e totalmente frustrante para outra.

Hai que reforzar os equipos de inspección para dar lugar a un óptimo seguimento de todos os centros, xa sexan de iniciativa pública ou privada, e para que non volva acontecer o que o informe do Consello de Contas advertiu: aquela baixada significativa do número de centros previstos, que, por exemplo, en 2010 era do 100 % e en 2016, do 39 %.

Temos que concentrar os datos de residencias, monitorizar, para a implantación dun sistema de alerta temperá e seguimento unificado, e evitar deste xeito a falta de transparencia ou hipotética manipulación dos datos. ¡Solicitamos os datos de contaxios e de falecementos por centro xa! (*Aplausos.*)

E, por suposto, este modelo ten que ser froito dun diálogo social. A cidadanía que eu represento debera de ser tan digna como a que pode representar calquera deputado ou deputada do Partido Popular. É difícil de comprender por que o Goberno galego exclúe o resto de partidos nun tema central coma este. O novo modelo de coidados para as persoas maiores e con dependencia é posible con vontade política e incremento de recursos. O propio Estado aporta —vai aportar este ano— 623 millóns para reverter os recortes en dependencia. Pero é preciso que tamén a propia Comunidade Autónoma poña sobre a mesa os recursos. Fagámolo posible cun gran acordo para que o feito de ter unha idade non desactive a propia vida das persoas.

E, ¡por favor!, evacúen todos os positivos das residencias de maiores. Expliquen, por decencia, as vacinas como a da conselleira delegada de DomusVi (*Aplausos.*), poñan unha residencia



integrada por provincia e que deixe de poñer cargos no Consello do Porto de Ferrol a conse- lleira, que bastante ten con centrarse neste tema no medio dunha pandemia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, permítanme a brincadeira. Que o Partido Socialista, a representante do Partido So- cialista, veña hoxe aquí a falar de consellos de administración, despois de nomear esta mesma semana o que era voceiro do seu —hoxe— socio de goberno —voceiro nesta Cá- mara— e colocalo no Consello de Navantia, despois do que oímos nesta Cámara durante catro anos das portas xiratorias, ¡hai que botarlle un par de mazás!, ¡hai que botarlle un par de mazás como as que tiña ese voceiro nese escano durante catro anos! ¡Hai que botarllas! *(Aplausos.)*

Parece que os grupos da oposición tiñan un enorme interese en falar hoxe de vacinación. Non tiñamos inconveniente. Sorpréndeme que retiraran as iniciativas relacionadas con este tema. Non sei por que. Nós non temos inconveniente en explicar cales son os criterios de vacinación. De feito, compareceron os responsables da Xunta de Galicia aquí para explicar cales eran os criterios de vacinación. E a partir de aí todos sabemos que é a cada un deses organismos e empresas responsables aos que lles corresponde elaborar as correspondentes listaxes para esa vacinación —por certo, seguindo as directrices da estratexia de vacinación nacional—. Parece ser que aquí esa estratexia se aplica ou non se aplica en función de que a un lle caian ben ou mal os representantes, pero non sei... ¡Claro que hai xente que se extra- limitou! Ben, pois terán que responder nos seus respectivos ámbitos, pero non terá que fa- celo o Goberno de Galicia. Entre outras cousas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Home, non sei! Imaxinen vostedes que nalgún centro nos pasan unha listaxe na que inco- rren liberados sindicais dalgún sindicato afín a algún grupo desta Cámara. ¡A ver se vai ser responsabilidade tamén do Goberno! ¡Home!, eu penso que non.

Eu creo que deberíamos ser prudentes e tamén un pouco xustos e un pouco menos dema- góxicos. Din: «É que lles pagamos entre todos as vacinas». ¡Como a todo o mundo!, ¿ou hai alguén neste país que estea vacinado sen que lle paguemos entre todos a vacina? ¡Vamos elevar un pouquiño o nivel! *(Murmurios.)*

Se me permiten, eu creo que nos atopamos hoxe ante unha moción que define perfectamente o modelo de diálogo do nacionalismo galego e, despois de escoitar tamén a representante do Partido Socialista de Galicia, o modelo de diálogo da esquerda deste país. A Xunta tendeu a man para elaborar un novo modelo de atención integral para maiores e dependentes. Creouse no Parlamento unha comisión na que, entre outras cousas, se propuxo tamén con-



sensualo. E a resposta do BNG e tamén do PSdeG é presentar as conclusións antes de nin sequera comezar o diálogo. É unha maneira certamente curiosa.

Dicía a señora Ortega: «Non estamos invitados a participar na elaboración do modelo». Señora Ortega, estamos en proceso da elaboración da ponencia da Comisión de Reactivación. ¡Non é que estea invitada, é que forma vostede parte dela! É dicir, é a súa obriga facer esas aportacións. Eu o que lle recomendo é que o faga, porque por alí pasaron profesionais, responsables públicos, asociacións, empresas, familiares... Creouse un comité asesor sociosanitario por parte da Xunta de Galicia con representación de todos os axentes implicados, que xa celebrou varias xuntanzas de traballo.

Na súa interpelación de hai quince días, o BNG dicía que era imprescindible que se consultase o Consello Galego de Benestar Social. Hoxe presentan conclusións. Debe ser que xa non necesitan escoitar o que di este consello. Incluso se creou a nova Dirección Xeral da Atención Integral Sociosanitaria para abordar este novo modelo de atención. Pero o BNG non precisa escoitar a ninguén. Xa ten as respostas. Porque o BNG xa ten un modelo. De feito, é tal a perfección alcanzada polo BNG que non ten un modelo, ten dous: ten o modelo que lle exige permanentemente á Xunta e o modelo que practican despois onde gobernan.

Porque, señora Rodil, sinceramente, vén aquí e escoitámola falar de negocio, de que traballamos para as empresas, de que están deshumanizados... Pero eu preguntolle: ¿vostedes reverteron para o público algún destes servizos que están prestando as administracións onde vostedes gobernan? ¿Recuperou Suplusa para o público esa xestión que ten hoxe mesmo derivada en grupos como Clece —Florentino Pérez—? ¡O que dixeron vostedes de Florentino Pérez aquí, ou de ordes relixiosas como Mensaxeiros pola Paz! Pero ¿por que en Lugo é bo e se o fai a Xunta é malo? Eses servizos de axuda no fogar que vostedes reclaman, con esa dignificación e demais, ¿van recuperar a xestión para o público nos seus concellos? Porque non se coñece un. Por certo, hai unha polémica no Concello de Vigo —non alentada polo Partido Popular—, porque a empresa mellor valorada para prestar os SAF en Vigo, no concello do tío do líder do PSdeG na Cámara, ¿saben cal foi? A empresa mellor valorada foi DomusVi.

É que custa entender que se manexe con esta facilidade esta dobre vara de medir, esta hipocrisía permanente. Nós discrepamos da visión catastrofista do BNG. Nós consideramos que hai un modelo galego de atención que prestou un gran servizo ás galegas e aos galegos. Precisa ser reformado, é certo, potenciando moito o que se estaba facendo ben e corrixindo as eivas que agromaron como consecuencia dunha alerta sanitaria mundial —que ás veces parece que se lle esquece—, ¡unha alerta sanitaria mundial! Unha alerta que, por certo, o sistema de protección social galego superou con mellor nota que a maioría dos sistemas sociais da nosa contorna. Son datos, pero non son datos do Partido Popular de Galicia nin da Xunta de Galicia, son datos oficiais do Ministerio, que os facilita; son datos que se ofreceron nesta Cámara. Por certo, solicitáronse tamén oficialmente ao Ministerio. Seguimos esperando a que os remita a esta Cámara para ver se así vostedes xa o asumen, unha vez que o vexan posto negro sobre branco.

Pero falar aquí como fixo hoxe a señora Ortega: «É que hai que sacar a todos os contaxiados das residencias para as residencias intermedias...»... Señora Ortega, vostede non é que non



queira participar, é que non escoita. ¡Se viñeron os expertos á Comisión e lle dixeron que era algo desaconsellado como criterio xeral! Dixéronlle que había que avaliar cada caso e que o que era preciso era elaborar protocolos de evacuación, pero non evacuar a todos os contaxiados porque, precisamente, podía ser contraproducente. (A señora Ortega Otero: Non.) ¡E di que non! ¡Di que non! De verdade que a invito a que repase, ¡é que a invito a que repase!

Nós cremos que debemos de facer unha valoración do sistema social galego ponderada e saber de onde vimos para saber onde estamos: residencias, un 44 %, máis prazas en residencias públicas que no 2009. Centros de día, 3.900 prazas versus as 980 do 2009. Somos líderes nacionais no servizo de axuda no fogar, e en teleasistencia temos 6.593 usuarios, 204 xa xeolocalizados, e temos unha previsión de incorporar 3.000 usuarios máis ao ano.

Decía a señora Ortega que tiñamos que empezar a traballar. Non, non, algúns levamos traballando tempo, o que non sei é o que están facendo outros.

Piden plans, impulsos para mellorar progresivamente estes servizos. Eu, con estes datos que lle acabo de dar, sinceramente, dígolle: ¿pódese negar a mellora progresiva? Porque eu creo que é innegable, que é incuestionable e creo que é irrefutable.

Piden vostedes máis recursos para os SAD, para a teleasistencia, para centros de día, para residencias... Nós tamén, pero non parece xusto que a Xunta asuma en exclusiva a maior necesidade de recursos nin parece lóxico que o BNG decida como se teñen que distribuír.

Nós cremos que ten que facerse unha planificación sensata. Vostedes propoñen, por certo, que se duplique o número de centros de día públicos. Hai 92 en Galicia. Vostedes queren facer outros 92. Isto ¿que son? 90 ou 100 millóns en construción, máis uns 8 millóns de euros ao ano. En fin, é unha cousa realmente curiosa.

O caso é que vostedes propuxeron en emendas este ano o proxecto de 27 centros de día. O Partido Socialista, 7. Todos apoian uns ou outros. ¿Sabem cantos coinciden entre os 7 e os 27? Coincide un. ¿Pero que intereses defenden? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¡Pero se están postos por escrito, señora Ortega! ¡Non me negue o que está por escrito e o que rexistran vostedes! Eu pídlle que teñamos algo de debate lóxico, de verdade.

Nós coincidimos no básico: atención personalizada, cercanía ao entorno, máis e mellores servizos. Estamos de acordo, pero a pregunta que hai que facerse é: ¿como se financia e quen asume ese financiamento? O certo é que vostedes exixen á Xunta distintas solucións, que pasan todas por aumentar de maneira exponencial e inmediata o investimento público en dependencia. Namentres, o Goberno de España xa anunciou que remata a lexislatura sen cumprir a aportación do 50 %. Non me mire así, que non o dixeron eu, que o dixo o seu vicepresidente.

No mellor dos casos xa advertiu que vai chegar ao 34 % de aportación, o cal é falso, porque, ademais, sería o 34 % de hoxe, pero obviando que seguen aumentando os gastos. Eu, claro, pregúntolle: se vostedes aumentan os gastos de SAD, as ratios de persoal, constrúen novos centros, queren eliminar os copagos dos usuarios, reducen a aportación dos concellos e con-



tinúan incumprindo a aportación de Estado, ¿isto quen o paga? ¡Ah, a Xunta! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Oía, ten vostede solución para todo!

E digo eu: ¿Como o pagamos?, ¿co orzamento menor en investimentos en quince anos do Goberno?, ¿cos 200 millóns de IVE que non nos devolven?, ¿cos 170 millóns de incentivos de cumprimento do obxectivo que non nos dan?, ¿cos 100 millóns menos de euros en políticas de emprego? ¿ou con 36,3 millóns de euros menos no Fondo covid?

¡Pero, un pouco de sensatez e un pouco menos de cara! Eu, de verdade, dígolle de verdade, que o seu recórdame a un famoso periodista deportivo deste país que dicía unha frase que os define perfectamente: «Nin unha mala palabra, nin un bo feito». Para quedar ben están todos os días, pero, para poñer os cartos, para iso non. E aínda vostede, dende o seu escano, dime: «Non, non, a Xunta; pono a Xunta.» (*A señora Ortega Otero pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

Pero vostede, que tanto presume, que tanto presume da lei, ¿non se acorda de que teñen que poñer 50 %? ¡Que a Xunta está poñendo o 75 %, señora Ortega!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...o 75 %, ¿onde está o 50 %? E a escusa é que é culpa de Rajoy. Voulle facer un recordatorio... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Imos con calma.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...—dígoo porque é bo—: baixada de soldos dos funcionarios, o 5 %; idade de xubilación aumentada aos 67 anos; conxelación de pensións; rebaixa do custo do despido; unha reforma laboral, copagos sanitarios... ¡Que non foi Rajoy, que foi o señor Zapatero! É que hai que ter a cara moi dura para quebrar un país e despois vir aquí pedirlle responsabilidades a quen tivo a responsabilidade de reflotalo. ¡É que xa está ben, home! ¡É que xa está ben! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Remato. Remato xa, presidente.

Por certo, cando un fala de crear prazas de centros de día das que falan vostede e tal, eu dígolle que creo que o diálogo debería de pasar por que falaran tamén co sector. Non sei eu... Paréceme que non tiveron unha conversación con eles e igual debían de falar antes de presentar emendas que resultan un absoluto despropósito. Están invitados ao diálogo. Escoitén, falen e igual chegamos a acordos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos. Rematou o seu tempo.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)



Grupo autor da moción, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ¡Menos mal que nos propón dialogar, eh! (*Risos.*) ¡Menos mal! ¡Se non... non sei...!

Unha cousa que me resulta curiosa: se presentamos iniciativas, ¡mal, porque presentas iniciativas! Se retiras iniciativas, ¡mal, porque retiras iniciativas! Non, señor Pazos... Calquera diría que a vostede o que lle molesta é que o BNG veña aquí e exerza un dos nosos dereitos e tamén das nosas obrigas como deputadas e deputados e que fagamos propostas. E a ese respecto, dúas cuestións. Unha, eu creo que xa o dixemos en varias ocasións, pero nunca está de máis repetir: non hai comisión; non hai comisión nin de reactivación, nin de ningún outro tipo que vaia furtar a obriga e o dereito do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a presentar cantas propostas nos prazan. Non pode utilizarse a Comisión de Reactivación como subterfuxio para intentar negar debates que son imprescindibles, que son necesarios e que xa eran importantes antes de que aparecese esta pandemia. (*Aplausos.*)

E, a este respecto, o BNG ten un modelo xa antes de que escoitemos a todas as persoas que pasaron pola Comisión de Reactivación, leamos todos os informes, incluídos os que faltan, e nos poñamos a traballar no ditame desa Comisión de Reactivación. Efectivamente, efectivamente, o BNG ten un modelo de coidados e unha proposta de atención da dependencia neste país e de garantía do dereito da autonomía persoal das persoas desde antes de que aparecese o SARS-CoV-2, a pandemia, a covid e o que fixese falta, porque aquí había un problema de partida que se fixo visible a partir de que lle vimos as costuras todos despois destes, como lles gusta dicir a vostedes «test de estrés», que sufriron os servizos públicos e nomeadamente tamén toda a rede de residencias, centros de día e todo o que ten a ver co coidado e a atención ás persoas maiores e dependentes no noso país.

O BNG xa tiña un modelo de coidados antes, efectivamente. E se era necesario e válido antes da pandemia da covid-19, é máis necesario e máis válido aínda agora na situación na que nos atopamos.

Quéixase vostede do que nós propoñemos, e frivoliza absolutamente. Xa o fixo, por exemplo, no debate da Comisión durante a tramitación dos orzamentos. A cada proposta que faciamos desde o BNG de que era necesario ampliar o número de centros de día públicos ou o número de residencias públicas —entre outras cousas, porque hai unha quinta parte de persoas maiores de 74 anos neste país que non ten acceso a eses recursos—, vén aquí frivolizando. Daquela dixo: «cemento», e agora dinos que queren duplicar as prazas. Efectivamente, igual vostede non se deu conta, pero é que os dereitos custan cartos, e moitas veces fai falta erguer infraestruturas para garantir un dereito fundamental a ter un centro de día ou unha residencia que garanta primeiro a atención profesional e especializada desas persoas, e, en segundo lugar, e non menos importante, o dereito á conciliación das propias familias coidadoras. E, efectivamente, iso exige un investimento público, un esforzo orzamentario, se custa cartos a todas as galegas e os galegos.

O que non se pode é vir aquí frivolizar; hai que poñer enriba da mesa propostas concretas, e nós o que dicimos é: marquémonos un prazo temporal. Un, para presentar esa planificación



aquí, na Cámara. E dous, para desenvolver esa planificación, para executala, para duplicar esas prazas, por exemplo, de centros de día, facendo especialmente énfase nos concellos e nas comarcas deste país que non teñen acceso a ese dereito fundamental e a ese recurso público; o que propoñemos é que se garanta progresivamente esa rede. Insisto, é a maneira de garantir que todas as persoas que necesitan un apoio, un acompañamento e unha atención especializada á dependencia, teñan acceso a el. Elas, eles, e por suposto, tamén as súas familias.

E xa que falamos de cartos —que queda feo, pero xa que falamos de cartos—, efectivamente, nós estamos nun momento —vaise falar disto neste pleno— onde van chegar unha cantidade importante de fondos, por exemplo europeos, que teñen que ter tamén unha saída para desenvolver, precisamente, ese novo modelo de coidados. Aquí vai haber unha cantidade importante de recursos extraordinarios que van chegar ou deberían chegar tamén, polo menos se se apuntasen á defensa de que fosen xestionados, eses fondos europeos, directamente pola Xunta de Galiza, polo conxunto das galegas e dos galegos, e eses fondos europeos tamén teñen que servir para erguer un novo modelo de coidados.

E, en segundo lugar, tamén é certo, e a Xunta sábeo, que hai un acordo no Consello Interterritorial a nivel estatal de todo o sistema de autonomía persoal e de atención á dependencia que vai poñer enriba da mesa, entre outras cuestións, escasos recursos, pero máis recursos dos que había inicialmente, para garantir, por exemplo, unha das cuestións que nós recolleemos nesta moción, que é o despregamento do servizo ou do recurso da teleasistencia, entre outras cuestións, porque se formula recoñecelo como un dereito subxectivo.

Costa cartos garantir dereitos, pero é fundamental que establezamos prioridades, e para o BNG está claro, e xa o estaba antes da pandemia, pero aínda está máis claro hoxe: que unha urxencia e unha desas prioridades é, precisamente, despregar un novo modelo de coidados —insistimos— integral, que estea centrado nas persoas, e sobre todo que garanta a maior calidade e o mellor benestar social, individual, pero tamén colectivo das persoas maiores no noso país.

Imos propoñer unha transacción ao Partido Socialista respecto das emendas que nos presentan, especialmente para incorporar o concepto de corresponsabilidade na libranza, que nos parece interesante. Nós o que lamentamos é que esa oferta de diálogo do Partido Popular, señor Pazos, hoxe, coa súa intervención, quedou máis que evidente que é pura fachada, ¡pura fachada! Vostedes teñen un plan, queren ir en solitario con el, pero o BNG vai seguir traendo a esta Cámara, á Comisión de Reactivación, ao Pleno e á Comisión 5ª todas e cada unha das propostas que consideremos necesarias para garantir os dereitos fundamentais da poboación máis vulnerable deste país.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa campaña de vacinación para a covid-19

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

<<1º.-O Parlamento de Galicia insta ao Goberno da Xunta de Galicia a:

A) Manter e incrementar, de ser necesario, o persoal de enfermería contratado para a campaña de vacinación, en previsión do aumento de volume de vacinas dispoñibles nas vindeiras semanas e a crecente dificultade na operativa de vacinación nas seguintes fases, para evitar a desatención doutras áreas asistenciais no caso de reorientar persoal.

B) Dar información ao Parlamento de Galicia sobre as primeiras fases (I e II) do plan de vacinación, que inclúa o número exacto e distribución detallada dos perfís aos que lle foi subministrada.

C) Sumarse ás iniciativas e acordos que se poidan desenvolver a través do Consello Interterritorial para combater contra a aplicación indebida de vacinas e impulsar acordos no mesmo Consello para garantir que o reparto das vacinas sexa proporcional á porcentaxe de poboación en cada comunidade autónoma dos grupos prioritarios, garantindo así a aplicación debida das súas vacinas.

D) Mentres dure o plan de vacinación e non se acaden os obxectivos finais establecidos solicitar a definición por parte do Goberno Central, en coordinación coas Comunidades Autónomas, dos espazos nos que é necesario establecer a obrigatoriedade de uso de máscaras FFP2, así como a rebaixa do tipo de IVE que soportan.

2º.-O Parlamento de Galicia manifesta o seu rexeitamento cara todas as aplicacións indebidas de vacinas polas que determinadas persoas aproveitaran as posicións de influencia para recibir as súas doses, en substitución doutras persoas ás que lle correspondese segundo os plans de vacinación establecidos.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e todos.

Hoxe imos falar de vacinación. Debía estar a cousa xa medio preparada, que xa se foi contestando antes de empezar a falar de vacinación. Nós, como sempre que falamos desta cuestión,



queremos subliñar, en primeiro lugar, que a vacinación é un éxito colectivo, un éxito conxunto, da cidadanía pola paciencia e da ciencia, coma sempre, polo éxito dos resultados, e das administracións. Eu creo que é importante destacar o valor da política na colaboración entre administracións a distintos niveis, dende as poboacións máis pequenas ata a Unión Europea, que, con todos os erros que se poidan sinalar, demostrou que, postos a funcionar, o sistema no que vivimos é un sistema que permite avanzar e permite certo progreso. É posible que todo sexa mellorable, pero é un éxito global do que todos debemos felicitar nos en certa maneira, porque demostra que somos quen de facer as cousas bastante ben, ou polo menos dentro da marxe do razoable; é a vacina máis rápida da historia, probablemente —desexemos— a máis eficiente, e tamén probablemente, dada a situación, das máis importantes.

Nós cremos que o proceso de vacinación en xeral vai ben. Decía o presidente do Comité de Bioética de España, Federico de Montalvo, hai dúas semanas, que España ten o proceso ou o calendario de vacinación máis robusto de toda Europa. Para nós é difícil matizar ata tal punto tal valoración, pero é importante. E fronte a algunhas cuestións que se lle achacan —curiosamente, cando se queren ensinar cousas negativas, dispárase contra o Goberno de España e, cando non, quérese presumir—, nós insistimos na colaboración e na necesidade de destacar isto como un éxito colectivo; iso dicían algúns especialistas, pero hoxe España é un dos 5 ou 6 países do mundo que ten máis persoas vacinadas; co cal debemos de recoñecer —pese a algúns erros, que seguro que hai— que é importante destacar que as cousas funcionan cando se colabora, e isto é importante para evitar políticas do frontismo. *(Aplausos.)*

Cando falamos de políticas de frontismo, nós tamén, nesta iniciativa, nesta moción, queremos trasladar algunhas cuestións. En primeiro lugar, sobre persoal. Dixéronse nas últimas semanas bastantes barbaridades, citando sobre todo o número de vacinas que se podían poñer. Pero barbaridades distintas, porque supoño que hai algunha competición para ver quen di a barbaridade máis grande, e, postos a dicir barbaridades, xa dá igual. Eu escoitei unha moi interesante que dixo o señor Feijóo, e é que Galicia podía vacinar a toda a poboación en dez semanas. Imos destacar que non hai que vacinar a toda a poboación, porque os menores de 16 non se vacinan —dígoo por se non o sabe, igual sáenlle menos as contas tamén—, e imos supoñer, facendo uns cálculos —porque lles reducimos os menores de 16, que non se vacinan—, que somos en Galicia 2.400.000 persoas —contando con que tampouco hai que vacinar a todos e con que o obxectivo está no 70 %, que é a unidade de rabano—. Pero con ese obxectivo final de vacinar a todos, serían 2.400.000 persoas en dez semanas —dixo 8-10, pero imos ser benévolos, 10 semanas—. Imos facer o cálculo: 2.400.000 persoas, 10 semanas; é dicir, 240.000 persoas por semana —ata aquí ata eu son capaz de facelo—. E 34.285 ao día —só hai que utilizar unha calculadora—. Temos 200 enfermeiras; entón, isto quere dicir 171 persoas por día por enfermeira. As ratios que utiliza tamén o conselleiro de Sanidade marcan 10 minutos por persoa vacinada. Imos ser xenerosos, imos poñer só 5; pois son 14 horas vacinando sen parar unha enfermeira. Polo tanto, imos concluír, despois dos datos, que: ¡fai falta persoal para vacinar! *(Aplausos.)*

Fiense da calculadora, non se fíen de min —salvo que queiran ter a unha enfermeira 14 horas vacinando—. Imos poñerlle algún dato máis. Por exemplo, empezamos a vacinar en residencias de maiores, en hospitais, onde a poboación está concentrada —non se preocupen, pásolles eu os cálculos, non pasa nada; se é unha calculadora, ou un Excel, tamén vale— e



é máis fácil operativamente; loxisticamente é máis fácil. ¿Por que? Porque hai persoal que axuda. Nas residencias teñen persoal que colabora en organizar; e a poboación está moito máis concentrada, polo tanto, é moito máis sinxelo. Vai ser máis complicado, polo menos en termos loxísticos, cando necesitemos vacinar a xente que está con grandes dependentes nas súas casas, que van demorar máis de 5 minutos porque, polo menos, hai que ir ata alí; cando a poboación se demore porque teñen que andar cambiando as citas e van quedar ocos baleiros; cando teñamos que solicitar a xente máis dunha vez en moitas ocasións; ou cando o contacto coa cidadanía non sexa tan fácil porque non temos a facilidade de contactar inmediatamente con todo o mundo que o único ou o primeiro que ten que facer é vacinarse. Imos necesitar máis persoal porque imos ter máis complexidade loxística, resoluble —por suposto, algunha complexidade resoluble—, pero, en todo caso, necesitaremos máis persoal.

Nós plantexamos dende o noso grupo que hai que contratar máis persoal, porque temos ese cálculo de que é imposible calcular con eses cómputos —aínda que sexa para sentirse o máis guapo da clase— e ademais porque vai haber esas complexidades e porque, se é posible vacinar máis rápido —que o é—, vai ser con máis persoal.

Tamén imos facer algún cálculo. Imos poñer que duplicamos as enfermeiras que vacinan para que, en vez de —facendo ese cálculo rápido— vacinar 14 horas ao día sen parar, poidan traballar 7, que parece razoable, con algúns descansos incluso. Entón, a partir de aí, o que plantexamos é 200 enfermeiras máis. Fagamos outro cálculo. Non propoñemos contratar unha semana, un mes, cicateramente; propoñemos un ano, porque non sabemos canto vai durar a vacina, xa que necesitaremos facer seguimento. Imos calcular: 200 enfermeiras ao ano con contratos naturais, máis ou menos, redondeando, son 6 millóns de euros. E eu concordo —dicíao a señora Rodil—, os dereitos e tamén o dereito á vacinación —este é un dereito neste momento— custan cartos, claro que si, e imos contabilizalo. Seis millóns de euros é o 0,00004 % do orzamento da Xunta. ¿Polo 0,00004 % do presuposto do orzamento da Xunta imos vacinar peor e máis lento? ¿Pola teima do Partido Popular de non contratar máis? Son 6 millóns de euros. Imos necesitar máis profesionais e, por tanto, ¡contratemos máis! ¡Se non é tan complicado! *(Aplausos.)* Non é un cálculo tan complicado, señora Amigo. Máis ou menos, aproximadamente, un pouco por arriba ou por abaixo, é o que cobrou o PP en sobres B de Bárcenas, máis ou menos. *(Aplausos.)* Máis ou menos, aproximadamente. *(Aplausos.)*

Sobre a aplicación das vacinas, quero dicir que aquí se fala notoriamente de que o Consello Interterritorial, o Goberno de España, nos dá menos vacinas. Vou repetilo por décima vez, aínda que non vai valer para nada. Hoxe ata se dixo aquí que non se aprobara ningunha lei co apoio da oposición na lexislatura pasada, e non sei que fixen eu votando a favor da Lei de farmacia, pero, en fin, dá igual., porque aquí hai deputados que poden dicir o que queiran, total... *(Aplausos.)* Hai deputados que teñen unha relación oblicua coa verdade; entón, imos deixalo aí porque, en fin, teñen algún problema; van ter algún problema. Tamén dixeron que se aprobaran 11 leis, pero, en fin, dá igual, así saen as contas, de Bárcenas, claro.

O acordo interterritorial. Hai un acordo do 23 de decembro en que todas as comunidades autónomas acordaron a distribución das vacinas. E claro que veñen as vacinas en proporcionalidade ao grupo que se aplican, porque non ten sentido repartir vacinas en función do



grupo poboacional de 20 a 25 anos cando se van vacinar os maiores de 80, e viceversa. Claro que tiñamos menos das que se podería considerar en función dos maiores cando se vacinan os sanitarios. ¿Saben a mellor maneira de ter máis vacinas para os sanitarios? Ter máis sanitarios, que igual era unha mellor saída.

Sobre as vacinas indebidas, eu aquí escoitei na intervención anterior, no debate anterior, practicamente, que alguén ameazaba con ensinar listas. Se algún deputado do Partido Popular ten listas das persoas que se vacinan e das que non, a min paréceme perigoso. Vou evitar iso porque non me quero meter... Vou crer que non o escoitamos. Vamos ver, se temos clara algunha cousa, eu creo que está ben que a compartamos entre todos. Que alguén aproveite un cargo de influencia para vacinarse cando non lle toca, quitándolle a vacina a alguén que a necesita máis, é lamentable, é indecente e debe dimitir, sexa do partido que sexa e sexa onde sexa. Díxeno aquí e puxen exemplos de compañeiros do meu partido, que, por certo, neste Parlamento o PP tardou breves segundos en comentalo nunha comisión no día que saíron as noticias. Estou esperando a que o PP diga que a alcaldesa de Boimorto ten que dimitir; e non só con dicilo, senón con dicirlles aos seus compañeiros en Boimorto que non a apoiem porque, se non, é gratis, e pedir dimisións gratis é moi fácil. Tamén a podo pedir eu, pero non vale. *(Aplausos.)*

Sobre a vacinación da xerente, da xefa —ou o cargo que sexa— de DomusVi, eu non sei se a vacinaron para pagarlle os dereitos ou os favores prestados; pero, en todo caso, é indecente. Porque, ademais, se está permanentemente en contacto cos residentes, está cometendo un erro; non poden ir, en moitos casos, as familias e pode ir ela por todas as residencias, circulando o virus, que é unha explicación peor que a realidade. A realidade é que a vacinaron porque era ela; se non fora quen fora, non se vacinaría. *(Aplausos.)*

E sobre as mascarillas —que tamén propoñemos na moción—, ata que cheguemos á vacinación, ¿que hai que facer? Protexer. Eu xa vin —e xa van unhas cantas, non é que sexa un tío moi maior, en todo caso— moitas veces isto de que cando o señor Feijóo ten un problema dispara contra o Goberno central, e inventou o outro día isto de que o Goberno nos lía coas mascarillas FFP-2 porque parecen interesantes. Ben, proposta clara: empecen polos profesionais sanitarios sistemática e continuamente e que digan os servizos clínicos que se administren mascarillas FFP-2 a todos os profesionais sanitarios e, a partir de aí, a todos os profesionais públicos, pero empecemos polos sanitarios, porque, se non, acabaremos entendendo que as mascarillas lle dan igual, que os sanitarios lle dan igual e que o único que quere é buscar como poder enfrontarse co Goberno central para poder así evitar falar do que temos que falar, que é que hoxe —e ninguén llo está botando en cara— os datos dos que antes presumían para sentirse mellores son moi malos. Entón, como temos un problema entre todos, aquí todos, menos un, queremos resolver o problema...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...e non andar buscando problemas. Así que, se teñen esa preocupación polas mascarillas FFP-2, páguenas para os profesionais sanitarios. Por certo, que por algunha delas xa votaron a alguén como xefa de servizo por utilizar mascarilla no seu momento, non se olviden. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Hoxe debatemos de novo un tema importante para a cidadanía, como é o tema da vacinación. E nós de verdade que pensamos que este debate debe ser un debate sosegado, un debate con tranquilidade. Opinamos o mesmo que opinou un compañeiro seu esta mañá: que introducir determinadas cuestións non conduce a nada máis que a aportar á cidadanía desacougo.

Hai un ano xa do comezo desta pandemia e vostedes recordarán, señorías, o desconcerto que houbo na poboación galega e o desconcerto mesmo nos círculos científicos ante a presenza dun virus do que non coñeciamos absolutamente nada. Non coñeciamos o mecanismo de transmisión, a virulencia, a patoxenicidade, nada, nada sobre o seu comportamento. E a primeira onda rematou, por desgraza, con moitas mortes e con moitas persoas que no día de hoxe aínda padecen as secuelas desta enfermidade. Nese momento todo o mundo soñaba coa vacina. A vacina chegou e nós pensamos e concordamos con vostede en que é un feito moi positivo. Hai que trasladar á cidadanía esa mensaxe de positividade e ese raio de esperanza que temos coa vacina e o bo proceso de vacinación que hai en España, ocupando — como vostede di — o quinto país en orde de vacinación no mundo.

Grazas a esta vacina, hoxe en Galicia están inmunizadas 22.000 persoas de residencias de terceira idade e 17.000 traballadores das mesmas, así como tamén 21.000 traballadores do Sergas que loitan en primeira liña contra este virus. E isto, se nolo dixeran só fai un ano, pareceríannos excelentes noticias.

En Galicia comezouse o 27 de decembro coa primeira dose en residencias e xa se rematou estes días coa segunda. Outras comunidades autónomas elixiron outros grupos de sanidade. Aquí empezouse polas persoas maiores de residencias, as persoas máis vulnerables. E vacínouse tamén o persoal que traballa en primeira liña, — explicábao o conselleiro o outro día —. Administróuselle a vacina a todo o persoal que traballa en unidades covid ou precovid, en áreas como son Urxencias, UCI, Despertar... Tamén se vacinaron traballadores, evidentemente, onde o risco de infectarse o paciente é perigoso como é, por exemplo, Oncoloxía, Hado, Nefroloxía, nos centros de saúde... E vacínase a todo o persoal destas unidades: vacínanse médicos, enfermeiros, celadores, administrativos, persoal de limpeza..., calquera persoa que traballe neles.

Ademais, este gran traballo teno feito o persoal de enfermería, tanto dos servizos de medicina preventiva dos hospitais como eses 200 voluntarios que deron o paso para vacinar e ir por todas as residencias galegas administrando a vacina e conseguindo que fósemos os primeiros en rematar un gran traballo. E desde aquí sumámonos o Grupo Popular a ese reco-



ñecemento, a ese gran traballo desas 200 enfermeiras. (Aplausos.) Aumentouse a contratación nun 10 %. Pero non só son esas 200 enfermeiras, señor Torrado, é que tamén hai enfermeiras en todos os centros de saúde de Galicia que poñen a vacina da gripe e en calquera momento poden poñerse a vacinar.

O presidente da Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria, que traballa nun equipo de vacinación de Ourense, dicía estes días: «Hai capacidade para multiplicar o ritmo de vacinas que se poñen nun día do pico da gripe», e non ten dúbida da capacidade do sistema para inmunizar a poboación nun curto espazo de tempo. Iso si —dicía— «sempre que cheguen as vacinas necesarias». E dío unha persoa que traballa nunha cidade como Ourense, que foi a primeira en toda España en porcentaxe de poboación vacinada.

Onte mesmo o secretario xeral do Consejo de Enfermería dicía nun telediario nacional que unha soa enfermeira pode vacinar 200 persoas cada mañá e que, se o ritmo é lento, é porque non hai doses. Referíase a toda España, non se refería só a Galicia. Así como voces desde a Sociedade Española de Medicina Familiar e Comunitaria din que ata o de agora o que está alterando o calendario de vacinación é, precisamente, o comportamento dos laboratorios.

Polo tanto, señor Torrado, o que din os profesionais é que non puideron funcionar ao seu máximo nivel de rendemento porque non tiñan vacinas suficientes. O ritmo de vacinación depende, como vostede sabe, da proporción de vacinas que cheguen, da dispoñibilidade desas vacinas e de cales sexan. Evidentemente, se non chegan moitísimas vacinas de AstraZeneca, que son para os menores de 55 anos, non poderemos vacinar as persoas maiores de 80 anos.

O que ten que quedar moi claro é que se non se vacina máis non é por falta de persoal —e dino os profesionais—, senón por falta de doses. Non obstante, nós na emenda que presentamos non pechamos a porta a pedir máis contratación e máis incremento de persoal, se fose necesario, no caso dunha chegada masiva de vacinas. ¡Oxalá que cheguen estas vacinas!, e nós estaremos encantados de pedir que se contrate a moitísima máis xente.

Respecto da solicitude de informe do Plan de vacinación, estamos de acordo con vostede neste punto; estamos de acordo en que se siga informando porque, como vostede recordará, no principio deste período lexislativo, na primeira Comisión de Sanidade, compareceu a directora xeral de Saúde Pública para informar sobre o Plan de vacinación. Creo que o expuxo con bastante claridade e que, ademais, se comprometeu a vir a esta Comisión de Sanidade cando fíxese falta para seguir explicando o que se estaba facendo. Por certo, destacando a boa posición que acadou Galicia respecto á administración da vacina fronte ao coronavirus. Un bo traballo que corresponde á planificación que se fai. E dende aquí sumámonos a felicitar esa boa xestión do Goberno galego; xestión que é a mellor valorada polos galegos, incluso polos votantes do seu partido, do Partido Socialista, mentres o Goberno de Sánchez é o máis desgastado. (A señora Rodríguez-Vispo Rodríguez mostra un documento, que pasa a ler a continuación.) Na enquisa que viamos estes días: «La gestión de la pandemia por la Xunta, la mejor valorada por los gallegos. Los votantes del PSOE aprueban también la gestión del Ejecutivo gallego». (Aplausos.)

Ten que miralo, señor Torrado. Se os votantes do seu partido aproban a xestión do señor Feijóo, algo estará a facer ben nesta pandemia, pensamos nós, ¿non?



Respecto de sumarse ás iniciativas e acordos do Consello Interterritorial para combater a aplicación indebida en vacinas, se se está a referir vostede ao acontecido no último Consello Interterritorial do 28 de xaneiro, onde a ministra Darías —que era o seu primeiro Consello—, pediu ás autonomías: «*Extremar el seguimiento, análisis y control de la aplicación de la estrategia de vacunación, adoptando las medidas preventivas y correctivas que resulten necesarias para garantizar los procesos de vacunación*»... Dicar isto e non dicir nada é o mesmo, porque en ningún caso define a forma de facelo; son xeneralidades. Déixao ao chou, ao que cada un queira. E por iso votaron en contra deste acordo o País Vasco, Cataluña, Galicia e Castela-León. ¿Vostede cre que estas comunidades autónomas que acabo de nomear están en contra da correcta administración das doses? Eu creo que vostede ou non interpretou ben, ou confunde, ou intenta confundir, non sei.

Nós estaremos sempre a favor da correcta administración das doses, como estamos a favor de garantir que a repartición de vacinas en todas as comunidades autónomas sexa proporcional aos grupos prioritarios de poboación, garantindo desta forma a aplicación indebida.

¿Hai que vixiar? Claro que si. Hai que vixiar que non se vacine quen non se debe vacinar, pero tamén hai que poñer regras para que as comunidades poidan vacinar a quen deban.

En canto ao uso das mascarillas FFP2, teranse que poñer vostedes de acordo. Por unha banda, vostede pide dotar de mascarillas FFP2 os empregados públicos con especial risco de exposición a contaxios na medida en que as recomendacións clínicas sexan axeitadas. Estamos de acordo con vostede. Pero, por outra, «*el Gobierno dice que no está acreditado que las mascarillas FFP2 protejan mejor.*» El ministro de Consumo, Alberto Garzón, onte en Canal Sur dixo «*que no parece que haya de momento una fuente suficientemente rigurosa que acredite que estamos mejor protegidos de esta manera*». É un membro do Goberno de Sánchez. Por outro lado, «*Fernando Simón ha reconocido la idoneidad de su uso entre profesionales sanitarios mientras que en algunos países europeos son indispensables para usar el transporte público*».

Nós consideramos, primeiro, que se teñen que poñer de acordo, que o Goberno central se ten que poñer de acordo, e despois definir coas comunidades autónomas —precisamente, en coordinación con elas— en que espazos é necesario establecer a obrigatoriedade do uso das FFP2. E iso ten que facerse igual para toda España, ¿non lle parece? Eu a verdade é que non quero pensar mal, pero, non sei, ao mellor, a ministra Montero non quere que sexan obrigatorias, por iso de baixarlle o IVE.

Xa para rematar —e xa llo dixen anteriormente— rexeitamos as aplicacións indebidas de vacinas, creo que é algo no que todos estamos de acordo. Non é un problema de siglas, non é un problema de partidos políticos nin de outro tipo, é un problema de determinadas persoas, estean onde estean. E dende o Grupo Popular nós non apoiamos ese tipo de condutas. Non quero entrar no «*e ti máis*», non quero entrar nesas cousas. Vostede sabe coma min que hai moitísimas noticias na prensa destes días e, precisamente, moitas son do seu partido, e eu non vou dicir aquí nada. Pero o que si é certo é que nalgún caso que sucedeu no Partido Popular, o feito de que o Partido Popular se posicionase, actuase tan rápido, como no caso dunha alcaldesa que vostede acaba de nomear, é un claro sinal de que nós perseguimos as irregularidades. Esa persoa neste momento xa non está no Partido Popular.



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Xa remato, señor presidente.

Non rían porque é verdade. (*Murmurios.*) Noutros casos non sempre se respecta ese principio de exemplaridade e responsabilidade... (*Aplausos.*) Nós, desde logo —remato, señor presidente—, apoiamos que cada un reciba a vacina cando lle toque recibila, pero o que hai que establecer claramente son esas condicións para todas as comunidades autónomas. Por iso nós presentamos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: ...aquí unha emenda, que esperamos que conte co seu apoio.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Iria Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Boa tarde.

Grazas, señor presidente.

Antes de nada, vaia por diante o noso apoio a esta moción do Grupo Socialista.

Comezaba a señora Rodríguez-Vispo recordando que vai xa case un ano desde a declaración da pandemia provocada pola covid-19 por parte da OMS, e a estas alturas a chegada das vacinas parece que empeza a insinuar unha tenue luz ao final do túnel que supuxo esta enfermidade. Unha pandemia na que, aínda que no seu comezo se repetiu en innumerables ocasións que sería a oportunidade para facernos mellores como sociedade, o que estamos a ver é que en demasiadas ocasións está a servir para perpetuar os vellos roles, acentuando as desigualdades sociais e económicas, precarizando aínda máis a clase traballadora e abrindo campo ao libre mercado para que especule novamente coa vida e a saúde das persoas, como vimos notoriamente precisamente co caso das vacinas.

E xa que son as vacinas o motivo desta iniciativa, gustaríame determe uns intreiros nos sucesos que se viñeron desenvolvendo nestes últimos meses e semanas e que, ao meu parecer, retratan con fiel exactitude a deterioración deste sistema. O mundo occidental optou por financiar con orzamento público a empresas privadas para a elaboración destas vacinas, ao tempo que se desprestixiou por unha gran parte da prensa afín aquelas que foron desenvolvidas por investigadoras públicas doutras nacións; empresas privadas, farmacéuticas, que xa deixaron máis que patente o seu grande interese polo lucro económico. Lembremos a



aquel directivo da Pfizer que puxo á venda unha gran parte das súas accións xusto o día que se anunciou a eficacia da súa vacina, recollendo así, ao cabo da xornada, máis de 5 millóns e medio de dólares. Ou empresas como AstraZeneca, na súa loita coa Unión Europea a respecto do cumprimento do contrato acordado e das doses que había ou que non había que entregar. Ademais, no noso caso, seguimos unha estratexia dunha Unión Europea que se autolimita e que resulta tan ineficaz como insuficiente se atendemos ao escaso número de doses que se están a distribuír; unha estratexia que segue unha óptica totalmente centrada nas vacinas OTAN, sen prestar atención ao que pasa fóra deste círculo.

Nesta liña o BNG xa ten demandado en varias ocasións que se atenda a outras vacinas máis alá das priorizadas pola Unión Europea, que xa teñen demostrada a súa efectividade. É o caso, por exemplo, da Sputnik desenvolta en Rusia, e que xa se está a distribuír tanto na propia Rusia como noutros estados. Mais tamén é o caso da vacina sintetizada pola China e que ten aprobada a súa comercialización desde decembro. Ou incluso a Soberana de Cuba que, aínda que está na fase 2 dos ensaios clínicos, se prognostica como un bo fármaco a un baixo custo. Son vacinas que poderían axudar a conseguir a tan ansiada inmunización colectiva e que no Estado español só se empezan a considerar en serio agora que a chanceler Merkel deu o visto bo.

E mentres sucede todo isto, non podemos tampouco esquecer o que xa apuntaron tanto o director da OMS como a directora de Onusida: a grande desigualdade entre os países ricos e os países máis empobrecidos nesta repartición, onde, mentres que uns mercadean, outros só poden observar.

Isto non sucede só a nivel macro, tamén sucede no micro; comportamentos pouco éticos que estamos a ver como se reproducen por toda a xeografía con persoas que se vacinaron moito antes do que lles correspondería, desde persoal directivo de centros hospitalarios, pasando por alcaldesas que ata hai pouco compartían siglas co partido do Goberno para rematar en directivas de grupos empresariais que ostentan sobre as súas costas a dubidosa honra de ser as residencias de anciáns cun maior número de falecementos durante esta pandemia. Todas elas vacinadas, xa non antes que as anciáns ou que as grandes dependentes que están nos seus domicilios, tamén antes que parte do persoal sanitario que realiza gardas en áreas covid ou que pacientes dependentes de longo ingreso nun centro hospitalario onde xa se teñen dado varios gromos, como é o caso do Hospital Psiquiátrico de Conxo.

Resulta imprescindible coñecer como se desenvolveron estas fases do Plan de vacinación e ao mesmo tempo facer unha condena firme e unánime, acompañada tamén das consecuencias que correspondan, daquelas persoas que puxeron a vacina aproveitando unha posición de influencia por riba do interese comunitario. E, de non facelo, quedará claro, xa non só a baixa moral de quen se vacinou, senón tamén a de quen a xustifica.

Comezaba dicindo que a vacinación abre unha luz ao final dun túnel, pero, aínda que esta luz brilla, sabemos que é unha luz que está lonxe e que as máscaras continuarán acompañándonos un tempo máis. Por iso cómpre que non se desate a algarabía, que non se comecen celebracións vacuas e que, unha vez máis, buscando o titular amable e a foto agradable, se poida poñer en risco a vida e a saúde das persoas.



As medidas de prevención teñen que estar enriba da mesa en todo momento e non pode ser que, mentres que onte tiñamos 248 pacientes en coidados intensivos, se poidan escoitar insinuacións acerca de salvar a Semana Santa, despois da gran salvación que foi o Nadal —e, por favor, que se note a ironía—.

Falar da vacina e dun posible horizonte pospandémico non pode facernos esquecer que estamos aínda inmersas nunha terceira onda que presenta cifras verdadeiramente alarmantes.

O obxectivo ten que ser sempre salvar vidas, salvar a saúde das persoas e salvar un sistema sanitario abafado, que está cheo de profesionais exhaustas e sobrepasadas que levan un ano nunhas circunstancias extremas, soportando unha gran carga física e psicolóxica, sen contar co apoio debido por parte da Xunta. Porque de nada valen uns cheques restaurante, que se deron coma se fosen caramelos, nin tampouco non incrementar o número de profesionais, que xa sabiamos que era escaso, falando simplemente duns cantos contratos creados durante a pandemia e que veñen dados pola súa propia precariedade. Porque se eu teño unha enfermeira que contrato hoxe nun centro de saúde, mañá nun hospital e pasadomañá nun PAC, ao final, o que teño son tres contratos e unha profesional explotada. *(Aplausos.)* Non pode agardarse ata o último momento no que se precisan as profesionais para sacalas de onde sexa, non pode ser que o propio plan de vacinación se sosteña na posibilidade de que, se son necesarias, xa se mobilizarán as enfermeiras de atención primaria, ou doutros servizos, coma se alí non fixesen falta. Como se di comunmente fóra de aquí, iso é desvestir un santo para vestir a outro, e o que denota é falta de interese e a falta de planificación.

O Plan de vacinación é algo complexo e que non pode quedar suxeito a improvisacións de última hora e a cabos soltos. E, desde logo, é algo o suficientemente importante como para que fiquen fóra amiguismos e intereses persoais. Terán que dirimirse todas as responsabilidades nas irregularidades que se deron nel —e quero pensar que non se van dar máis—, tanto aquelas que xa coñecemos como as que non. O interese particular non pode quedar por riba da saúde da poboación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iria Carreira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da moción, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o apoio prestado polo BNG. Xa que o mencionou, creo que é importante, polo menos minimamente, entrar no debate. Nós non compartimos a lectura de vacinas OTAN e vacinas non OTAN. Nós preferimos o entendemento de vacinas validadas pola ciencia e vacinas non validadas pola ciencia. Eu supoño que dentro deses 2.200.000 galegos nalgún momento me tocará vacinarme, e cando me corresponda eu po-



ñerei a que me digan. Basicamente é o noso criterio. O que pasa é que todas as que se citaron non están validadas aínda en Europa para ser aplicadas. Entón, parécenos un pouco atrevido, en realidade, falar de se interesa ou non interesa. Porque a min o dono de Pfizer pode parecerme moi mal ou moi ben o que fixo, o que sexa. A min non me gusta o que fixo, pero eu fíome dos investigadores de Pfizer, que eses son bastante bos. Aí si que hai que discrepar. Non todo é política de bloques da guerra fría, nin sequera coas vacinas, por iso digo que iso era importante dicilo. Pero, en todo caso, compartimos a validez do procedemento, máis alá desa discrepancia que sabe a señora Carreira que temos, con natural cordialidade.

Sobre o manifestado aquí, señora Vispo, ¡que mal trago pasou para ter que defender o da alcaldesa de Boimorto! Dise «a alcaldesa de Boimorto», que lle custou dicilo, incluso para que non lle collan o corte na radio. «A alcaldesa de Boimorto». Faltoulle dicir: «*Esa señora de la que usted me habla*». É o que lle faltou dicir... (*Aplausos.*) E, por un momento, que vostede é moi boa deputada regateando, case pensei que lle ía botar a culpa de que a alcaldesa de Boimorto se vacinara mal a Zapatero ou a Pedro Sánchez. Estivo cerca, estivo cerca xa, porque igual non o dixen claramente —eu creo que si—. A alcaldesa de Boimorto cometeu un erro, aproveitouse do seu cargo e ten que dimitir, e o partido que lle pide a dimisión é o mesmo que a está sostendo no pleno municipal. Se queren que dimita, non a sigan votando, e punto. (*Aplausos.*) E, se a votan, é que a están apoiando. Se non, é gratis; é que, se non, incumprir é gratis e estamos dicíndolle á xente que, ao final, non paga ninguén por un erro, e isto é o que denigra a política. Eu sei que non lle podo exixir máis a vostede persoalmente, seino profundamente.

Non me mencionou esa señora «*de la que usted me habla*» sobre o caso de DomusVi, e agradézollo, pero creo que o Consello terá que responder diso, e estou seguro de que lle vai custar responder.

Sobre o persoal. Agora deféndese que podemos vacinar, porque algúns profesionais, si, hai algún caso que di que se poden vacinar —non sei canta xente ao día; si, si— e outros din que non. Entón, ¿a quen lle facemos caso? Esta é a cuestión de sempre. Permítame reincidir no asunto. As decisións son políticas; os técnicos aportan, pero as decisións son políticas. Tamén o Grupo Popular dicía que se podían vacinar 9.000 persoas ao día; agora xa din que son 38.000, segundo Feijóo. Entón, ¿que pasa?, ¿aprenderon a vacinar máis rápido agora as enfermeiras en dúas semanas, ou é que naquel momento interesaba dicir unha cousa, agora outra e dá igual o que se diga? Porque o Plan de vacinación da Consellería se presentou baixo a ratio de 40 ou 45 vacinacións ao día por enfermeira. ¿Estaba equivocada a Consellería?, ¿estaba calculando mal? Eu fixen o cálculo, que presenteí con ese cálculo, co da Consellería. ¡Fíxense se somos de consenso, que aceptamos o cálculo da Consellería! Claro, se aceptamos o cálculo da Consellería e logo vostede me di que está mal, ¿a quen lle facemos caso? Pero non se preocupe que a culpa é de Pedro Sánchez.

Esta é a cuestión que nós trasladamos: seis millóns de euros para máis persoal. ¿Por que? Porque vostede o trasladou, díxoo o conselleiro algunha vez, e creo que o temos falado tamén na Comisión: cando sexa necesario ter un maior volume de vacinación, estarán as enfermeiras de atención primaria, que saben vacinar. Claro que saben, fano perfectamente, pero trátase de non ter que retirar persoal de primaria. Se estamos xa prevendo que vai ser necesario tirar dese recurso, contratemos máis. É o 0,00004 % de orzamento para vacinar ben. ¿Que máis importante hai que vacinar ben, rápido e con seguridade agora mesmo? Nada.



Seis millóns de euros non cremos que sexa un investimento tan innecesario. É tremendamente útil para que non teñamos despois que dicir: entón, están as de primaria. Pero é que as enfermeiras de primaria, se se poñen a vacinar, deixan de facer outros labores. Ademais, hoxe, en primaria, coa falta de presencialidade que temos —que é moi grande pola situación en que vivimos—, estamos deixando de atender a moita xente. Só son 200 persoas máis que están aí; son persoal eventual moitas veces que temos que contratar un ano, soamente iso.

Sobre as mascarillas. ¡Que difícil é defender o que tivo que defender vostede e darlle a razón a Alberto Garzón! O Partido Popular deulle a razón a Alberto Garzón, que xa é fantástico. Eu xa o vin todo hoxe, xa podemos marchar do Pleno. Eu xa o vin todo. O Partido Popular dixo que, como o secretario xeral de Esquerda Unida dixo non sei que, xa vale. Non, a cuestión está: ¿non ten o señor Feijóo criterios clínicos? El di que se ampara nun comité clínico. ¡Perfecto! Pois, entón, cando di aquí que as mascarillas FFP2 teñen que ser estudadas, será porque ten algún informe, algún criterio ou que algúns expertos lle din... Pois que diga cantos, porque, se son importantes, háillelas que poñer aos sanitarios. ¡Que curioso! Quen ten que poñerllelas aos sanitarios será a Xunta de Galicia. ¿Ou quen? Ou será, como dixo vostede, a ministra Montero. A ver se vai ser ao revés: que o señor Feijóo o que quere é mandar un problema, pero o que ten é un problema para pagar as mascarillas aos seus profesionais sanitarios. Nós o que propoñemos é que, se as consideran importantes, empecen por poñelas, por aquilo da muller do César: se quere dar algún exemplo, que empece por poñela. O da muller do César fíxese que o aplico a isto, ¿eh?, non á alcaldesa de Boimorto, que...

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda.

O señor TORRADO QUINTELA: Sobre a emenda, señor presidente...

O señor PRESIDENTE: ¿Vaina aceptar?

O señor TORRADO QUINTELA: Consideramos con moito interese a vontade do Partido Popular de poder acordar. Temos unha proposta de transacción mínima, que imos pasarllela ao Partido Popular e ao BNG, e que intentaremos resolver antes da votación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Perfecto. Moi ben.

Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Moción do G. P. Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Pérez López, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co impacto da covid-19 no sector da hostalaría

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.



(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Guadalupe Murillo Solís, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción (11/MOC-0000024).

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia acorda:

1º. Instar á Xunta de Galicia a que adopte as seguintes medidas:

-Constituír un Plan de Rescate específico para os sectores económicos especialmente afectados polas restricións adoptadas para frear a propagación do coronavirus, como é o caso do sector da hostalaría, as persoas traballadoras autónomas e pemes directamente asociadas e dependentes do sector (distribuidores), así como para outras actividades económicas especialmente afectadas coma a do ocio infantil, os ximnacios ou as actividades culturais e de feira. Plan que sexa compatible con calquera outra axuda ou medida de fomento outorgada dende as administracións públicas.

-Que exerza o liderado no reparto das axudas cun mecanismo de xestión áxil, a ser posible, baseado na colaboración inter-administracións, co obxectivo de facer chegar as mesmas, no prazo mais breve posible, aos sectores máis afectados pola covid (entre eles o da hostalaría)

- Flexibilizar os trámites administrativos e requisitos esixidos para poder acceder ás axudas.

- Manter ata 7 anos o prazo de amortización dos créditos a persoas traballadoras autónomas concedidos pola administración autonómica

2. Instar á Xunta de Galicia a que solicite do Goberno de España: 2. Instar á Xunta de Galicia a que solicite do Goberno de España:

- Abrir unha liña de axudas directas específica para o sector da hostalaría e negocios directamente asociados e dependentes do sector, que sexa compatíbel con calquera outra axuda ou medida de fomento outorgada dende as administracións públicas. - Abrir unha liña de axudas directas específica para o sector da hostalaría e negocios directamente asociados e dependentes do sector, que sexa compatíbel con calquera outra axuda ou medida de fomento outorgada dende as administracións públicas.

- Exonerar do pago das cotas da seguridade social aos autónomos do sector da hostalaría afectados polas restricións totais ou parciais de actividade.

- Exonerar do pago das cotas empresariais á seguridade social correspondente ao tempo do peche para aqueles autónomos do sector gravemente afectados pola necesidade de adoptar restricións de actividade.

- Ampliar até os tres anos o período de carencia dos créditos ICO concedidos aos afectados polo covid.



-Á rebaixa do IVE para os sectores da hostalería e do turismo.

3. Instar á Xunta de Galicia a que solicite das deputacións e concellos:

-Bonificacións de taxas e impostos municipais que afecten ás actividades restrinxidas.

-Axudas directas ás actividades referidas, complementarias das outorgadas pola Xunta de Galicia.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Presidente.

Boas tardes a todas e a todos.

Dende o comezo da pandemia é o sector da hostalaría o que máis está a sufrir as consecuencias das medidas sanitarias, restritivas de actividade e aforo. Dende a declaración do estado de alarma decretado polo Estado español ata as últimas restricións decretadas pola Xunta transcorreron dez meses dunha especie de montaña rusa de peches e relaxación de medidas que provocaron que as hostaleiras e hostaleiros galegos acabasen estresados e fartos, porque aínda nos momentos de desescalada ou nova normalidade, que pouco duraron, a situación epidemiolóxica xeral provocou que o número de clientes non fose suficiente para recuperar minimamente as súas castigadas economías.

A crise provocada pola covid-19 afectou moitos sectores do noso país, pero afectou especialmente a hostalaría. Dende o mes de marzo até novembro, durante dez meses, sufriron restricións totais ou parciais de actividade, limitacións de aforo e horario, e foron os primeiros aos que se lles exixiu adaptar os seus locais para cumprir cos protocolos sanitarios e poder así seguir traballando.

Co paso dos meses o desánimo foi cundindo nun sector que vía como se sucedía esa montaña rusa de desescaladas e de novas restricións, que ían minando o seu ánimo e a súa capacidade de resistencia tanto anímica —como dicimos— como económica. Porque as desescaladas supuxeron que este sector fose o último en volver a unha relativa actividade normal, e as restricións decretadas dun día para outro amosaban moi pouca sensibilidade e comprensión coas hostaleiras. Pechar a actividade un xoves supoñía para os restaurantes, por exemplo, cuantiosas perdas derivadas do produto perecedeiro xa mercado para a fin de semana, e esta situación repetiuse en varias ocasións.

Ademais, cando a situación epidemiolóxica empeoraba, o primeiro sector que vía limitada a súa actividade era, precisamente, o da hostalaría, o que provocou que se sentisen criminalizados e sinalados como posible orixe de contaxios, cando na inmensa maioría dos casos os diferentes locais adoptaron e respectaron as medidas sanitarias impostas. Son os máis interesados en transmitir que os bares, cafeterías e restaurantes son espazos seguros.

Pero o gran problema foi que durante máis de nove meses de necesarias medidas sanitarias restritivas de actividades se seguiron devengando facturas de alugueiro, de luz, seguros, te-



léfono e TPV, gastos de mantemento e limpeza de locais, mentres a súa facturación foi mínima ou inexistente. E todo isto sen que dende o Estado, nin tampouco dende a Xunta, se articulase unha soa liña de axudas directas para cubrir ou, cando menos, axudar a pagar esas facturas que chegan, teñas ou non restrinxida ou limitada a actividade.

Por iso, dende o Grupo Parlamentario do BNG consideramos imprescindible ese plan específico para a hostalaría, autónomos e pemes directamente asociados e dependentes do sector; plan específico que debe conter necesariamente axudas directas, porque o que atenaza o sector é a falta de liquidez. As axudas directas o BNG lévaas demandando do Goberno galego dende o inicio do curso político. Que o Goberno español se puxese de perfil neste tema ata o de agora non xustifica que a Xunta o fixese, porque a Xunta ten competencias económicas e capacidade orzamentaria para afrontar a articulación desas axudas para gastos correntes. Polo que debería telo feito, aínda que só fose por responsabilidade, e porque dende o sector llo pedían insistentemente. Está claro que esas axudas non terían solucionado o problema de afogo do sector, pero, de terse adoptado nos momentos máis duros da pandemia, coincidindo coas medidas máis restritivas, as hostaleiras galegas poderían ter collido aire e a tremenda bóla de neve de gastos correntes xerados ata final de ano tería sido moito máis pequena.

O plan de rescate da hostalaría e da cultura que a Xunta lanzou en abril non solucionou este problema, porque non contiña nin unha soa axuda directa para eses gastos correntes, polo que esa situación, esa bóla de neve, foi medrando até novembro, a pesar de que noutras comunidades si se articularon esas axudas directas durante eses meses, destinadas a sufragar eses gastos correntes dos autónomos. Por parte da Xunta de Galiza non se fixo até, precisamente, o mes de novembro. Por fin en novembro, despois de nove meses de travesía polo deserto do sector, anunciou a Xunta un plan de rescate para autónomos, microempresas e hostalaría, plan que dende o BNG xa dixemos que considerabamos insuficiente para aliviar a situación dos hostaleiros, que xa nese momento era crítica. Nese momento xa estaba o sector afogado por dez meses de perdas acumuladas xeradas polos gastos que tiveron que seguir pagando, independentemente de que tivesen actividade limitada ou restrinxida totalmente, polo que o chamado «Plan de rescate» supuxo un parche e non foi, dende logo, suficiente. Por iso, as asociacións de hostalaría e o clúster de turismo seguiron solicitando da Xunta un verdadeiro plan de rescate que permitise saír o sector da situación límite na que se atopaba. Así, en xaneiro a Xunta decretou novas restricións que lles afectaron e que se produciron xusto despois da decisión de iniciar unha desescalada en decembro, para, segundo palabras do señor Feijóo, «salvar o Nadal». Desescalada que dende o BNG consideramos precipitada e irresponsábel —e xa o dixemos— e parece que o tempo nos deu a razón. Pero non é, nin moito menos, un motivo de alegría, porque esa decisión nin salvou o Nadal, nin salvou vidas, que era e é o realmente importante. Supuxo un paso atrás na loita contra a pandemia. E agora atopámonos outra vez nunha situación extremadamente complicada dende o punto de vista epidemiolóxico, e tamén económico.

En paralelo ás novas restricións de xaneiro, a hostalaría, representada por varias asociacións —non todas—, polo clúster de turismo e tamén pola propia Xunta, anunciaron na prensa —¡na prensa!— o impulso dun fondo de cooperación para canalizar futuras axudas que involucraría os concellos, as deputacións e a propia Xunta. Un modelo similar ao aplicado en



Valencia, no que a Xunta aportaría 50 millóns —o 50 % do montante total—, as deputacións un 30 % a maiores e os concellos o 20 % restante.

Dende que tivemos coñecemento pola prensa dese fondo de cooperación, o BNG amosou de maneira clara a súa postura favorábel, porque entendiamos que a situación crítica do sector exixía que todas as administracións arrimasen o ombro, e iso a pesar de que as reunións non se deron no marco máis axeitado. De existir unha vontade clara e decidida de chegar a un acordo, por parte da Xunta teríase convocado, dende o primeiro momento, a deputacións e a concellos, cousa que nunca fixo.

Non houbo en todo ese tempo ningunha comunicación directa da Xunta de Galiza coas demais administracións necesariamente implicadas na elaboración deste plan. Aínda así, a postura do BNG foi sempre favorábel a acadar un acordo. Somos conscientes da importancia do sector da hostalaría, tanto polo peso directo que o sector ten no PIB galego como polo efecto arrastre que a súa caída podía ter noutros sectores. Este sector ten unha particularidade: xera movemento nos nosos pobos e nas nosas cidades e potencia outras actividades moi importantes, como pode ser a comercial. Só había que ver as rúas despois das 6 da tarde, cando os bares e cafeterías xa estaban pechados e outros comercios podían estar abertos ata as nove e media; esas rúas estaban baleiras.

Pero entendemos que ese acordo a tres bandas, tal e como se formulou inicialmente, comprometía seriamente os orzamentos das administracións provinciais e locais e que, polo tanto, debía ser consensuado.

E en canto ás aportacións, dende o BNG defendiamos que cada administración realizase o mesmo esforzo orzamentario. Cada administración aportaría un 1 % do seu orzamento. O plan suporía para o sector unha inxección de, cando menos, 140 millóns de euros e que sería xusto, equilibrado e asumíbel tanto polas deputacións como polos concellos, e tamén pola Xunta de Galiza.

Despois dese anuncio na prensa, foi o clúster de turismo o que convocou a unha reunión na que estarían presentes as tres administracións, e nesa reunión púxose enriba da mesa esa aportación do 1 % do orzamento de cada administración, o que supoñía —como dicimos— un auténtico plan de rescate, 140 millóns de euros para a hostalaría e o turismo.

A Xunta e as presidencias das deputacións e da Fegamp amosáronse reticentes, pero emprazáronse a unha nova reunión. Pero na seguinte reunión as posturas xa variaron totalmente. A Xunta anunciou que o que ía ser un plan específico para a hostalaría e o turismo se estendería agora a autónomos, microempresas e a outras actividades pechadas, que a súa aportación —iso si— subiría dos 50 millóns iniciais aos 75 e que houberse acordo ou non ían poñer en marcha esas liñas.

Por outro lado, atopámonos coa cerrazón —difícil de entender, e aí teñen que desculparme no PSOE— a través das presidencias da deputación e da presidencia da Fegamp. O presidente da Fegamp non daba traslado de ningún acordo da executiva da Fegamp, xa que en ningún momento nese órgano se acordou o modelo de xestión da axuda nin a participación concreta dos distintos concellos que forman parte dela.



Uns e outros fixeron primar as súas posicións partidarias sobre a necesidade e a urxencia dun grande acordo político de rescate a este sector. E a posibilidade dun acordo vital e urxentísimo fracasou. Dende o BNG lamentamos profundamente o fracaso deste proceso de negociación para a consecución do plan de axudas, debido —e volvo dicilo— á falta de cintura da Xunta e á cerrazón do PSOE.

Por iso buscamos o acordo dos grupos da Cámara para instar a Xunta a constituír un plan de rescate específico para o sector da hostalaría, autónomos e pemes directamente asociados e dependentes do sector, todos eles especialmente afectados polas restricións; un plan que cubra o 70 % das perdas ocasionadas polas restricións e sexa compatíbel con calquera outra axuda ou medida de fomento outorgada dende as administracións públicas.

Ademais, en paralelo e compatible co anterior, insistimos con esta moción na necesidade de dar unha resposta áxil e rápida aos outros sectores económicos do noso país, para o que é necesario que a Xunta exerza o liderado que se lle esixe polos sectores afectados e impulse un grande acordo baseado na colaboración interadministracións, co mesmo esforzo orzamentario por parte de todas. O principal, o máis importante, é que as futuras axudas cheguen no prazo máis breve aos afectados pola covid-19 e que cheguen en cantidade suficiente.

E, por último, en instar a Xunta tamén a que solicite do Estado español as medidas reflectidas na moción, especialmente a que se abra unha liña de axudas directas á hostalaría e negocios directamente asociados e dependentes do sector. Toda axuda, dende logo, será pouca.

Creo que é o momento de que todas as administracións arrimen o ombreiro; estano exixindo as galegas e os galegos, e concretamente o sector da hostalaría e o turismo, porque a situación é moi grave. E só así, se arrimamos todos o ombreiro, poderemos afrontar a crise que se avexiña con garantías de, polo menos, resistir.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez López.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Murillo Solís.

A señora MURILLO SOLÍS: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Eu estaba escoitando agora o deputado do BNG, e cando estaba falando, eu pensaba en como ía ser a intervención. Eu pensaba que ía ter un ton totalmente conciliador, porque penso que estamos aquí para arranxar solucións para a xente que o está pasando mal, porque é certo que tivemos todas unhas conversas con este sector e todos sabemos o que están a vivir. Pero tamén é certo que nas últimas horas me chegaron declaracións do señor Abel Caballero —a quen respecto moito, é certo, no seu papel de alcalde de Vigo— falando de que a Xunta de



Galicia ten 400 millóns de euros que lle deu o Estado para a hostalaría. Entón, ¿que está facendo o Goberno da Xunta co diñeiro? Entón, eu fico anonadada, porque hoxe mesmo eu tamén teño un periódico na man que di: «demandas millonarias pola covid, nova fronte contra o Estado.» Isto é o que pasa na realidade do mundo, non a realidade do señor Caballero, que —repito— lle teño moito aprecio e respecto.

Ademais, tamén vexo que hai unha manifestación dos hostaleiros, que protestan ante a facenda do Estado porque non queren seguir pagando os pratos rotos da crise. Esta é a realidade. *(A señora Murillo Solís amosa un documento.)* O señor do BNG dixo que o PSOE se pon de lado. Non, non,ponse de fronte. O señor Abel Caballero hoxe mesmo púxose de fronte contra a Xunta de Galicia, cando a realidade do mundo da hostalaría é esta. Esta é a realidade do sector. *(A señora Murillo Solís amosa un documento e mais un xornal.)* Isto é o que sabemos todos, e esta é a realidade de toda a xente que está a traballar no mundo da hostalaría e que o está pasando mal.

Por iso vou voltar ao meu ton, que é un ton conciliador, para que todos atopemos un consenso na busca de axudas para este sector.

Falamos hoxe entón, de novo, da hostalaría; da situación que está a vivir un sector importante no noso país, relevante para a nosa economía e necesario para a convivencia en sociedade. Falamos de emprendedores, autónomos, de pequenos negocios, furanchos, tabernas, bares, restaurantes, aloxamentos turísticos, e moito máis. Falamos dunha realidade, da realidade que chegou coa crise sanitaria que estamos a vivir. Falaremos do que quere a xente, das solucións. Non teremos un debate agora mesmo sobre se a mellor opción neste momento é o peche total da actividade —como defende a señora Pontón—, ou se é necesario o levantamento abrupto e urxente das restricións. Falaremos, en definitiva, das axudas; axudas máis que necesarias ante unha situación que ninguén pensou ter que vivir.

Un informe deste mesmo mes da hostalaría de España subliña que máis do 40 % das comunidades autónomas pecharon total ou parcialmente os interiores dos bares e restaurantes por máis de cen días. Nese mesmo informe, coñecemos que sete comunidades autónomas decretaron o peche total, mentres que hai restricións no resto delas. Por iso, e porque penso que ninguén dubida do noso compromiso coa xente, do compromiso do Grupo Popular con aqueles que queren apostar por facer, por medrar, e por innovar, debemos ser solidarios; solidarios con aqueles que tiveron que pechar para que o virus non seguise adiante, con aqueles que tiveron que pechar por precaución, simplemente porque todo ía a peor.

A lexislatura empezou en xullo. A crise xa era coñecida. Constituíse o Goberno da Xunta, e empezou a traballar con preocupación, pero sen pausa. Neste eido, dende a vicepresidencia primeira do Goberno e dende a Consellería de Emprego, retomáronse conversas con sectores afectados co obxectivo de aprobar á maior brevidade un instrumento consensuado por todos que garantise a viabilidade dos traballadores autónomos e do sector da hostalaría.

Estas negociacións culminaron coa posta en marcha dun plan de rescate para persoas autónomas, hostalaría e micropemes. Estes sectores foron especialmente afectados pola covid. Este plan artellouse a través de dúas ordes no mes de novembro, como xa falou o deputado,



a do 17 e a do 26 de novembro, nas que se regularon as bases dos programas de mantemento do emprego nas microempresas, do programa de apoio á hostalaría e do traballo dos autónomos. Este plan dotouse finalmente de 86 millóns de euros, para beneficiar a 10.000 microempresas e a 30.000 autónomos. As tres liñas de axudas do plan son complementarias entre si, polo que a hostalaría pode facer apoios que van dende 6.700 aos 9.200 euros. A tramitación foi áxil e sinxela.

Deste primeiro plan, na data do 25 de xaneiro —hai uns días— estaban executados preto de 70 millóns de euros, que se corresponden co pago do 90 % das solicitudes resoltas de xeito favorable. Máis de 40.000.

A Xunta está a piques de publicar nos próximos días un segundo plan de rescate. Nesta ocasión estase a falar de 75 millóns de euros máis, que, sumados aos 86 do primeiro plan, fan un total de 160 millóns de euros en só 90 días. Galicia é neste momento a comunidade autónoma de España que máis axudas concedeu a este sector, e vostedes sábeno.

Por facer unha comparación con outras realidades orzamentarias desta mesma Cámara, as cantidades destinadas soamente ao primeiro plan da Xunta supoñen máis do dobre dos orzamentos anuais da Secretaría Xeral de Deportes da Xunta de Galicia, pero non desta Xunta, tamén da Xunta do Bipartito. É máis do dobre do que se vai investir en todo o ano en deporte. *(Aplausos.)*

Señores, señorías, a axilidade na tramitación das axudas foi unha prioridade dende o primeiro momento para a Xunta de Galicia, de feito, foi a primeira administración que elaborou un plan de axudas directas para o sector. Escoltando e atendendo os requirimentos dos afectados, este segundo plan de rescate nun primeiro momento recolleu, como vostede fala, a proposta de seguir o modelo valenciano, tratando de consensuar un fondo con aportación das distintas administracións. No día de hoxe, saben que as aportacións non van chegar porque a demora é inxustificada. A resposta por parte dalgunha administración non chegou, e tivemos o rexeitamento claro dalgunha outra; vostede coñece o mesmo ca nós esta situación.

A demora non é beneficiosa para ninguén, polo que a Xunta de Galicia decidiu seguir adiante co segundo plan, permitindo e agardando que máis adiante poidan adherirse outras administracións para que as axudas cheguen canto antes.

Neste segundo plan, hai novidades que foron trasladadas polos sectores afectados e que tiveron acollida nas bases das axudas que saíran nos próximos días. Entre outras, a simplificación de trámites, a non necesidade de acreditar por parte dos autónomos a prestación de cese de actividade, ou a non exixencia ás microempresas de ter activo ou de ter pasado un ERTE para optar a estas axudas.

As tres liñas de axudas que concorrerán neste novo segundo plan son compatibles entre si, permitindo, así mesmo, que os perceptores das axudas do primeiro poidan presentar unha nova solicitude no caso de cumprir os requisitos. A Xunta estenderá estas novas axudas tanto aos locais pechados como a aqueles que soamente poidan servir comidas nas terrazas, prestar servizo de restauración a domicilio ou de recollida de comida no local.



Penso, señorías, que ninguén dubida xa de que a Xunta estivo, está e estará co sector dende o primeiro momento. O informe da hostalaría de España, coñecido a principios deste mesmo mes, sinala que existen diferenzas notables na xestión das axudas entre as comunidades autónomas, poñendo en valor a xestión e a velocidade de Cataluña je Galicia! na tramitación, así como a importancia das axudas dadas jen Galicia! a un importante sector como o do ocio nocturno, con cantidades moi por riba da media das demais.

Falando agora da súa moción, señores do BNG, estamos totalmente de acordo na necesidade de atopar un consenso para conquistar unha solución áxil, con transcendencia para todas as administracións, que permita que este sector afectado polas restricións poida resistir.

Vostedes piden na súa moción axudas á Xunta e ao Estado. Nós pedimos á Xunta, ao Estado, ás deputacións e aos concellos. Todo á vez, porque calquera axuda nestes duros momentos vai ser necesaria.

Na súa proposta falan dun plan de rescate limitado a cinco tipos de negocio, e esquecendo, por exemplo, que a hostalaría abrangue, ademais de servizos de comidas e de bebidas, servizos de aloxamento, que quedarían fóra das axudas, segundo o que vostedes recollen na súa iniciativa.

Fala tamén de cubrir o 70 % das perdas xeradas polas restricións para frear o virus. ¿Coñece a realidade do país?, ¿coñece os orzamentos de Galicia cando fai estas solicitudes? ¿Pensa vostede que Galicia ten que financiar cos seus cartos o que outras administracións, coma a do Estado, aínda non queren asumir? Mire, o 70 % dos orzamentos de Galicia están dedicados á sanidade, á educación e aos servizos sociais, e podería dicirlle que agora mesmo están practicamente comprometidos.

Fala no seguinte punto da súa moción sobre o liderado da Xunta para acadar un gran acordo baseado na colaboración entre administracións. Si, si, estamos de acordo, pero non quixeron as demais administracións, polo que a Xunta vai seguir adiante.

Como xa lle comentei, non hai tempo; só hai tempo para saír canto antes na axuda de quen o precisa. Presentamos na nosa emenda unha posibilidade na que deixamos aberta a porta para que nun futuro non lonxano poidan xuntarse os intereses de todos polo ben común. A Xunta non vai esperar máis por un acordo que non chega e a xente quere solucións.

Concordamos con vostede na necesidade de flexibilización dos trámites e requisitos exixidos para cobrar as axudas, mentres que entendemos que os sete anos concedidos na actual normativa para amortizar os créditos é un tempo razoable.

En relación ás solicitudes de axuda dirixidas ao Goberno de España, estamos de acordo na súa totalidade coas súas propostas; engadindo algunha máis pola nosa parte, como é a rebaixa do IVE para os sectores da hostalaría e do turismo. É un feito que as axudas dos hostaleiros dos países europeos deixan ao Goberno de España nun moi mal lugar. Somos, como vostedes coñecen, o único país de Europa sen axudas directas á hostalaría. Italia, Alemaña, Francia, Luxemburgo e Bélxica dispuxeron de ata 40.000 euros en axudas directas ao sector.



A Xunta tivo que saír, xunto con outras comunidades autónomas, ao rescate dun sector que se afundía porque a delegación das facultades do estado de alarma ás comunidades autónomas por parte do Goberno Socialista de España pareceu unha forma de esquecer que España e os españois e, dende logo, os galegos, somos parte da súa responsabilidade.

Neste espírito de consenso que debe presidir este debate no día de hoxe, este grupo parlamentario, tras escoitar os representantes do sector nestas pasadas semanas, solicita na súa emenda que se inste tamén a deputacións e concellos de Galicia para que se sumen a esta iniciativa de colaboración directa cos sectores máis afectados polas restricións. Solicitamos que se faga chegar a concellos e deputacións a necesidade de colaboración directa. Solicitamos que se outorguen axudas directas ao sector que permitan solucionar momentos de liquidez coma estes, que procedan á bonificación total, vía exención, de taxas e impostos aos locais pechados e sen actividade por mor das restricións da pandemia, así como á devolución dos tributos cobrados no pasado ano polo mesmo motivo. Entendemos que, de ser imposible a retroactividade da norma, sexa outorgada esta axuda de forma directa para facer neutra a tributación soportada. No caso das deputacións, con orzamentos e competencias —como todos coñecemos— cunha ampla marxe para a modificación, tendo en conta a situación extrema do momento, apelamos a que centren as súas políticas —polo menos por un tempo— na axuda aos sectores afectados pola pandemia.

Agardo, señor deputado, que poidamos chegar a unha transacción que dende o consenso e a realidade de cada administración impulse e incremente as axudas para un sector que foi solidario con todos e que agora precisa da axuda de todos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Murillo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Eu tamén quero ter un ton conciliador neste tipo de iniciativas, que, polo demais, xa se levan debatendo nesta Cámara ao longo dos últimos meses, especialmente neste momento no que a pandemia está impactando de xeito contundente en todos os sectores económicos, especialmente no sector da hostalaría, con consecuencias de todos coñecidas. É unha crise que está alongándose no tempo, e no día de hoxe aínda non temos horizonte de saída certo, pero si temos a esperanza de que, efectivamente, a vacina poña fin a esta anomalía que estamos vivindo ao longo deste último ano.

É, efectivamente, unha crise que é asimétrica e que afecta de distinto xeito a economía do país, especialmente aqueles negocios, aquelas actividades, que se ven abocadas ao peche ou



que están abocadas ao peche neste momento como consecuencia das medidas clínicas que se levan adoptando; medidas que afectan a negocios que están en mans basicamente de autónomos que, como todos sabemos, son o colectivo máis importante en canto á creación de emprego que hai neste país.

A magnitude da crise xa é coñecida, o diagnóstico témolo todos asumido; incluso a magnitude da crise vai ser moito máis contundente do que inicialmente se contemplaba a finais do ano 2020. Hai estudos —BBVA, Funcas— que revelan que a caída do PIB en Galicia vai estar por encima do 9,7 %. Efectivamente, hoxe o conselleiro falaba de que en Galicia caera o PIB no cuarto trimestre con menos ímpeto que no conxunto de España, na media de España. É verdade, pero tamén é verdade que na economía galega o peso do turismo é menor que no conxunto de España e que, efectivamente, afortunadamente, hai determinados sectores económicos que están tendo un comportamento positivo, como pode ser a automoción ou como pode ser a alimentación, que contribúen, efectivamente, a que o PIB en Galicia caia dun xeito menor. Tamén o escaso dinamismo demográfico que hai en Galicia conxuga esta menor caída.

No que afecta o sector da hostalaría, é verdade que estamos diante dun sector que aglutina —ou aglutinaba—, no ano 2019, 66.000 traballadores, aproximadamente 21.000 establecementos, e no que a caída de actividade en termos interanuais, de novembro a novembro, foi do 66,3 %, unha caída maior que na media do conxunto do Estado. Unha caída que, efectivamente, non só afecta a bares, tamén afecta a hoteis, a pernoctacións. Son caídas do 77 % de ocupación hoteleira, de pernoctacións, unhas 384.000 menos que fai un ano en termos medidos de novembro a novembro. En definitiva, 20.000-30.000 postos en risco neste momento. Por iso, as reaccións das administracións teñen que ser absolutamente contundentes diante da dimensión do problema que temos neste momento. En fin, non poden ser reaccións que teñan en conta un goteo de axudas, teñen que ser reaccións contundentes diante da magnitude que é inédita nos últimos oitenta anos e diante dun orzamento, ademais, que é inédito nos últimos anos en Galicia. É un orzamento expansivo, un orzamento con capacidade, un orzamento con suplemento de gasto, un orzamento que permite impactar, precisamente, a crise, por iso é expansivo, e é un orzamento —que eu non sei se son 400 millóns o que o Goberno da Xunta recibiu do Estado para a hostalaría— que si recibiu 430 millóns de fondos europeos, si recibiu 685 millóns de transferencias extraordinarias do Estado e si a Xunta tamén ten capacidade de endebedamento, porque ten flexibilizada —igual que o conxunto das comunidades autónomas— a regra de gasto, e, por tanto, pódese endebedar máis, pode gastar máis, pode afrontar con máis capacidade económica os retos desta crise económica.

No ano 2020, efectivamente, durante dez meses —e foi a final de ano— a Xunta reaccionou cunha liña de axudas: 17 millóns no ámbito da hostalaría —insuficientes, ao noso xuízo—. Entendiamos que ninguén esperaba que houbera unha terceira onda da pandemia con este ímpeto, con esta contundencia e, por tanto, se obrigase novamente a tomar este tipo de medidas. Pero as medidas eran insuficientes, foron insuficientes, e tomadas tarde, 80 millóns de euros, efectivamente, co conxunto das axudas que se prestaron a autónomos. Agora fálase de 75 millóns, fálase de que non hai consenso coa Fegamp, fálase de que non hai consenso coas deputacións. A Xunta de Galicia ten un orzamento de 11.600 millóns de



euros, a Xunta de Galicia ten que dar unha resposta áxil e contundente a unha situación dramática e ten que buscar o diálogo, efectivamente, no seo da Fegamp, e coas deputacións para que tamén —e nós estamos conformes— entren nun plan de rescate global; cada un coas súas posibilidades económicas. E aí téñense formulado distintas alternativas que a Xunta de Galicia ten rexeitado, entre elas, efectivamente, a do 1 % do orzamento cada unha das institucións, que, efectivamente, a Xunta de Galicia logo se desmarca dese plantexamento e fala dunha contía de diñeiro para todo o sector de autónomos e da hostalaría.

Nós estamos de acordo inicialmente coa moción do BNG. Entendemos que é unha situación dramática, levámolo dicindo durante moito tempo, con algúns matices. Vostede plantexa que, efectivamente, a Administración do Estado ten que prestar axudas directas. E eu tamén digo que si, e nese sentido creo que o Estado xa está traballando, xa hai un plan posto encima da mesa. Como vostede sabe, as axudas directas necesitan supervisión e autorización da Comisión Europea, e neste sentido o marco de axudas a nivel europeo está desbloqueado ao respecto. E entendemos que finalmente se vai adoptar un mecanismo de axudas ao sector dende o ámbito da Administración do Estado.

Respecto das cotas da Seguridade Social, efectivamente, aquí hai que introducir algún tipo de limitación respecto da caída da actividade económica. É dicir, nós estamos de acordo con que, efectivamente, os autónomos accedan a unha prestación por cese de actividade, sempre e cando a actividade caia, cando menos, un 50 %, non como réxime xeral, e tamén con que se contemple a exención do pago das cotas da Seguridade Social. E nese sentido tamén lle avanzo que se está traballando e que hai un acordo xa co sector a nivel estatal para que iso sexa así.

E respecto das carencias dos préstamos do ICO, efectivamente, en novembro aprobouse unha carencia de 24 meses e un plan de devolución a oito anos. Vostede fala aquí de tres anos. Eu non teño ningún inconveniente en plantexar isto, pero paréceme que 24 meses é un prazo axeitado de carencia, e vostede fala de tres anos. Por iso non imos rexeitar a súa iniciativa, pero entendemos que é suficiente, que neste sentido xa se está traballado e eu entendo que é positiva a medida que se adoptou xa no mes de novembro. Un ICO —todo sexa dito— que leva financiado a través de préstamos, a través de garantías, a través da liña de liquidez, 35.000 empresas en Galicia con máis de 4.500 millóns de euros. Digo isto non para comparalo co Igape, por suposto que non, pero si para dimensionar que as liñas de liquidez do Igape foron, no ano 2020, 130 millóns, fronte aos 250 millóns anunciados polo conselleiro no seu momento. E iso amosa que ao Igape hai que darlle unha volta diante dun contexto económico como o que estamos vivindo, porque ten que ser unha ferramenta moito máis útil, moito máis contundente, no relanzamento económico do país, especialmente na axuda aos sectores máis damnificados que neste momento se ven abocados ao peche, como é o da hostalaría.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Francisco Rivera.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)



Polo grupo autor da moción, o señor Pérez López.

O señor PEÑEZ LÓPEZ: Señora Rodil, hoxe debe ser o día do ton conciliador, polo que estou vendo. Debe ser o día que se escolleu desde o PP para ter un ton conciliador. *(A señora Murillo Solís pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, señora Murillo Solís, si. O único que fixen foi contextualizar a situación, e rematei dicindo, moi claramente, que era o momento para que todos arrimáramos o ombreiro. Falo forte, si, pero esa é a miña voz e téñoa tomada, ¡que lle imos facer!

Tamén me falaba vostede de que había que ser solidarios e preguntábame se non foran solidarios co sector. ¡Nove meses sen axudas directas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* por parte da Xunta para un sector afogado e que sufriu as restricións, como o da hostalaría, moi solidario, desde logo, non me parece; independentemente de que outros tiveran que cumprir. *(Aplausos.)* E máxime tamén cando outras comunidades autónomas —a maioría— articularan axudas directas, entre elas, Andalucía —en xullo—, Aragón, Huesca, Asturias, Baleares, Cataluña... *(Murmurios.)* Hai máis: Castela e León, Ceuta, Valencia, Estremadura... Ben, aínda hai máis...

Tamén facía vostede referencia ao Bipartito. Por puntualizarlle, simplemente, quero dicirle que os orzamentos máis expansivos da Xunta, que son os deste ano, aínda así están por debaixo do que achegaba a Consellaría de Deportes do Bipartito. *(Murmurios.)* Aportan 32,5 millóns e no Bipartito aportaban 40 millóns. *(Murmurios.)* Se me permite seguir un pouquiño co peche, agradeceríallo, se non é moito pedir.

Despois, tamén o que pedimos é un esforzo orzamentario por parte da Xunta, si, para un plan de rescate específico para a hostalaría e negocios asociados; e tamén pedimos un grande acordo para rescatar os demais sectores; un liderado por parte da Xunta para iso.

¿Ten problemas na cara, señor Pazos? ¿Si? Vale, perfecto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si. ¡Xa vexo!, ¡si, si!, ¡xa vexo, xa vexo!

Como digo, a Xunta aprobou un orzamento realmente expansivo, con partidas como as do Xacobeo, de 112 millóns de euros. Xa o planteamos na interpelación que motiva esta moción: destinar parte desa partida, aínda que non sexa toda, a darlles aire aos sectores máis afectados. ¿E saben cal foi a resposta que houbo desde a Vicepresidencia da Xunta? Que non nos gustaba o Xacobeo. E sinto ter que dicilo, pero non é verdade. É dicir, o Xacobeo é unha boa marca; xa o dixen desde que estou aquí e volverei dicilo. O que non nos gusta nin compartimos é esa identificación que buscan ata o paroxismo entre Xacobeo e Xunta ou PP, porque o Xacobeo é unha marca galega, non é unha marca do PP.

E o que é peor é que tamén argumentou nesa interpelación que esas partidas do Xacobeo irían destinadas, durante estes seis meses, a acondicionar camiños. E dixo literalmente: «Para ter todo preparado para cando se poida preparar o Xacobeo». Dicir iso, coa situación que están pasando sectores como o da hostalaría e moitos outros sectores económicos deste país, paréceme bastante censurable.



Por outro lado, o BNG explicitou o seu apoio a un plan interadministracións para socorrer os sectores máis afectados. O único que dixemos é que queriamos un reparto xusto e equilibrado, asumíbel para concellos e deputacións, porque, se non, estarían hipotecando as competencias propias en garantía social, cultura, deporte e nos servizos básicos municipais. Está claro que a Xunta terá que destinar parte do seu orzamento á sanidade e creo que falaba vostede de educación, pero é que o resto das administracións tamén teñen as súas obrigas e teñen que cumprir con elas. (*Murmurios.*)

Polo demais, entrando xa no que son as emendas do PP, respecto ao parágrafo primeiro do punto 1 da emenda, non podemos aceptalo, por un lado, porque entendemos que hai unha especial afectación sufrida polo sector da hostalaría e polos negocios relacionados e dependentes, que están nunha situación crítica. E, polo outro, polo efecto arrastre que tería sobre outras actividades económicas. Polo tanto, consideramos imprescindible que haxa un plan específico para ese sector.

Ademais, ese plan de rescate para outros sectores económicos especialmente afectados aos que fan vostedes referencia xa está recollido na nosa moción cando solicitamos que a Xunta impulse un grande acordo interadministracións.

Respecto ao parágrafo segundo do punto primeiro da emenda, o que pedimos é liderado, e pedímolo para impulsar un grande acordo para salvar os sectores afectados pola pandemia. Vostedes na súa emenda simplemente falan dun liderado para repartir as axudas. Non creo que ese sexa o problema principal. (*A señora Murillo Solís nega coa man e coa cabeza.*)

O resto das cuestións que plantexan xa están recollidas na nosa moción.

E en relación ao IVE cultural e turístico, xa foi acordado en comisión nunha iniciativa, precisamente do PP, que pedía instar o Estado á rebaixa do IVE turístico, que o BNG estendeu ao cultural e que transaccionamos; polo tanto, entendemos que é totalmente superfluo. Polo tanto, non aceptaremos, desde logo, as emendas do PP.

Quero agradecer o apoio, neste caso, do Grupo Parlamentario do PSOE, porque entendemos que é o momento de arrimar o ombreiro e creo que esa ten que ser a disposición de todos os grupos deste Parlamento; pero unha predisposición real, non simplemente de palabra.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez López.

Remata o debate das mocións. Procedemos á votación.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil.



Hai unha transacción que se lles pasou aos grupos; coñécena todos. Son dous puntos. Podo comentalos: «promover a corresponsabilidade entre homes e mulleres no coidado non profesional, facendo especial fincapé nas libranzas para o coidado no contorno familiar e impulsar a figura da asistencia persoal contemplada no SAAD». E o outro xa saben vostedes que é engadir o que é ao propio texto.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre o impulso polo Goberno galego dun novo modelo de coidados de longa duración que aborde a atención á dependencia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, a iniciativa de D. Julio Torrado. Estaba pendente unha transacción, ¿señor Torrado, por favor? ¿Non hai transacción? ¿Non hai? (Asentimento.)*

¿Si, señora Rodríguez-Vispo?

Déanlle voz.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: *Señor presidente, quería pedir a votación por puntos.*

O señor PRESIDENTE: *¿Acepta vostede a votación por puntos? (O señor Torrado Quintela nega coa cabeza.) ¿Non? (Murmurios.)*

Votamos. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa campaña de vacinación para a covid-19.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Daniel Pérez.*



Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(A señora Murillo Solís pide a palabra.)

¿Si, señora Murillo?

A señora MURILLO SOLÍS: Pedimos a votación por puntos.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta vostede a votación por puntos?

O señor PÉREZ LÓPEZ: Non.

Non a acepta.

Votamos. *(Murmurios.)*

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Pérez López, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co impacto da covid-19 no sector da hostalaría.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

(Murmurios.) (Risos.)

O señor PRESIDENTE: ¿O seu? Entón, son 33 afirmativos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Remataron aquí as votacións e continuamos coa orde do día, que son proposicións non de lei.

¡Silencio! ¡Por favor, o que dixen antes é moi importante. Vamos comportarnos todos...! Por favor, gardemos as distancias de seguridade, que estamos obrigados a cumprilas, e non nos amontoemos aí. Hai que dar exemplo.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e aos grupos parlamentarios con representación nas Cortes Xerais en relación coa supresión ou modificación do artigo 18 do Proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética, así como para acadar un consenso para que esta modificación ou calquera outra que se faga no futuro na Lei de costas se leve a cabo logo dun estudo e dun diálogo co complexo mar-industria

O señor PRESIDENTE: A verdade é que é un texto bastante longo.



Para formular esta proposición non de lei ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Esta proposición non de lei foi rexistrada no mes de setembro do pasado 2020; polo tanto, comezarei por matizar algunha das cousas que aparecen na exposición de motivos que xa non están vixentes, como é o prazo de presentación de emendas, que no texto di que remata este mes —referíndose a setembro—.

Está claro que o prazo rematou, pero todo segue igual e, por iso, parecíanos imprescindible traer esta proposición non de lei ao pleno de hoxe, porque a actitude do PSOE propicia que estea rematando a posibilidade de que o Goberno de España rectifique e reaccione; está rematando tamén a paciencia deste grupo; está rematando a paciencia da Xunta de Galicia, sobre todo da Consellería do Mar, da Consellería de Medio Ambiente e da Consellería de Industria, e o máis importante é que está rematando xa a paciencia e a esperanza, sobre todo a esperanza do sector da cadea mar- industria, que ten collido con pinzas o seu futuro e o dos seus traballadores.

Dende que comezamos con esta incerteza —dende abril ou marzo de 2019— alertamos xa do Real decreto que modificaba o Regulamento xeral de costas e, dende entón, as escusas, os enredos e as mentiras aos que nos acostumou a oposición e o Goberno de España xogaron, neste tempo, cunha deslealdade co Goberno da Xunta e, ademais, coas preocupacións do sector. Polo tanto, nós xa estamos alertando —insisto— dende abril de 2019.

Esa proposta de modificación, letal para o sector industrial do mar, recollía, entre outras cuestións, problemáticas como as seguintes: limitar o prazo máximo da duración das concesións das empresas, poñendo en risco a viabilidade de moitas delas, que deseñaron os seus plans empresariais de acordo cos prazos previstos anteriormente; tamén dicía que se revisarían novamente os requisitos cumpridos para outorgar a concesión cando se teña que decidir sobre a prórroga —isto sería incrementar tempo, gastos, documentación..., algo moi engorroso—; e establécese a obriga de derivar fóra da zona de dominio público marítimo-terrestre as actividades que poidan desenvolverse noutro lugar. Nalgúns casos é tecnicamente posible, pero moi custoso e, noutros casos non é tan posible.

Nós posicionámonos, dende o primeiro momento, en contra desa modificación —directamente en contra—, alertados polo sector da cadea mar-industria, e estudando en profundidade o dano que podería causar en Galicia, pero en ningún momento dun xeito partidista, jen ningún momento dun xeito partidista! O que querían modificar no Regulamento, que era salvar ou modificar ese regulamento, sería un mal maior para Galicia. Ese cambio normativo podería afectar, como mínimo, centos de empresas asentadas no litoral de Galicia tales como cetarias, depuradoras, fábricas de conservas... Pero se á cadea mar-industria tamén lle engadimos todas as edificacións, esa regulación afectaría milleiros de estruturas en oitenta concellos costeiros.



O que advertimos que era unha ameaza entón, hoxe é un perigo real; é un perigo real no momento no que algunhas empresas se atopan xa con trabas á hora de tramitar a renovación das súas concesións.

O Goberno galego, este Grupo Parlamentario Popular e o Grupo dos deputados do Partido Popular no Congreso en Madrid defendemos o seguinte: un regulamento que teña en conta a necesaria viabilidade e sostibilidade das industrias que se relacionan co mar; que se manteña un principio de seguridade xurídica para que os afectados non dependan de cambios na lexislación —cambios arbitrarios— que poidan poñer en risco a súa actividade, e un escenario claro e preciso para que as empresas poidan seguir coa súa actividade con normalidade, ou, o que é o mesmo, non facer nada. Chega o PSOE, quere modificar un regulamento e unha lei, e monta un lío impresionante poñendo en risco milleiros de postos de traballo.

Entre abril e decembro de 2019 a Xunta intentou dialogar, por numerosas vías, coa ministra de Transición Ecolóxica, co secretario de Estado de Medio Ambiente e paralelamente mantivo varias reunións co sector —un sector moi preocupado, insisto— dende abril de 2019. A ignorancia do Goberno de España foi longa ata que finalmente, dous meses despois do último intento de conexión con eles, responden —o Ministerio de Transición Ecolóxica— cunha carta —por certo, unha carta ordinaria, en papel, que sae un día 20 de Madrid e chega o 29 a Galicia; antes pasa pola prensa, porque se filtra á prensa e despois chega ao Goberno galego; ao meu entender algo moi feo e unha deslealdade manifesta e absoluta—. Nesa carta o Ministerio aseguraba que a reforma do Regulamento estaba parada, ao tempo que tamén se recoñecía nesa mesma carta que había reunións con afectados para explicarlles como ía ser ese cambio de regulamento; é dicir, unha contradición total.

Polo tanto, nós, daquela, xa non nos fiamos do anuncio da paralización, e tiñamos razón, porque esa proposta restritiva se reactivou agora a través da inclusión do artigo 18 no Proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética, impulsado polo Ministerio de Transición Ecolóxica, que —como dicimos— é intransixencia ecolóxica, intransixencia enerxética e, neste caso, intransixencia industrial absoluta para Galicia. ¿En que momento estamos? A fase na lei está nas ponencias, no Congreso dos Deputados, con moi pouca marxe de actuación xa, pero si a tempo de revisar os puntos 3 e 4 do artigo 18 desa lei, que incorporan —como digo— unha modificación no Regulamento da lei de costas e que afectaría, de maneira moi lesiva, a cadea mar-industria.

No día de hoxe, a conclusión é que o Goberno de Sánchez e Pablo Iglesias manteñen a tramitación e a incerteza en relación coa duración das concesións en dominio público marítimo-terrestre. Rómpeuse a seguridade xurídica e xérase unha enorme incerteza para todas esas industrias e todas esas edificacións —insisto—, que non todas son referentes a ese sector.

Ademais de todo iso, como digo, reactivou este procedemento e esta modificación do Regulamento en pleno estado de alarma —o que cremos que é pouco ético— nunha norma que non é a de costas —o que tamén cremos que é moi pouco claro— e sen diálogo co sector; é dicir, mentindo, pois prometeran que falarían con eles. Dixeron que ían parar un regulamento, pero fano por outra vía para que crean que non nos enteramos. Pero si que nos en-



teramos; e os que máis se enteran e máis preocupados están son os afectados, que son os dependentes da cadea mar-industria. Insisto, tratan de coar pola porta de atrás unha reforma que afecta de maneira especial a Galicia costeira.

Esa lei de cambio climático tivo nada máis e nada menos que 758 emendas en Madrid, no Congreso dos Deputados. Desas, preto de cen son do Grupo Parlamentario Popular, e nesas 100 está incluída a emenda ao artigo 18 da lei, que propón a supresión, como mínimo, dos puntos 3 e 4, xa que, como dixen, as consecuencias derivadas dese apartado transcenden máis aló, interferindo coa Lei de costas e cos prazos do seu regulamento.

Por parte do BNG consta a presentación da emenda referente á supresión do artigo 18, pero do PSOE e de Podemos, nada. E de Podemos cunha ministra galega, Yolanda Díaz, que dixo en abril —tamén o dixo en outubro de 2019— que era «unha lei con mirada madrileña». Mirada madrileña é a que ten ela, xa que enfilou a mirada madrileña, quedou en Madrid e deulle totalmente as costas a Galicia, porque o único que está facendo como ministra de Emprego é destruír emprego en Galicia, coa complicidade total do Partido Socialista.

Polo tanto, por parte do partido do PSdeG houbo alcaldes que intentaron facer mocións, que fixeron algunha emenda, algunha addenda; pero quedou en papel mollado, non se concretou en nada. E os deputados socialistas galegos no Congreso din o mesmo que di o secretario de Estado, Hugo Morán, que di que o artigo 18 non altera en nada o disposto na normativa vixente. Pero Iso non é certo, si que altera a normativa vixente.

Neste Parlamento, os deputados do PSdeG non saben, non contestan; miran para o outro lado. En decembro, na Comisión 8ª chegamos a un acordo co Bloque Nacionalista Galego para pedir a retirada dese artigo 18, e o Partido Socialista abstívose e nin se manifesta, argumentando lexislación e teorías do Levante, do Mediterráneo, que nada teñen que ver coa realidade costeira de Galicia.

É unha lei, como dixen, moi nociva para esta cadea mar-industria. Tamén é nocivo para a automoción o artigo 12, e non imos entrar agora niso, pero é que xa con dous artigos desa lei eliminan vostedes case 20.000 empregos en Galicia. É unha ideoloxía absoluta que rompe Galicia, como digo eu, e a lei, de transición enerxética, non ten nada, é unha intransixencia absoluta.

Nós traemos esta proposta ao Pleno, porque vimos que en decembro, despois dese acordo, non se fixo nada, e cremos que hai que desactivar ese proceso de xeito definitivo. Creemos que é importantísimo desactivar ese proceso —insisto—, porque vai afectar directamente e vai facer moito dano o sector do mar. Está moi claro o que pedimos, a supresión do artigo 18, e cremos que vostedes teñen que cambiar de criterio se queren defender ese sector, a cadea mar-industria, e salvar 3.000 empregos. É, ademais, un sector que entre 2009 e 2019 aumentou as súas exportacións nun 80 %; é dicir, é un sector, ademais, que coa pandemia resiste, que se mantén, que está traballando e que é parte do futuro da nosa comunidade autónoma, como leva sendo, ademais, un sector importantísimo e un pilar fundamental para Galicia.

Teño pouco tempo, presidente, pero gustaríame lembrar algunhas das cousas que dicían vostedes cando nós xa alertabamos disto, porque agora xa parece que imos todos encami-



ñados. Polo menos o Bloque e o Partido Popular chegamos a un acordo na Comisión 8ª, pero vostedes dicían que era unha lei coa que o Partido Popular só buscaba defender os intereses de Ence, que buscaba meter medo, que só afectaba 300 instalacións con concesións afectadas por este cambio normativo... É dicir, outra vez metendo falacias e mentiras nese argumento, e o Partido Popular de Galicia, sempre no mesmo sitio, e, ademais, coa razón, porque é o propio sector —e vostedes falarían con el— o que pide realmente que se retire ese artigo 18, que é totalmente lesivo e nocivo para o sector industrial da cadea mar-industria de Galicia.

Pola miña banda, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, estamos ante un problema que, máis alá da demagoxia política que algúns pretenden facer, é un asunto tecnicamente bastante complexo. Por certo, non sei se a señora Egerique o entende na súa extensión, porque dixo aquí unha serie de cousas que non se compaxinan e non se compadecen coa realidade. E nese sentido, require certa aclaración, que tratarei de facer dentro das miñas limitacións —como pedagogo que son—, evidentemente, moitísimas. Pero antes quero deixar claro algo, por outra banda, evidente. O PSdeG non vai apoiar ningunha medida lexislativa ou de calquera tipo que vaia contra a economía da nosa costa ou contra a cadea de valor do sector mar-industria alimentario, que ten unha importancia enorme, non só economicamente, senón tamén culturalmente, porque forma parte da nosa identidade e da nosa tradición. Estamos, obviamente, a favor de que se protexa, se defenda e se incentive a nosa economía costeira: a conserva, a acuicultura, o marisqueo, etc., e toda a actividade asociada a eses sectores, cousa que, por certo, non fai a Xunta de Galicia.

E en liña con ese propósito, se vostedes aceptan a votación por puntos, votaremos a favor do punto 2 da súa proposición. O que non imos amparar é a demagoxia e a irresponsabilidade consistente en que por motivos políticos se desinforme de xeito descarado a nosa costa desde a propia Administración autonómica, que debería facer xustamente o contrario.

Indo xa á normativa, a limitación temporal das concesións costeiras non é, señora Egerique, un capricho de ninguén, senón unha conquista xurídica que acadou un goberno socialista en 1988, aprobando a Lei de costas, (*Aplausos.*) que estableceu un prazo de trinta anos para as concesións baseadas na consideración de utilidade pública dos nosos espazos costeiros, que debían poder ser desfrutados por todo o mundo e non só polos poucos que historicamente edificaron neses espazos. En todo caso, esa lei de 1988 non se fixo no vacío, senón que foi en consecuencia lexislativa do mandato dos artigos 132.2 e 45 da Constitución e tamén da normativa europea; por certo, que naquel momento era xa obrigatorio incorporalo no noso ordenamento xurídico. A Lei de 1988 —digo— establecía un prazo xenérico de trinta



anos. Falamos de todo tipo de concesións, de vivendas, pero tamén de explotacións económicas que van desde chiringuitos —caso típico do Mediterráneo— ata as nosas conserveiras, pasando por moitos outros tipos de situacións. Eses trinta anos da Lei de costas, computados dende 1988, vencían no 2018, motivo polo cal no 2013 o Goberno de Rajoy —ou sexa, o seu— enfocou o problema de xeito absolutamente chapuceiro e contrario ao interese público, mediante unha reforma da Lei de costas na que se incrementaba o prazo orixinario ata o máximo teoricamente posible de setenta e cinco anos, en coherencia coa Lei de patrimonio do Estado de 2003, do Goberno Aznar, por se non se percataron vostedes.

E así o artigo 66.2 da vixente Lei de costas establece que: «*El plazo será el que se determina en el título correspondiente que en ningún caso podrá exceder de setenta y cinco años*». Ata aí todo ben, pero a partir de aí comezan os problemas, porque a técnica lexislativa empregada e a conxunción desa lei e do Regulamento de costas do ano 2014 parecían abrir a posibilidade a que as concesións durasen máis tempo que os setenta e cinco anos que establece o artigo 93.3 da Lei de patrimonio do Estado, aprobada —como digo— polo Goberno Aznar, que establece que o prazo máximo de duración das concesións, incluídas as prórrogas, non poderá exceder setenta e cinco anos, salvo que se estableza outro menor nas normas especiais que sexan de aplicación —outro menor, non outro maior—. É dicir —e isto teño que destacalo—, a Lei de patrimonio do Estado, cunha claridade meridiana, está dicindo xa desde o ano 2003 que as concesións públicas non poden exceder os setenta e cinco anos, incluídas as súas prórrogas. Isto non o digo eu, nin o fixen eu, fíxoo o Goberno de Aznar. Obviamente, ningunha lei especial como a de costas podería, de ningún xeito, establecer un prazo superior por unha cuestión evidente, clara e meridiana de coherencia normativa, e así o reflectiu tanto o Consello de Estado, no seu informe sobre o Proxecto de regulamento da Lei de costas, como a Avogacía do Estado, en sucesivos informes —por certo, están dispoñibles na web para calquera que queira consultalos—, que concluíron nun informe definitivo de decembro de 2018, que establecía de xeito taxativo —¡taxativo!— que a única interpretación posible sobre o prazo máximo de duración dunha concesión, incluídas as súas prórrogas, é de setenta e cinco anos, porque así o di a Lei de patrimonio de Aznar. Pero coidado, isto non quere dicir, en absoluto, que non poida outorgarse unha nova concesión, solicitando esa nova concesión cando rematen eses setenta e cinco anos, no seu caso, se é conforme a lexislación. Teñan en conta que se ao ano 1988 lle sumamos setenta e cinco anos imos ao ano 2063, no cal estaremos, certamente, todos calvos.

En todo caso, vaíamos ao artigo 18, que vostedes din que queren suprimir ou modificar substancialmente. Isto de falar de suprimir ou de modificar un artigo enteiro é un exemplo de máxima indefinición que conduce, no fin de contas, ao absurdo, porque terán que dicir vostedes qué queren exactamente: suprimilo ou modifícalo substancialmente. Se o que queren é modifícalo, terán que aclarar en que sentido queren que se modifique, cousa que non fan en absoluto nin por asomo.

Teñan en conta que estamos ante un artigo de catro puntos. Os puntos 1 e 2 establecen basicamente que para a planificación e a xestión da nosa costa haberá que tomar en consideración o impacto do cambio climático, algo evidente que non merecería ningún tipo de debate. De feito, non se refiren vostedes, en ningún sitio da súa iniciativa, a eses dous primeiros apartados, que, por outra banda, se remiten á normativa xa existente e aprobada



tamén por gobernos do PP; unicamente se refiren expresamente ás concesións os apartados 3 e 4. O 3 di que se terán en conta na xestión dos títulos no dominio público marítimo-terrestre factores como o estado e a evolución dos ecosistemas, as condicións hidromorfolóxicas climáticas e de dinámica costeira, así como a presión acumulada que soporta cada tramo de costa. Parece obvio que opoñerse a que se teñan en consideración eses factores sería unha tolemia, porque son factores do máis elemental sentido común.

Así que propoñen vostedes a supresión ou modificación dun artigo enteiro, pero refírense exclusivamente —dedúcese, porque tampouco o din— ao apartado 4 deste artigo, o cal me leva a pensar que nin sequera leron vostedes o artigo, porque, se o leran, a súa proposta sería, con total seguridade, a supresión ou modificación do apartado 4, non do artigo enteiro, como están facendo. O artigo 18.4 do Proxecto de lei de cambio climático di que: «*Los plazos de duración de los títulos de ocupación del dominio público marítimo-terrestre se computarán en todo caso desde su otorgamiento e incluirán todas sus prórrogas sin superar los plazos establecidos en la Ley de costas y en la Ley de patrimonio de las administraciones públicas, siendo nulos de pleno derecho los actos administrativos dictados en incumplimiento de lo previsto en este artículo.*» É dicir, algo que non altera en absoluto a lexislación vixente. O único que di o artigo 18.4, que é o que vostedes discuten, aínda que non o digan expresamente, é que os prazos de duración non poden exceder o máximo permitido polas leis anteriores, que vostedes mesmos aprobaron —non nós, vostedes mesmos—, que son setenta e cinco anos, tanto na Lei de patrimonio do Estado do Goberno Aznar como na modificación da Lei de costas por parte do Goberno de Mariano Rajoy. E tamén di que ese prazo de duración de setenta e cinco anos ten que computarse dende o inicio, cousa máis que lóxica e evidente, que ademais é exactamente o que di o artigo 93.3 da Lei de patrimonio do Estado do Goberno Aznar. A partir de aí, falan vostedes de cen empresas potencialmente afectadas e da perda de 2.900 empregos.

Pero logo din que desas 100 son xa 29 as que teñen ou terán problemas coa renovación da súa concesión. Non sei que tal serán vostedes como futurólogos, pero levan dicindo o mesmo un ano, e o que lles podo dicir é que o que era, case con seguridade, o caso máis complicado desde o punto de vista da ocupación do dominio público, que era a piscifactoría da empresa Tres Mares, en Lires, foi recentemente —hai escasos meses— renovado polo Ministerio de Transición Ecolóxica ata o ano 2056. É dicir, o caso máis complexo xa ten prórroga ata o ano 2056; será un deses casos que din que van pechar, o que pon en serias dúbidas a credibilidade das súas predicións e a súa profesionalidade como futurólogos, porque se trata dunha piscifactoría do ano 1969, cando non había democracia e o dereito ambiental non existía neste país, á cal se lle amplía a concesión ata o ano 2056. Eu non sei se estarei neste mundo no ano 2056, agardo que si, obviamente (*Murmurios.*) —permítanme que teña un certo sentido da autoconservación—, (*Risos.*) pero temo que varios dos aquí presentes —non o desexo, pero témoo— non estarán neste mundo no ano 2056. O que si é seguro é que a piscifactoría de Tres Mares poderá seguir estando na súa ubicación ata o ano 2056; un feito que desmente contundentemente, pola vía dos feitos, as súas afirmacións sobre os milleiros de empregos que se van perder e que a sinistra ministra de Transición Ecolóxica se quere cargar. Incluso no ano 2056, a piscifactoría de Tres Mares —por seguir con ese exemplo— poderá solicitar unha nova concesión, e xa veremos —os que aínda esteamos aquí entón—...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.



O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ...se lla dan, pero poder poderá solicitala.

E remato. Non nos opoñemos a que se faga algunha mellora —cousa que, evidentemente, é posible— no artigo 18.4 como, por exemplo, a suxerida polo Consello de Estado: cambiar actos ditados...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ...por actos que se ditén, pero iso ten unha transcendencia ou tería unha transcendencia francamente pequena, como podería argumentar se tivese máis tempo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Arangüena.

Eu espero que no 2056 esteamos todos aquí; é o meu desexo para todos. *(Risos.)* Supoño que compartido.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Pérez Fernández.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Tamén o queres? *(O presidente da Mesa diríxese a un deputado.)* Ben, alégrome. Eu para vostede, tamén, ¡eh! *(Un señor deputado: ¡Eu para vostede, non!).*

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, boa tarde.

Hai apenas dous meses, o 15 de decembro, a Comisión de Pesca aprobaba unha proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego co seguinte texto: «O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a demandar do Goberno do Estado, nomeadamente do Ministerio de Transición Ecolóxica, a supresión de oficio do artigo 18 do actual proxecto de lei de cambio climático, así como a consensuar co sector mar--industria galego calquera modificación da Lei de costas no referido á vixencia das concesións administrativas asentadas á beira do mar».

Polo que se ve, o Grupo Popular debe pensar que, aprobándoo dúas veces, nos van facer máis caso, porque agora, apenas dous meses despois, presentan unha proposta practicamente idéntica á que presentara o BNG en decembro, salvo, efectivamente, que nós eramos claros e rotundos: ¡supresión! do artigo. Vostedes xa dubidan. Non saben se suprimilo, se modifícalo...; non se sabe o que van facer.



¡É unha mágoa, señorías! É unha mágoa que algunhas cousas as aproben dúas veces ou máis, sobre todo se consisten en demandar a outras administracións, e outras cousas, normalmente as referidas ás actuacións que ten que levar a cabo a Xunta, non as aproben nunca. ¡É unha mágoa! (*Aplausos.*)

E nós xa dicíamos daquela que o proxecto de lei de cambio climático —que, xusto agora, efectivamente, está na fase de debate de emendas parciais— causou e segue a causar unha preocupación no tecido mar-industria do noso país; un sector que é fundamental en Galiza —xa quedou dito— e que, ademais, representa en xeral —jen xeral!— unha actividade sostíbel.

O recollido neste artigo 18 do proxecto de lei representa, de facto, unha modificación da Lei de costas e provoca unha importante... Vostede di así e eu digo así. (*Un señor deputado nega coa cabeza e a señora Pérez Fernández afirma tamén coa cabeza.*) ¡Pois a ver quen gaña, porque eu digo así! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*A señora Pérez Fernández volve facer coa cabeza o xesto de afirmar.*) ¡Claro!, pero voullo demostrar, ¡voullo demostrar!

Repito, o recollido no artigo 18 do proxecto de lei representa, de facto, unha modificación da Lei de costas e provoca unha importante discrepancia entre a visión da cadea mar-industria e a do propio Ministerio sobre a alteración da vixencia das concesións administrativas asentadas á beira do mar.

O peso estratéxico desas industrias para a economía galega, tanto en número de empregos como en importancia socioeconómica, require de certezas e require da máxima seguridade xurídica para potenciar o valor da cadea do sector marítimo-alimentario, que dificilmente tería alternativa nas comarcas onde está asentada; e, dende logo, antes de calquera modificación —dixémolo dende o primeiro momento— necesita diálogo co conxunto dos afectados. Precisamente, esa relevancia social, laboral e económica das empresas ubicadas no litoral e o seu rexeitamento á modificación de costas, vía proxecto de lei de cambio climático, foi o que obrigou o propio Ministerio a emitir un comunicado no pasado mes de xuño, comprometéndose a contar co sector galego na reforma da Lei de costas. Mais ese compromiso esvaeuse co tempo e, sobre todo, esvaeuse coas distintas manifestacións públicas dos responsábeis directos ou indirectos do proxecto de lei. Crearon máis confusión, máis inseguridade, máis temor e máis preocupación en todo este tempo e, dende logo, efectivamente, o propio Ministerio e os seus colaboradores contaron coa inestimábel colaboración da propia Xunta de Galiza, que transmitiu en todo este tempo a súa propia versión sobre o proxecto de lei a través de datos que nada teñen que ver coa realidade e mesturando intencionadamente o que recolle a lexislación vixente sobre concesións administrativas en dominio público marítimo-terrestre para o sector mar-industria —mesturando, digo— con outras actividades e instalacións que, por suposto, o Partido Popular quere manter nas rías, nomeadamente na ría de Pontevedra.

A postura do BNG foi sempre a mesma:

Primeiro. O proxecto de lei de cambio climático non é o lugar para regular a duración das concesións. Debería facerse na normativa específica, na de costas, pois a duplicidade de leis non vén axustada e é, como estamos vendo, un foco de problemas.



Segundo. Defendemos que as empresas que precisan do mar —¡as que precisan do mar!— continúen en dominio público marítimo-terrestre, mais hai que distinguir as que o necesitan das que non o necesitan; e aí, efectivamente, hai que comezar por mudar cousas. Señora Egerique, ¡non son milleiros! —xa llo dixen na Comisión—, ¡non son milleiros!

Terceiro. A confusión non é nova, a confusión vén creada, precisamente —xa se fixo aquí algunha alusión—, pola modificación da Lei de costas de 1988 que o Partido Popular levou a cabo no Estado no ano 2013, e que creou a figura das prórrogas extraordinarias; unhas prórrogas que aumentaban as ampliacións xa previstas na concesión e que, na maioría dos casos, entre a inicial e as ampliacións podían acadar unha media de trinta anos; estendíase, nesa modificación, ata un máximo de setenta e cinco.

E, claro, nada máis aprobarse a Lei 2/2013, de modificación da Lei de costas do 1988, comezaron a solicitarse as prórrogas extraordinarias e comezaron a chegar de Madrid resolucións con ata corenta anos de ampliación, comezando a contar —¡comezando a contar!— dende que se solicitaban. Nalgúns casos até me atrevería a afirmar que xa nin o solicitaban, dependendo de quen fose, porque Rajoy, magnanimamente, xa llelas concedía —Rajoy hoxe xa con problemas moito maiores que a modificación da Lei de costas—. (Aplausos.)

A chegada de Isabel Tejerina ao Ministerio de Pesca no ano 2014 e, efectivamente, o Regulamento desa modificación da Lei de costas cambiou o criterio, e as resolucións comezaron a chegar con ata corenta anos de ampliación, pero contando dende a concesión orixinal —¡dende a concesión orixinal!—.

Cuarto. O BNG presentou emendas a este proxecto de lei no Congreso, propoñendo que, no caso famoso do artigo 18, se suprima; non que se suprima ou se modifique, ou que miren a ver, ou que lle dean outra volta; non, que se suprima.

Quinto. Para nós o problema fundamental é que as competencias da lexislación en relación coa costa seguen a estar en secaño, e iso fai que teñamos que aturar unha normativa que só ten o obxectivo de uniformizar todos os territorios e que non ten en conta a realidade social, económica e ambiental do noso país.

O exemplo máis evidente aínda está vivo —¿verdade?— na propia modificación da Lei de costas, e é a situación dos núcleos tradicionais costeiros, que seguen a estar afectados.

Sexto. A modificación que se pretende dá por feito que calquera actividade que se realiza na costa é nociva, porque entende —esa proposta— que todos os territorios son iguais.

Sétimo. Señor Arangüena, o propio Consello de Estado —non o BNG— estimou que no apartado 3 do artigo 18 que se propón —e leo textualmente—: «*Sería conveniente su inclusión en la Ley de costas.*» Se lo leo en castellano para que me entenda xa perfectamente e non haxa lugar a ningunha dúbida: «*Sería conveniente su inclusión en la Ley de costas.*» (Murmurios.) Non, non, léoo como o escribiu o Consello de Estado. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)



E sobre o apartado 4, señor Arangüena, o propio Consello de Estado admite que non é claro —agora permítame— e que fixa un criterio diferente ao establecido pola Lei de costas, e por iso —e agora é textual—: «Conviría introducir os cambios na normativa de costas, levando a cabo as modificacións que se estimen pertinentes na Lei 2/2013, co fin de evitar que a superposición de distintas normas reguladoras suscite dúbidas interpretativas contrarias á seguridade xurídica». Consello de Estado *dixit*.

Ben, en definitiva, o Goberno do Estado debera atender o sector; debera entender que a costa de todo o Estado español non é igual; e debera tomar boa nota do ditame do Consello de Estado.

E vostedes, señores e señoras do Partido Popular, sería moito máis interesante que en vez de copiar as iniciativas dos demais, e incluso diluílas, se atrevesen, dunha vez por todas, a solicitar do Estado as competencias relativas ao dominio público marítimo-terrestre. ¡Moito mellor nos iría! ¡Moitísimo mellor nos iría!

Moitísimas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pérez.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Entendo que, para o Partido Socialista, antes Sánchez e despois Galicia. Segue nas súas.

Señora Pérez, esta PNL rexistrámola en setembro e traémola hoxe ao Pleno. Xa dixen na miña exposición de motivos, na primeira intervención, que a traíamos porque, despois de decembro, non se fixo nada e estamos xa ás portas da aprobación desa lei.

O señor Arangüena fala de que non me entendo de nada, como é moi común, como sempre di nas súas intervencións. Non me ofende, sempre o digo. Non me ofende en absoluto. Faime vostede durante dez minutos unha intervención moi correcta sobre o dereito, sobre a Lei de costas, añorando os anos 80 do Partido Socialista —que xa non existe, agora está o Partido Socialista de Sánchez, ¡que lle imos facer!—. E vostede fala, ademais, da nosa proposición non de lei, pero eu fállolle tamén das emendas presentadas á lei no Congreso dos Deputados. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E pode vostede consultar na *web* do Congreso dos Deputados e ver exactamente o que presentou o Grupo Parlamentario Popular, e saber se se solicita a modificación do artigo 3 e 4, se se solicita a eliminación do artigo 18... Nós pedimos que se modifique o artigo 18 nos puntos 3 e 4, como dixen eu. Vostede pode consultar exactamente a emenda e lela. Ademais, ¿vai decidilo aquí?

Nós queremos que dende Galicia apoiemos todos esta decisión conxunta... *(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor Arangüena, déixeme falar, por favor.



Digo que pode vostede consultar a emenda e saber exactamente o que se solicita e o que pasou. Vostede fáleme dun exemplo concreto dunha industria que está renovando a súa concesión antes de que se aprobe esa lei. *(Aplausos.) (O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Polo tanto, non ten ningún problema en facelo antes de que se modifique esa lei, por suposto que si, antes de que se modifique a lei. *(Aplausos.)*

Non me faga vostede labirintos para intentar confundirnos agora no que estamos solicitando, que o temos clarísimo. Como dixen, dende abril de 2019 está clarísimo. ¡Benvido o Bloque Nacionalista!, ¡benvido a esta petición! Porque falaban de que nós o que iamos facer sería meter medo. Dígoo claramente, señora Pérez. Nesta tribuna e neste Parlamento falouse de que era fundamental facer esa modificación por Ence. Claramente, vostedes quixeron legislar e quixeron facer unha modificación no regulamento fixados e obsesionados con Ence. E o que montaron foi un lío monumental coa cadea mar-industria. *(Aplausos.)* O que montaron foi un lío monumental. *(Aplausos.)*

Iso si que é demagogia. Ninguén dubida de que hai que actuar contra o cambio climático e en favor dunha transición enerxética. Pero isto trátase máis dunha lei —como digo— de «traizón» enerxética, de traizón a Galicia, exactamente. Eu pónolle un exemplo. ¿Vostede coñece o caso de Paquito, en Boiro? Ten unha infraestrutura pola que vai estar obrigada a modificar absolutamente toda a súa forma de traballar, cos custos que ten, co cambio nos seus empregos. Fale con eles, e interpretando a lei. Porque son os seus xuristas e os seus asesores os que llelo din, non llelo dicimos os deputados do Partido Popular. Son os propios asesores da cadea mar-industria e os xuristas que tratan estes temas os que din que van ter moitísimos problemas e que no futuro non van poder traballar como o están facendo agora. E todo por un artigo nunha lei de cambio de climático, para modificar pola porta de atrás esa Lei de costas. Exactamente, señor Arangüena, pode vostede dar-me todas as clases de dereito que vostede queira, pero exactamente é iso. *(Aplausos.)*

E agora nós confirmamos, ademais, que estabamos no certo —coma sempre— cando dicíamos que non se paralizaba a intención de modificar o regulamento con aquel real decreto. Non se paralizou. Agora métese na Lei de cambio climático. E a ministra Ribera e o seu ministerio faloron de paralización da reforma do Regulamento da Lei de costas e enganaron, ademais, aos seus propios alcaldes e voceiros do Partido Socialista neses concellos costeiros; que, ¡a ver!, teñen que sumarse a eles, porque eles opinan exactamente o mesmo que estamos dicindo nós e que está dicindo o Bloque Nacionalista Galego, que hai que retirar ese artigo da lei porque, se non, vai ser totalmente letal e nocivo para a nosa cadea mar-industria.

Este é outro pau na roda da industria galega —como dixen antes, señor Arangüena—. Primeiro é Sánchez e despois é Galicia. É así co sector enerxético, coa automoción... E coa cadea mar-industria estamos na mesma con ese ministerio que nos vai facer moito dano en Galicia.

A norma esta pode levar por diante unha cadea que, ademais —como dixen—, vai ben, que está traballando, soportou a pandemia, mantén milleiros —si, milleiros— de familias nos concellos costeiros de Galicia, e que é un pilar fundamental para a nosa economía e para a nosa subsistencia. Polo tanto, recapaciten e díganlles en Madrid aos deputados do Partido



Socialista e ao seu goberno de Sánchez e Podemos que retiren ese artigo da Lei de cambio climático. Apoiemos todos esta iniciativa e que se note que dende Galicia defendemos Galicia e que, señor Arangüena, non defendemos directamente a Sánchez.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Egerique.

Pasamos ao seguinte punto, ao punto 4.2.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre a presentación polo Goberno galego, antes do remate do segundo período de sesións de 2020, dun plan de actuación e reactivación cultural para o ano 2021

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e outra emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a presentar, no primeiro trimestre deste ano e logo dunha avaliación pormenorizada do “Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19”, un novo plan de reactivación cultural dialogado con todo o sector, que como mínimo duplique os fondos asignados ao de 2020 e que inclúa novos recursos e estableza axudas directas.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Mercedes Queixas Zas, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Propónse a modificación da parte resolutiva, que quedaría redactada da seguinte forma:

«O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a presentar en dous meses un plan de acción e reactivación cultural para 2021, dialogado con todo o sector, que como mínimo duplique os fondos asignados ao de 2020, que estableza axudas directas que garantan liñas de apoio ao mantemento das estruturas profesionais culturais e poña en marcha axudas de apoio aos creadores e creadoras.»)



O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo, señoras e señores deputados.

Hoxe quería comezar a miña intervención agradecéndolle moi sinceramente ao conselleiro de Cultura, Román Rodríguez —é unha mágoa que xa non estea aquí—, ese encontro que tivo este sábado na Cidade da Cultura co presidente da Real Academia Galega, coa presidenta do Consello da Cultura Galega e co presidente da Real Academia Galega de Belas Artes. Máis que nada porque, en realidade, despois desa nota de prensa que se lanzou aos medios, entendo que hoxe por fin esta PNL sobre a cultura galega vai ser aprobada. Entendo que vai ser así. Dende logo, entendo que vostedes van votar afirmativamente a todo isto, máis que nada polo que vou explicar agora mesmo.

O conselleiro afirmaba este sábado que xa estaba todo previsto para a nosa cultura, todo previsto: que se vai ampliar o alcance do Plan de reactivación da cultura cunha nova inxección de 23 millóns neste primeiro trimestre —é o que pedimos nós—, que lanzarán novas liñas de apoio aos profesionais —é o que pedimos nós—, que activarán iniciativas para a captación de fondos europeos que inclúan un *hub* de industrias creativas —no fondo tamén o pedimos—, e que están previstas reunións con distintos axentes sectoriais —tamén o pedimos nós—. Din tamén nesa nota de prensa que o Goberno galego no ámbito cultural fixo tantos esforzos que puxo en marcha miles de iniciativas —¡miles!—, que reprogramou espectáculos —si, claro, nada que non fixesen outras administracións, todo hai que dicilo—, que promoveu a cultura segura —claro, facendo gala dunha certa incoherencia, porque falar de que a cultura é segura e despois pechar os espazos culturais non casa en realidade demasiado ben, tendo en conta que ademais é das poucas ou a única comunidade que mantén pechados os espazos culturais—.

E xa para non seguir avanzando na nota de prensa da consellaría, máis que nada para non facerlle un *spoiler* ao voceiro do Partido Popular, remato subliñando dese anuncio deste sábado que agora anuncian claramente que ese plan de reactivación cultural —deixeino alí, tiña que telo aquí— (A señora Díaz Varela indica coa man desde a tribuna o lugar do seu escano no salón de sesións.) remataba o 31 de decembro de 2020. ¡Claramente, claramente! E agora resulta que é «un plan vivo e dinámico que entra nunha nova fase», un plan vivo e dinámico que entra nunha nova fase.

Por certo, tamén hai que aclarar unha cuestión, e é que din que ese plan destinaba para a cultura 26 millóns. E nós temos que repetirlles que non, que os 26 millóns eran para o sector cultural, o turístico e o Xacobeo. Para cultura eran exactamente 10,6 millóns. Despois din que se ampliou un pouco orzamentariamente, pero a realidade é que eran 10,6 millóns.

A pesar do xa avanzado pola consellaría esta fin de semana —como dicimos—, nós queremos explicar igualmente a nosa PNL —que, como vemos, é máis que oportuna— e tamén matizar algúns aspectos. O que solicitamos con ela é celeridade —porque imos tarde xa—, recursos —máis recursos—, diálogo co sector, avaliación e planificación.



E comezamos polo último. Falamos de planificación porque a realidade é que dá a sensación de que o Goberno nesta cuestión está traballando con bastante improvisación. E tememos que esta estratexia acabe en despilfarro de recursos. E ¿por que o dicimos? Porque calquera plan que se prece debería ser avaliado para comprobar que, efectivamente, as medidas implementadas deron o resultado agardado e que por iso é necesario continuar con elas. E, pola contra, se houbo medidas que non obtiveron os resultados agardados, haberá nese caso que destinar eses recursos a outras novas. Iso ¿como se fai? Iso faise cun proceso serio e rigoroso de avaliación e tamén consultando o sector, a industria, os creadores e as creadoras. Lembremos que este plan, cando se presentou —hai pouco menos dun ano— non foi ben recibido por ningunha entidade do sector galego. Todo o contrario, o que recibiu foi unha clamorosa contestación pública. Por iso a nós nos sorprende que falen de continuación dun plan, porque aínda non sabemos o que funcionou e o que non.

Entón, as preguntas son: ¿falamos dun novo plan?, ¿mantemos o que había? E no caso de mantelo, por exemplo, ¿que pasa?, ¿que pasa, por exemplo, coa danza e as artes do movemento —as grandes esquecidas nese plan no ano pasado—? ¿Hai xa medidas previstas ou teremos que agardar —e o xoves levámolo á Comisión— ao Plan integral da danza? A todo isto é ao que nos referimos cando falamos de improvisación e falla de planificación, eivas que se unen á falla previa dunha diagnose necesaria.

Falamos tamén de recursos. Teñamos en conta que vostedes falan de que neste primeiro trimestre do ano poñerán en marcha accións por valor de 23 millóns de euros. Lóxico, se o orzamento da Consellería de Cultura para todo o ano son cerca de 90 millóns de euros e dividimos o ano en catro trimestres —que son os que ten—, boten contas. Nós non falamos diso. Nós falamos dunha cousa moi diferente, que é duplicar recursos, o que supón achegar 20 millóns —probablemente máis de 20 millóns—. Pero entendemos que estes deben ser extraordinarios, millóns extraordinarios, e non as receitas de sempre con novos nomes, que é o que aconteceu o pasado ano. Porque, claro, ¿serían capaces vostedes de cuantificar orzamentariamente o custo das novas medidas pensadas *ad hoc* para esta crise —xustamente esas, as extraordinarias, non as que teñen un novo nome pero que son as mesmas—? Eu estou segura de que non.

Pasamos ás axudas directas. Cando reclamamos medidas extraordinarias que inclúan axudas directas para a cultura non nos referimos a esas axudas a autónomos das que vostedes falan e que propoñen vostedes, senón a axudas para cubrir gastos xerais relacionados coas perdas pola covid-19. Hoxe mesmo a consellaría informaba de que inxectara 2,2 millóns a máis de mil profesionais da cultura. Claro, pero é que na mesma información xa advertía de que en todos os casos se trataba de titulares autónomos, de negocios ou establecementos do sector.

Estráñanos, e moito, ese descoñecemento do sector. Primeiro, porque hai que ter en conta as súas particularidades. Segundo, porque, coma outros —coma a hostalaría ou o turismo—, non están a sufrir só as consecuencias da crise, senón que son damnificados directos xa que, por razóns sanitarias, se lles impediu traballar —algo que non imos discutir aquí, pero a cuestión é que se lles impediu traballar—. Terceiro —e o que é máis importante—, porque o noso tecido cultural está formado por un gran número de traballadoras e traballadores, creadores e creadoras, suxeitos a unha gran —grandísima— estacionalidade e temporalidade.



dade que fai que non poidan cumprir eses requisitos das súas axudas. A cuestión é que non as cumpren, pero comer tamén queren. (*Aplausos.*)

Reclamamos, desta maneira, axudas directas ao xeito do que se fixo con outros sectores ou noutros territorios, como, por exemplo, en Cataluña, onde si houbo axudas directas aos traballadores e ás traballadoras culturais; ou tamén se abriron liñas, por exemplo, de seguros de suspensión de funcións. Do que se trata é de asegurar a pervivencia desas estruturas culturais que hoxe temos —e dos seus traballadores e traballadoras— para, unha vez que superemos esta crise sanitaria, atoparnos cun escenario moi semellante ao que tiñamos ata agora. Isto do que falamos volveron advertírllelo recentemente as actrices e os actores galegos, que critican que ese plan de reactivación se dirixía unicamente a empresas pero que non os tivo en conta a eles; ou mesmo Nova Escena Galega, que hai uns días solicitaba axudas directas para que as compañías non teñan que seguir endebedándose por causa das continuas suspensións e adiamentos —sempre sometidos a unha terrible incerteza—.

Sentimos ser tan repetitivas, é así. Pero, claro, teremos que selo ata que isto se solucione. Por favor, dialoguen co sector para avaliar as medidas extraordinarias que se puxeron en marcha e para advertir novas necesidades. E, a partir de aí, evidentemente, vostedes terán que decidir. Para iso teñen o mandato do pobo. Pero descubran quen foi atinado e quen non foi atinado. ¿As novas liñas abertas tiveron efecto? Hai que sabelo. Das múltiples xuntanzas que mantivemos nós coa xente do mundo da cultura soubemos que algunha si, e esas teñen que continuar, pero tamén soubemos doutras que non. ¿A Xunta tamén o sabe? Porque entón non se entende esa continuación dese plan.

Tampouco se sabe nada aínda do Xacobeo, o gran merlo branco da Xunta de Galicia para o sector cultural. A crise na cultura desaparecería ao chegar o ano 2021. Todo estaba fiado a un magno acontecemento que xa non vai ser o previsto. Xa o advertimos. ¿E agora que? ¿Que facemos agora?

A directora de Turismo de Galicia, a señora Nava Castro, afirmaba recentemente que teñen que cambiar de plans. ¿En serio?, ¿teñen que cambiar de plans? ¿De verdade non contemplaban que a crise sanitaria duraría tamén durante o ano 2021 e teñen que cambiar de plans? ¿Non había plan «b»? ¿non estaba nada previsto?

Deben adaptar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Por favor, silencio, que eu non os interrompín. (*Aplausos.*)

O que nós pedimos é que adapten todos os fondos dedicados a iniciativas que formaban parte do Xacobeo 2021 e que os reorienten cara a novas propostas. Non reprogramen só para os meses vindeiros, porque iso significaría que van saturar un calendario e que non solucionará ningún problema, moi ao contrario.

En definitiva —e xa remato—, o que pretendemos con esta proposición non de lei é que o Goberno galego se comprometa claramente coa industria cultural e creativa do noso país concretando neste primeiro trimestre as medidas extraordinarias para desenvolver durante todo o ano, que deben responder ás necesidades reais dun sector exhausto e sen expectativas;



coa duplicación deses 10,6 millóns do ano 2020 incluíndo novos recursos —e cando dicimos «novos» son aqueles que substitúan os que se demostraron ineficaces—; e, dende logo, habilitando unha liña de axudas específicas.

Polo de agora, nada máis.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Díaz.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Queixas Zas.

A señora QUEIXAS ZAS: Beizón, señor presidente.

Moi boa tarde.

Señorías, xa podemos ficar tranquilas. O Ano Santo obrou a primeira milagre. E, como nun exercicio de teletransportación divina, esta produciuse grazas á interlocución da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Eu tamén quero compartir a boa nova que xa anunciaba a señora Díaz e que viamos este sábado pasado guiados por esa estrela fugada, que non fugaz, da bóveda celestial de San Caetano: a inxección á cultura. De momento —iso si— temos que dicir que é apenas un anuncio, máis nada. Ou si, algo máis: un anuncio e mais unha foto, unha foto institucional que en absoluto representa a interlocución cos axentes e cos sectores culturais, moi benvida, por suposto, mais entendemos que en absoluto suficiente. Porque a credibilidade deste anuncio, exposto no escaparate da Consellería de Cultura, chegará a ser certa cando se vista realmente co traxe do diálogo co sector —diálogo directo— e se traslade ademais a quen lle dá a veracidade, a realidade máis veraz, que é a que está publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Porque a cultura non precisa anuncios, non necesita xa ningún anuncio. O que necesita son compromisos de verdade por parte do Goberno galego, adecuados a unha situación de dificultade extrema que está a vivir, primeiro, polo impacto da pandemia —obvio— e, a maiores, pola inacción do Goberno. O anuncio, curiosamente —sorprendeunos bastante—, apenas tivo repercusión informativa na prensa. Cativo foi o esforzo nesta ocasión por acherregar esa información tan importante á sociedade e, sobre todo, aos axentes e aos sectores implicados, cos que, de novo —e, por certo, contrastámolo nestes días—, ninguén da Consellaría contactou. É outra proba máis da irrelevancia á que someten o seu contido —a cultura, en definitiva— así como do reiterado afastamento das formas propias da cultura do diálogo.

Á vista da cuestionada xestión da actual campaña de vacinación en plena pandemia a cargo da Xunta, non sabemos se esa inxección que di o titular será a auténtica vacina que necesitan os sectores culturais galegos, nin tampouco se será inoculada por vía cutánea, oral ou mus-



cular. Evidentemente saben que isto non é baladí, porque ben sabemos que unha ou outra escolla ten unha maior capacidade de actuación, de intervención e de resolución da doenza. A cultura galega precisa xa, dunha vez, con carácter urxente, unha inxección dun verdadeiro plan de rescate directo, transversal, eficiente e eficaz para asegurar o seu futuro. Dixémolo reiteradamente no Grupo Parlamentario do BNG nesta Cámara, e polo de agora temos que concluír que aínda non chegou —a piques, por certo, de se cumprir o primeiro ano dende o inicio da pandemia—.

Permítanme facer unha rápida entrada no buscador da memoria recente do labor desenvolvido neste sentido polo noso grupo parlamentario nesta Cámara.

Dixémolo xa no pleno do 20 de outubro lembrando as propostas recollidas xa en 2018, antes da pandemia, na diagnose da cultura galega que elaborou o Consello da Cultura Galega, na que propoñía, por exemplo, incrementar o orzamento público ata o 1 % nos catro anos seguintes —estamos chegando ao límite— para ilo ascendendo ata o 1,5 % nos dez anos seguintes. É un obxectivo —dicía esta diagnose do Consello da Cultura— congruente e coherente coas achegas do sector cultural ao emprego e ao PIB de Galiza.

Nese mesmo pleno lembramos os datos do barómetro da cultura galega, que acababa de publicar tamén o Consello da Cultura Galega, referido ao mes de xullo, despois de analizar esa primeira vaga da pandemia e no que alertaba do grave impacto da crise da covid-19, que colocou a cultura —di— «nun contexto de loita pola propia supervivencia». Daquela requiríamolos a tomar conciencia da vitalidade, da diversidade e tamén da especificidade da nosa cultura. Demandamos desta Cámara a declaración da cultura como ben de primeira necesidade, apoiando unha primeira iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista. Propuxemos ir máis aló e desenvolver políticas públicas específicas de apoio aos creadores e creadoras —a ese proceso de creación que sempre está absolutamente relegado do pensamento deste goberno— e tamén, por suposto, ao conxunto dos sectores profesionais da cultura galega, ao mantemento fundamental das estruturas das nosas empresas culturais. E tamén os convidamos a solicitar ao Estado español —algo que lles gusta moito— a redución do IVE cultural do 10 % ao 4 %. Non foi posíbel contar co voto positivo do Partido Popular.

O 25 de novembro volvemos a esta Cámara a interpelar ao Goberno —xa oito meses despois do comezo da pandemia—, pois o sector cultural seguía a non estar presente na estratexia prioritaria do camiño da reactivación cultural. O Consello da Cultura publicaba tamén naquela altura a conxuntura estatística do ámbito cultural —no mes de outubro—, e concluía que para o sector cultural se prevía que nos próximos meses —e estamos neles— o impacto ía ser moito máis severo que para o conxunto da economía. Aínda outra vez, no pasado mes de decembro, pechando o primeiro período de sesións, volvemos traer a esta Cámara unha moción propositiva —nove meses despois da pandemia—, coa pandemia e coas consecuencias da pandemia ás costas, que só facían multiplicar os interrogantes sobre os sectores culturais, que pesaban como lousas. E presentabamos nesa moción 11 propostas básicas para responder cun plan de reactivación e impulso cultural que garantise o dereito á cultura, para atender, en definitiva, o que viñan sendo as demandas do sector nun tempo de máxima urxencia, segundo recollimos dos comparecentes do sector —reiterarémolo sempre máis unha vez— na Comisión para a Reactivación Económica, Social e Cultural. Mais tampouco



lles pareceu nada importante o que dixeron os comparecentes e que recolleu o Bloque Nacionalista Galego naquela moción. E o voto do Partido Popular volveu ser negativo. O voto negativo a esta moción do BNG, como a todo o espírito propositivo en materia cultural, é sempre un veto propositado á cultura por parte do Partido Popular.

Recordo un convite e uns interrogantes que nos deixaba un dos comparecentes nesta Comisión de Reactivación, Carlos Ares: «¿Por que non facer desta lexislatura a do coidado, a da reactivación da nosa cultura e das súas traballadoras e traballadores?». Evidentemente, foi un convite frustrado rapidamente coa aprobación dos orzamentos da Xunta de Galiza, onde vimos que apenas medraban do 0,63 % ao 0,68 %, moi lonxe aínda dese 1 % que dende o ano 2018 nos leva demandando o Consello da Cultura Galega.

Estamos diante dunha consellería cun incremento por debaixo da media e onde, como era esperable, o maior índice de gasto e de investimento se repercute en educación. É un proxecto, ademais, que presenta unha inercia absolutamente rutineira, unha falta de impulso enorme —co que iso significa a respecto da incapacidade de anticipación e de dar resposta que axude a compensar o gravísimo impacto que a pandemia está a ter nos sectores culturais—, que mesmo está xa a inviabilizar o seu futuro. Gábanse, no entanto, no Goberno e na Consellería dun acrecentamento moi importante orzamentario para a Agadic, para a Axencia Galega de Industriais Culturais. Pero aínda non foron quen no día de hoxe de explicar, nin aos sectores nin a esta Cámara, a que van dirixir nin máis nin menos que 9,6 millóns de euros dos fondos REACT-EU.

A resposta realmente tivémola dunha forma moi áxil nas propias partidas orzamentarias. A maioría, 6 millóns deses 9,6 millóns de euros, van ao capítulo, ¡como non!, de obras. Apoio á dinamización do sector da construción, si. Desde logo o que non vemos é apoio directo aos sectores culturais galegos. ¿Onde está esa capacidade da Agadic de actuar conforme os seus fins, principios e funcións para vertebrar, para soste, o tecido empresarial, cultural, industrial?

Cabería pensar que este anuncio do pasado sábado é consecuencia da avaliación dese plan de reactivación que naquel momento, o ano pasado, era cultural e turístico, non o esquezamos. Mais non nos consta, aínda que xa o pedimos... —e de feito, no pleno de decembro a deputada señora Egerique dixo que non había aínda en marcha ningún plan de avaliación porque aínda non rematara a súa aplicación, que remataba en 31 de decembro—. Non nos consta, por tanto, que haxa ningunha avaliación feita para ese plan de reactivación. E, desde logo, non queremos crer que dean por asumida unha avaliación con ese paupérrimo informe de dúas diapositivas —realmente catro, porque unha é portada e a outra é contraportada— que nos entregaron para traballar na comisión de reactivación. É dicir, nada positivo nin nada esclarecedor podemos deducir desta actuación.

E ben, de súpeto pensan que todo isto pode desaparecer, por arte de encantamento dun titular improvisado, cun anuncio que actúe como espellismo en pleno deserto cultural. E, por certo, xa lles avanzamos que tamén facemos o esforzo de pensar que a cronoloxía desta nova, coincidente con este pleno ou con este punto da orde do día, responde á casualidade, non a unha causalidade propositada.



Rematamos xa revisitando a lectura do seu discreto anuncio e verificamos a feliz coincidencia nel de varias das iniciativas xa rexistradas polo BNG nos últimos meses. Obrigadas dende o BNG por recoñecer a súa falta de liderado e incapacidade seguindo de preto, moi de preto, o noso traballo, así como a necesidade e a utilidade das nosas propostas. Pero é que lles aseguro que non son nosas, non o imos crer. Son as propostas que directamente trae o sector, por iso urxe que as atendan. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: Finalmente, concordamos coa proposta resolutiva do Grupo Socialista nesta PNL —tamén xa emendada—. Agradecemos que se incorpore a emenda —polo tanto, fica transaccionada—, porque para nós era moi importante que se incorporasen esas dúas axudas de apoio directo ao proceso creativo —é dicir, ao creador, á creadora, ao autor, á autora— así como ao mantemento das estruturas profesionais culturais.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: Remato xa, señor presidente.

Por favor, señores da Consellería, póñanse man á obra porque no BNG estamos moi atentas á pantalla, e para cumpriren ese primeiro prazo que anuncian do primeiro trimestre do seu anuncio xa van algo xustas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Non vaia ser que se perda esa dose da vacina anunciada tan imprescindible para a cultura e se vaia inxectar noutros sectores.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Rodeiro Tato.

O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, moi boas tardes a todos e a todas.

A verdade é que non estaría de máis que o Partido Socialista de Galicia lle tivese solicitado un plan de reactivación ao Goberno central no momento en que todos os sectores profesionais o demandaban, cando, ademais, o demandaban con urxencia. E, efectivamente, fronte a esa inacción, a esa lentitude do Goberno central, Galicia foi a primeira comunidade autónoma de España en poñer en marcha un plan de reactivación para os sectores culturais. Galicia xa ten un plan de reactivación cultural —cun investimento, ata este momento, de 26



millóns de euros— a través do que se desenvolveron arredor de 4.500 accións concretas. O contexto actual non é o mesmo que se daba cando se pensou e elaborou o plan de reactivación para os sectores culturais. Polo tanto, non se poden empregar as mesmas ferramentas nin as mesmas fórmulas para esa iniciativa.

A Xunta vén de trasladar os novos plans de apoio ao sector cultural para este trimestre —que ben pensei que, a raíz desa reunión e da intervención da señora Díaz, ían retirar esta PNL—. Polo tanto, ese plan amplía o alcance do plan de reactivación cunha nova inxección de 23 millóns de euros para o primeiro trimestre do ano 2021. E a conta non se pode facer do orzamento total da consellería, sumando gastos correntes, para despois dividir en catro trimestres. Polo tanto, o Partido Socialista volve chegar tarde nas súas solicitudes e, como se acaba de deixar patente, a Xunta continúa apoiando a cultura de xeito incondicional.

Creo que convén facer memoria e recordar cal era o contexto que vivía Galicia e o mundo enteiro cando se comezou a elaborar o plan de reactivación para os sectores culturais de Galicia. España atravesaba o seu primeiro estado de alarma, a poboación vivía nun confinamento estrito e a actividade cultural sufría unha paralización case total. E era unha situación extraordinaria de gran descoñecemento e incerteza na que era preciso dar unha resposta rápida que contribuíse a paliar as necesidades inmediatas de miles de familias galegas vinculadas ao sector cultural.

Neste marco, como dicíamos, Galicia puxo en marcha unha estratexia, unha estratexia de reactivación, unha folla de ruta que foi levada ao Consello da Xunta o 30 de abril, que foi presentada polo Consello da Cultura nesta Cámara e debatida neste Parlamento o 13 de maio, e que foi ampliada con novas medidas no Consello da Xunta o 5 de xuño. En total, como dicíamos, 26,4 millóns de euros —como se puxo de manifesto hoxe e noutras ocasións nesta Cámara—.

A verdade é que diálogo si o houbo; e, ademais, un diálogo constante cos distintos axentes da nosa comunidade, que foron convidados a participar activamente no deseño dese proxecto de reactivación. Tiveron oportunidade de participar todos aqueles axentes culturais que así o quixeron. Polo tanto, este plan, con medidas agrupadas en distintos eixes de actuación, ten obxectivos específicos moi claros: manter o emprego, favorecer o consumo de produtos culturais, impulsar medidas de fomento da creatividade e da produción cultural e reforzar as estruturas, a programación e a distribución.

Todos os galegos somos conscientes do impacto que a crise sanitaria está a ter na economía en xeral e no sector cultural en particular. Por iso é preciso continuar apoiando as nosas industrias creativas. E non debemos esquecer esas 30.000 familias —aproximadamente— que representan o 2,7 do PIB —de acordo cos datos previos á pandemia—. Polo tanto, a cultura é unha parte esencial de nós mesmos como sociedade, que define e forma a nosa propia identidade. O plan de reactivación xa recollía, no momento da súa publicación, unha análise dos posibles efectos da pandemia. Por iso, recentes informes do Consello da Cultura Galega só veñen aportar novos datos sobre as previsións que xa se empregaron como base para construír esta folla de ruta.

Case un ano despois da súa posta en marcha, o balance deste documento deixa unhas cifras moi destacables: máis de 1.200 actividades apoiadas polas redes e programas da Axencia Ga-



lega das Industrias Culturais, Agadic; o impulso de 480 iniciativas do Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 2021; máis dunha decena de actividades realizadas a través de CES-Galicia; apoio a multitude de festivais de teatro e do audiovisual; organización de máis de 700 actividades de dinamización da lectura en bibliotecas públicas; arredor de 192 axudas para empresas e profesionais do sector do libro —librarías, editores, tradución, etc.—; (*Aplausos.*) 50 axudas aos concellos para equipamentos culturais; axudas á creación no ámbito artístico e das galerías de arte; e posta en marcha de actividades formativas nas que participaron máis de 650 persoas; apoio a actuacións en bens do patrimonio cultural como elemento de cohesión social e un longo etcétera ata chegar ás 4.500 accións concretas.

Evidentemente, para poder cumprir coa súa finalidade, o plan, evidentemente, como todos os plans, non pode ser unha foto fixa. Tiña que ser un marco de traballo aberto, e o propio documento xa sinala nas primeiras páxinas a necesidade de implementar medidas específicas e adaptativas. Así, durante todos estes meses, a Xunta de Galicia continuou co seu proceso de diálogo cunha dobre finalidade: coñecer de primeira man as súas novas dificultades e necesidades, e implementar medidas acordes con esas necesidades. Deste xeito, seguíronse lanzando novas liñas de axuda. Sen ir máis lonxe, o pasado 1 de febreiro a Xunta de Galicia publicou unha convocatoria extraordinaria de subvencións para salas de concerto cun investimento de 800.000 euros e co obxectivo de achegar liquidez a estes espazos para que poidan afrontar os efectos económicos e retomar a súa actividade en canto a situación sanitaria o permita.

Pero tamén é importante reseñar outro tipo de iniciativas complementarias ao plan de reactivación, e ás que puideron acceder igualmente os profesionais do ámbito da cultura, como as axudas directas vinculadas ao primeiro plan de rescate impulsado pola Consellería de Emprego —ao que se fixo referencia hoxe e do que acabamos de coñecer os datos—, de 2,2 millóns de euros para autónomos e microempresas dos que se puideron beneficiar máis de mil profesionais. E, ademais, xa está en marcha o segundo plan de rescate cun investimento de 75 millóns de euros.

O contexto actual non é o mesmo que se daba cando se pensou e se elaborou este plan de reactivación para os sectores culturais, e é necesario adoptar medidas actualizadas acordes ás necesidades que os propios profesionais trasladan á Xunta de Galicia. E neste sentido alégrome moito de que lles parecese ben a reunión que mantivo o conselleiro de Cultura nesta fin de semana co presidente da Real Academia Galega, co presidente da Real Academia das Belas Artes e tamén co propio Consello da Cultura galega.

E neste encontro de traballo o Goberno anunciou os novos plans de apoio ao sector cultural para o próximo trimestre, cos que se amplía o alcance do plan de reactivación posto en marcha cunha nova partida de 23 millóns de euros. Buscan seguir protexendo o emprego cultural, incentivar o consumo, apoiar novos formatos e, en definitiva, tratar que a cultura siga.

E a verdade é que o Partido Socialista pide un novo plan de reactivación, pero baixo este contexto volve chegar tarde. En realidade, esta solicitude debeu facerlla ao goberno de Pedro Sánchez hai un ano, hai xustamente un ano, cando todos os sectores profesionais demandaban medidas extremadamente urxentes. E cómpre lembrar que o mesmo mes o ministro de



Cultura do goberno de Sánchez xustificaba a ausencia de medidas concretas para o sector cultural citando a Orson Wells, que dicía: «*Primero la vida y luego el cine*». Eu non sei se os señores do Partido Socialista comparten esta cita. Nese momento Galicia poñía en marcha o seu plan de reactivación cultural. E o Partido Socialista tamén pode facer esta solicitude ao ministro agora mesmo —si, agora mesmo—, porque en xaneiro o ministro facía balance da súa xestión e afirmaba: «*En un año de pandemia es difícil que la cultura sea la protagonista de un país*». Non sei se comparten tamén as palabras do máximo referente para vostedes, do ministro de Cultura. (Aplausos.)

Neste momento, para a Xunta de Galicia a cultura é protagonista, e así se vén acreditando e se está demostrando por ser a primeira comunidade en botar a andar un plan de reactivación. Hai un diálogo constante co sector —e cónstame—e medidas novas que responden ao contexto cambiante e ás necesidades e demandas dos profesionais. Polo tanto, creo que esa inxección de 23 millóns de euros ao plan de reactivación e outras axudas de carácter xeral —como ás que se poden adherir do segundo plan de rescate para os autónomos e as pemes, cuns investimentos de 65 millóns de euros— van contribuír a reforzar, a coidar e a mimar o sector da cultura da nosa comunidade.

Máis nada, señor presidente e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodeiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Por parte do grupo parlamentario autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Eu creo que non me van chegar os cinco minutos para responder, entón non vou responder a todo. Xa me gustaría ter ese tempo.

O primeiro que lles teño que dicir é que, por favor, aterren xa dunha vez. Algo se dicía de «Galicia, Galicia, Galicia». ¡Por favor, aterren un pouco! ¡Deixen xa Madrid, ministros e demais, que estamos aquí! E eu unicamente lles respondía a vostedes. Se quere, despois falamos das declaracións afortunadas ou non afortunadas dun ministro. Se quere, eu podo dicirlllo, e ao mellor ata lle sorprende o que penso. Pero non estamos aquí para falar diso, ¿vale? ¡Que ben fixen en non lle dar máis bula á nota de prensa do sábado! Efectivamente, estaría facendo un *spoiler* da intervención do portavoz do Partido Popular.

Outra cousa á que si lle quero contestar é que, en vez de retirar eu esta proposición, a apoiem. Porque, se finalmente é o mesmo, eu entendo que mañá haberá un voto positivo con respecto a isto.

¿Por que insistimos tanto na cuestión da avaliación? A voceira do BNG xa o dicía. Pero eu quero insistir moitísimo, porque probablemente aquí haxa moita xente... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Pausa.) ¡Perdón!



Probablemente haxa moita xente que non o sabe, pero ese documento de avaliación, ese informe que enviaron para a Comisión de reactivación económica, social e cultural, ese informe que mandou a Consellería para avaliar o Plan de reactivación cultural, quero que o vexan. É este. (*A señora Díaz Varela amosa un documento desde o estrado.*) É esta portada, este folio, outro folio máis e esta contraportada. Este é o informe de avaliación dun plan de 10,6 millóns de euros. (*Aplausos.*) E se isto é serio, despois vostedes xa mo explicarán, xa mo explicarán. Esta é a falta de seriedade para coa cultura deste goberno que temos aquí.

E teño que asegurarlles que foi motivo de risa, de moita risa, alá por onde fomos, contamos e ensinamos a todo o mundo o que supoñía para a Consellería de Cultura ese plan. Por certo, é un plan —vostedes veno aquí: «Informe sobre o estado do Plan de reactivación, do 26 do 11», ¡do 26 do 11!—, do que falan de que ten un grao de execución do 95,5 %. Claro, se está practicamente rematado, digo eu que xa se podería avaliar.

Nós, en realidade, preocupámonos por iso, porque este vergonzoso documento dá conta dun desinterese que, dende o noso punto de vista, pode pór en perigo a nosa cultura. Carece dunha estratexia, dunha estratexia de goberno a curto prazo, e non falemos do longo prazo nin do medio prazo.

Dende logo, se nós presentamos esta PNL é porque a xente da cultura —si, a xente da cultura, señor voceiro do Partido Popular— é a que nos di que non existe esa interlocución, que hai unha carencia de movemento na Consellería, salvando contactos puntuais para tratar cuestións concretas —que si as houbo, pero non para falar desa estratexia sobre o que imos facer con este ano 2021—. E, mentres, a nosa cultura segue agonizando e cada vez está máis cansa. Iso era o que nos confesaban. O que nos comentaban era que, ao longo de todo este tempo, destes últimos meses, están cansos da pouca vontade, das expectativas incumpridas, de brindes ao sol.

¿Que é preciso? ¿Como temos que reconfigurar este ano pandémico —porque vai ser todo o ano así—? Con medidas que fortalezan a industria, que profesionalicen o sector, que internacionalicen os nosos produtos levando así máis aló das nosas fronteiras a nosa cultura e tamén a nosa lingua —que é posible, non teñan complexos—, que protexan o emprego, que apoiem os novos talentos e a creación, que aseguren os eventos —si, que aseguren os eventos, que os reprogramen pero que non se cancelen—, que apoiem a cultura de base —por certo, a cultura de base é o xermolo de todo e está sendo gravemente prexudicada polo peche continuo tamén da súa actividade—, que garantan a seguridade nos espectáculos, que provoquen o aumento do consumo, pero non só do consumo, senón tamén dos hábitos e das prácticas culturais da nosa sociedade —importantísimo—, ou que se preocupen de asesorar a quen pretende emprender na cultura galega. ¡Son moitísimas as medidas que se poden levar a cabo, moitísimas!

Non quixeron entender, como xa se dixo aquí, a cultura como un ben de primeira necesidade. Decidirono vostedes cos seus votos. Vostedes verán cales son ou foron as súas razóns. Pero, ¡por favor!, non deixemos morrer un sector, unha industria, unha actividade, que se demostrou tan esencial neste tempos duros que vivimos. Falamos dun sector que leva vivindo un ano de suspensións, adiamentos e incertezas, ¡moitas incertezas!, e que, como xa dixemos,



padece unha gran vulnerabilidade laboral debido á estacionalidade e á intermitencia da súa actividade.

Remato xa.

Escoita activa, avaliación rigorosa, concreción, celeridade e recursos suficientes, con estes cinco ingredientes confeccionen vostedes agora unha receita que solucione o problema de inanición que está a sufrir nestes momentos a nosa cultura.



Nada máis. Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Díaz.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá. Moitas grazas, a todos.

Suspéndese a sesión ás sete e trinta minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPGzslm6hgoR4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

